



ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO LOCAIS

SECCIÓN I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. A presente Ordenanza Xeral, ditada ao amparo do previsto no artigo 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 6, 7 e 15 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, contén normas comúns, tanto sustantivas como de procedemento, que se considerarán parte integrante das Ordenanzas fiscais e dos Regulamentos Interiores que se poidan ditar relativos á xestión, recadación e inspección dos ingresos de Dereito público municipais.

2. Dítase esta Ordenanza para:

- a) Regular aqueles aspectos procedimentais que poidan mellorar e simplificar a xestión, de posible determinación polo concello.
- b) Regular aqueles aspectos comúns a diversas Ordenanzas fiscais, evitando así a reiteración destes.
- c) Regular as materias que precisan de concreción ou desenvolvemento por parte do concello.
- d) Informar aos cidadáns das normas vixentes así como dos dereitos e garantías dos/as contribuíntes, cuxo coñecemento poida resultar de xeral interese en orde ao correcto cumprimento das obrigas tributarias.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. A presente Ordenanza aplicarase na xestión dos ingresos de Dereito público cuxa titularidade corresponda ao concello, ou aos seus Organismos Autónomos.
2. Esta Ordenanza, así como as Ordenanzas fiscais, obrigarán no termo municipal do Carballiño e aplicaranse de acordo cos principios de residencia efectiva e territorialidade, segundo a natureza do dereito.
3. Por Decreto do alcalde-presidente poderanse ditar disposicións interpretativas e aclaratorias desta Ordenanza e das Ordenanzas reguladoras de cada exacción.

SECCIÓN II. PROCEDEMENTO

Artigo 3. Aspectos xerais

1. A tramitación dos expedientes estará guiada polos criterios de racionalidade e eficacia, procurando así mesmo simplificar os trámites que debe realizar o cidadán.



2. O alcalde-presidente poderá delegar o exercicio de competencias e a firma de resolucións administrativas, salvo que legalmente se prohibira tal delegación.

Artigo 4. Comunicaci3ns informativas

1. Os diferentes servizos do Concello informarán aos contribuíntes que o soliciten dos criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria.

As solicitudes formuladas verbalmente, se responderán de igual forma.

Nos casos en que a solicitude se formulara por escrito, procurarase que o/a contribuínte exprese con claridade os antecedentes e circunstancias do caso, así como as dúbidas que lle suscite a normativa tributaria aplicable.

2. Se a solicitude de información se refire a unha cuestión regulamentada nas Ordenanzas, ou en Circulares municipais internas, ou ben se trata dunha cuestión cuxa resposta se deduce indubitablemente da normativa vixente, o Servizo receptor da consulta poderá formular a resposta.

Para garantir a confidencialidade da información, se requerirá do/a contribuínte a súa debida identificación e, en todo caso, o N.I.F. Ademais, se se actúa por medio de representante, éste deberá acreditar a súa condición de como tal.

Artigo 5. Acceso a Arquivos

1. Os cidadáns teñen dereito ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e no resto do Ordenamento xurídico.

2. Para que sexa autorizada a consulta será necesario que se formule petición individualizada, especificando os documentos que se desexan consultar.

A consulta deberá ser solicitada polo/a interesado/a e non poderá afectar a intimidade de terceiras persoas. Cando o cumprimento destes requisitos resulte dubidoso para os responsables dos Servizos, será necesario que a Asesoría Xurídica, de selo caso, informe sobre a procedencia da consulta e valore que estes documentos non conteñen datos referentes á intimidade de persoas diferentes do consultante.

Artigo 6. Dereito á obtención de copia de documentos que obren no expediente

1. As peticións de copias deberán realizarse polo/a contribuínte ou o/a seu/súa representante, por escrito.



Procurarase poñer a disposición dos/as contribuíntes o uso dunha máquina fotocopiadora que, previo pagamento, permita a obtención de fotocopias. En tanto non se dispoña desta máquina, os órganos municipais proporcionarán estas copias cos seus propios medios.

Quen se relacione coas Administracións Públicas a través de medios electrónicos, entenderase cumprida a obriga do Concello de facilitar copias dos documentos contidos nos procedementos mediante a posta a disposición das mesmas no Punto de Acceso Xeral electrónico deste Concello ou nas sedes electrónicas que correspondan.

2. A obtención de copias facilitadas polo Concello requerirá o pagamento previo da taxa establecida por expedición e reprodución de documentos.

3. Cando as necesidades do servizo o permitan, cumprimentarase a petición do/a contribuínte no mesmo día. Se se trata dun número elevado de copias, ou cando outro feito impida cumprir o prazo anterior, informarase ao/á solicitante da data en que poderanse recoller as copias solicitadas. Salvo circunstancias excepcionais, este prazo non excederá de dez días naturais.

O momento para solicitar copias é o prazo durante o que se concedeu trámite de audiencia.

4. Por dilixencia incorporada no expediente farase constar o número de folios dos cuais se expediu copia e a súa recepción polo contribuínte.

5. Os contribuíntes non terán dereito a obter copia de aqueles documentos que figurando no expediente afecten a intereses de terceiros, ou á intimidade doutras persoas. A resolución que denegue a solicitude de copia de documentos obrantes no expediente deberá motivarse.

Cando se suscite algunha dúbida en relación cos anteriores extremos, consultarase ao/á Xefe/a da Asesoría Xurídica, ou á Secretaría no seu defecto.

Artigo 7. Identificación dos responsables da tramitación dos procedementos

As solicitudes dos contribuíntes relativas á identificación dos responsables da tramitación ou resolución dos procedementos dirixiranse á Alcaldía.

A responsabilidade das diferentes áreas funcionais corresponde aos órganos e servizos municipais segundo a distribución establecida nesta Ordenanza.

Artigo 8. Alegacións e trámite de audiencia ao/á interesado/a

1. Cando os/as contribuíntes formulen alegacións e presenten documentos antes do trámite de audiencia, teranse en conta uns e outros ao redactar a correspondente proposta de resolución, facéndose expresa mención da circunstancia da súa aportación nos antecedentes desta.



2. Nos procedementos de inspección, darase audiencia ao/á interesado/a nos termos previstos no Regulamento xeral da inspección dos tributos.

No procedemento de recadación, darase audiencia en aquelas actuacións en que así se prevea no Regulamento xeral de recadación.

No procedemento de xestión, darase trámite de audiencia cando, para a adopción da resolución administrativa, se teñan en conta feitos ou datos diferentes dos aportados por outras Administracións ou polo/a interesado/a.

3. Especialmente, poderase prescindir do trámite de audiencia cando se trate de rectificar meros erros aritméticos deducidos dos feitos e documentos presentados polo/a contribuínte, así como nos supostos de liquidación das recargas dos artigos 27 e 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Nas resolucións ditadas en aqueles procedementos nos que non resultara necesario trámite de audiencia, farase constar o motivo legal da súa non realización.

Con carácter xeral, o prazo de audiencia será de dez días.

Os interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Artigo 9. Rexistros.

1. O concello disporá dun Rexistro Electrónico Xeneral, no que se fará o correspondinte asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo, Organismo público ou Entidade vinculado ou dependente a estes. Tamén poderanse anotar no mesmo, a saída dos documentos oficiais dirixidos a outros órganos ou particulares.

O Rexistro Electrónico Xeral funcionará como un portal que facilitará o acceso aos rexistros electrónicos de cada Organismo. Tanto o Rexistro Electrónico Xeral de cada Administración como os rexistros electrónicos de cada Organismo cumprirán coas garantías e medidas de seguridade previstas na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Na sede electrónica de acceso a cada rexistro figurará a relación actualizada de trámites que poden iniciarse no mesmo.

2. Os asentos anotaranse respectando o orden temporal de recepción ou saída dos documentos, e indicarán a data do día en que se produzan. Concluído o trámite de rexistro, os documentos serán cursados sen dilación aos seus destinatarios e ás unidades administrativas correspondentes dende o rexistro en que fosen recibidas.

3. O rexistro electrónico garantirá a constancia, en cada asento que se practique, dun número, epígrafe expresivo da súa natureza, data e hora da súa presentación, identificación do interesado, órgano administrativo remitente, se procede, e persoa ou órgano



administrativo ao que se envía, e, no seu caso, referencia ao contido do documento que se rexistra. Para elo, emitirase automaticamente un recibo consistente nunha copia autenticada do documento de que se trate, incluíndo a data e hora de presentación e o número de entrada de rexistro, así como un recibo acreditativo doutros documentos que, no seu caso, o acompañen, que garanten a integridade e o non repudio dos mesmos.

4. Os documentos que os interesados dirixan ao Concello poderán presentarse:

a) No rexistro electrónico do Concello do Carballiño, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1. da Lei 39/2015.

b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

d) Na oficina de asistencia en materia de rexistro.

e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

5. Os documentos presentados de maneira presencial, deberán ser dixitalizados, de acordo co previsto no artigo 27 da Lei 39/2015 y demais normativa aplicable, pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que foi presentada para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais ao interesado, sen prexuízo daqueles supostos en que a norma determine a custodia pola Administración dos documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación de obxectos ou de documentos nun soporte específico non susceptibles de dixitalización.

Reglamentariamente, o Concello do Carballiño poderá establecer a obriga de presentar determinados documentos por medios electrónicos para certos procedementos e colectivos de persoas físicas que, por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

6. Cando, por aplicación das Ordenanzas fiscais, se tivera que satisfacer algunha taxa con motivo da presentación de solicitudes e escritos dirixidos á Administración, a cota correspondente poderase pagar nas oficinas municipais, no momento de presentación daqueles. Así mesmo, poderase satisfacer a taxa por transferencia bancaria ordenada a favor do concello, no número de conta que este estableza. Nestes últimos casos, deberase acompañar ao documento rexistrado, o comprobante de ter efectuado o ingreso.

7. Non se terán por presentados no rexistro aqueles documentos e información cuxo réxime especial estableza outra forma de presentación.



8. A oficina de asistencia en materia de rexistro estará aberta de luns a venres, en horario de 08:00h a 14:30h, garantindo o dereito dos interesados a ser asistidos no uso de medios electrónicos.

Artigo10. Cómputo de prazos

1. Salvo que por Lei ou n o Dereito da Unión Europea se dispoña outro cómputo, cando os prazos se sinalen por horas, enténdese que estas son hábiles. Son hábiles todas as horas do día que formen parte dun día hábil.

Os prazos expresados por horas contaránse de hora en hora e de minuto en minuto dende a hora e minuto en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate e non poderán ter unha duración superior a vinte e catro horas, en cuxo caso expresaranse en días.

2. Sempre que por Lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

Cando los prazos se sinalasen por días naturais por declaralo así unha lei ou polo Dereito da Unión Europea, farase constar esta circunstancia nas correspondentes notificacións.

3. Os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou dende o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.

4. Si el prazo se fixa en meses ou anos, estes computaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou dende o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.

O prazo concluirá o mesmo día en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes ou o ano de vencemento. Se no mes de vencemento non houbera día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

5. Cando o último día del prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

6. Cando un día fose hábil no municipio ou Comunidade Autónoma en que residise o interesado, e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa, considerarase inhábil en todo caso.

7. A declaración dun día como hábil ou inhábil a efectos de cómputo de prazos non determina por si sola o funcionamento dos centros de traballo das Administracións Públicas, a organización do tempo de traballo ou o réxime de xornada e horarios das mesmas.



8. Salvo precepto en contrario, poderá concederse de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

9. A ampliación dos prazos polo tempo máximo permitido aplicarase en todo caso aos procedementos tramitados polas misións diplomáticas e oficinas consulares, así como a aqueles que, sustanciándose no interior, esixan cumprimentar algún trámite no estranxeiro ou nos que interveñan interesados residentes fóra de España.

10. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

11. Cando una incidencia técnica impossibilitase o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, e ata que se solucione o problema, o Administración concello poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida como a ampliación concreta do prazo non vencido.

Artigo 10 bis. Cómputo de prazos nos rexistros

O rexistro electrónico do Concello do Carballiño rexerese a efectos de cómputo dos prazos, pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que deberá contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar de modo accesible e visible.

O funcionamento do rexistro electrónico rexerese polas seguintes regras:

a) Permitirá a presentación de documentos todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

b) Aos efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles, e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados, a presentación nun día inhábil entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte salvo que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil.

Os documentos consideraranse presentados polo orden de hora efectiva no que o foron no día inhábil. Os documentos presentados no día inhábil reputaranse anteriores, segundo o mesmo orden, aos que o foron o primeiro día hábil posterior.



c) O inicio do cómputo dos prazos que haxan de cumprir as Administracións Públicas virá determinado pola data e hora de presentación no rexistro electrónico de cada Administración ou Organismo. En todo caso, a data e hora efectiva de inicio do cómputo de prazos deberá ser comunicada a quen presentou o documento.

Artigo 11. Tramitación de expedientes

1. Dos escritos que se presenten nas oficinas municipais, os/as interesados/as poderán esixir o correspondente recibo, admitíndose como tal unha copia na que figura a data de presentación.
2. Se as solicitudes non reúnen todos os requisitos esixidos pola normativa vixente, requirirase ao/á interesado/a para que no prazo de dez días subsane as anomalías, con indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución de órgano competente, que deberá ser notificada ao/á interesado/a.
3. Ordenarase a acumulación de procedementos que entre sí garden identidade sustancial ou íntima conexión. Contra esta acumulación non caberá recurso algún.
4. Na resolución de expedientes de natureza homoxénea, observarase o orde rigurosa de incoación.

Artigo 12. Obriga de resolver, motivación e prazo

1. O concello está obrigado a resolver todas as cuestións que se formulen nos procedementos tributarios. Exceptúase dito deber de resolver expresamente nos casos seguintes:
 - Nos procedementos relativos ao exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación.
 - Cando se produza a caducidade, a perda sobrevenida do obxecto do procedemento, a renuncia ou o desestimento dos/as interesados/as.
2. O prazo máximo de duración dos procedementos será de seis meses, salvo a normativa aplicable que fixe un prazo distinto.
3. Sinálase en concreto os seguintes prazos, de interese particular:
 - a) O recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, resolverase no prazo dun mes. Cando no recaera resolución en prazo, entenderase desestimada a solicitude.
 - b) A concesión de beneficios fiscais nos tributos locais resolverase no prazo máximo de seis meses. Se neste prazo non recaera resolución, entenderase desestimada a solicitude.



SECCIÓN I I. NORMAS SOBRE XESTIÓN

Procederáse á anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións correspondentes a recursos de dereito público da facenda local das que resulte unha débeda pendente de recadar por importe que resulte antieconómico, **para as que teñan un importe inferior a 5,00€.**

SUBSECCIÓN I. DE CRÉDITOS TRIBUTARIOS

CAPÍTULO I. DE VENCIMENTO PERIÓDICO

Artigo 13. Imposto sobre bens inmobles

1. O padrón fiscal do Imposto sobre bens inmobles elaborárase en base ao padrón catastral formado pola Xerencia Territorial do Catastro, ao que se incorporarán as alteracións consecuencia de feitos ou actos coñecidos por esta.
2. As variacións de orde física, económica ou xurídica que se produzan nos bens gravados terán efectividade dende o día primeiro do ano seguinte, podendo incorporarse no padrón correspondente a este período ditas variacións se das mesmas non se derivou modificación da base imponible.
3. Cando se coñeza da realización de construcións sobre un ben inmovible e se notifique o novo valor catastral nun exercicio posterior ao da súa conclusión, dito valor terá efectividade dende o inicio do ano natural inmediatamente seguinte ao do fin das obras.

En consecuencia, o concello liquidará o Imposto sobre bens inmobles correspondente aos exercicios seguintes ao de finalización da construción, en base ao valor catastral asignado ao solo e construción, conforme á comunicación presentada e regularizada pola Xerencia Territorial do Catastro.

4. A liquidación comprenderá un período que se iniciará no ano seguinte a aquel en que concluíron as obras e acabará no presente exercicio, sempre que dito período non sexa superior ao prazo de prescrición. Se tal período excede do prazo de prescrición, só se liquidará o IBI correspondente aos anos non prescritos.
5. A base liquidable determinarase aplicando as reducións legais, cuxa coantía será fixada e comunicada pola Xerencia Territorial do Catastro.
6. O Concello facilitará aos Notarios, Rexistradores da Propiedade e a quen aleguen un interese lexítimo, polo medio máis rápido posible, certificación das débedas pendentes por IBI, correspondentes ao ben que se desexa transmitir.



Todo isto, en orde a informar sobre o alcance da responsabilidade dimante do previsto no artigo 64 do Real decreto legislativo 2/2004.

7. A efectos de determinar as cotas tributarias que deben figurar no padrón, aplicaranse os tipos impositivos aprobados polo concello e, no seu caso, o coeficiente de actualización de valores catastrais aprobado por Lei de orzamentos xerais do Estado. Non será preciso proceder á notificación individualizada de tales modificacións posto que as mesmas proceden da Ordenanza fiscal regulamentariamente tramitada e dunha Lei estatal de xeral e obrigatoria aplicación.

8. Constitúe o feito imponible do imposto, segundo as especificacións que figuran no art. 61 do RDL 2/2004, a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos aos que se atopen afectos.
- b) dun dereito real de superficie.
- c) dun dereito real de usufruto.
- d) do dereito de propiedade

9. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeneral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No caso de bens inmobles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia nun ou en varios/as concesionarios/as, cada un deles serao pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción directamente vinculada a cada concesión. Sen prexuízo do deber dos/as concesionarios/as de formalizar as declaracións a que se refire o artigo 76 desta Lei, o ente ou organismo público ao que se ache afectado ou adscrito o inmovible ou aquel a cuxo cargo se encontre a súa administración e xestión, estará obrigado a subministrar anualmente ao Ministerio de Economía e Facenda a información relativa ás devanditas concesións nos termos e demais condicións que se determinen por orde. Para esa mesma clase de inmobles, cando o/a propietario/a teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto deste o ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo anterior, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. As Administracións Públicas e os entes ou organismos a que se refire o apartado anterior repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda nos que, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniales ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión. Para tal



efecto a cota repercutible determinarase en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

10. As exencións virán reguladas segundo o disposto no artigo 62 do RDL 2/2004 e serán as seguintes:

De oficio (artigo 62.1):

A) *Bens inmobles de titularidade pública afectos a servizos de seguridade cidadana, educativos, penitenciarios e defensa nacional.*

- elemento obxectivo: afectación dos bens a servizos públicos:
 - seguridade cidadana: comisarías, casas-cuartel da Garda Civil, etc.
 - defensa nacional: cuarteles, campamentos, etc.
 - servizos educativos: colexios, institutos.
 - servizos penitenciarios.
- elemento subxectivo: titularidade: Estado, CC.AA. e entidades locais.

Non gozarán de exención os organismos autónomos ou empresas dependentes.

B) *Bens comunais e montes vecinais en man común.*

Bens comunais propiedade dos concellos e o seu aproveitamento realizase polo común dos/as veciños/as. Este beneficio aplicase nos supostos de aproveitamento por un terceiro mediante contraprestación destes bens, toda vez que os bens comunais son necesariamente bens de dominio público, e tal condición, no suposto de non ser cedidos a un terceiro, determina a non suxección destes bens por virtude do disposto no artigo 61.5 do RDL 2/2004.

Montes veciñais en man común, de acordo coa Ley 55/1980, son montes de natureza especial que, con independencia da súa orixen, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas e veñen aproveitándose consuetudinariamente en man común polos membros daquelas na súa condición de veciños/as. A citada lei dispón que os montes veciñais en man común non están suxeitos a contribución algunha.

C) *Bens inmobles da Igrexa Católica e doutras asociacións confesionais.*

Nos termos previstos no Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre Asuntos Económicos, do 3 de xaneiro de 1979 e a Orden Ministerial do 24 de setembro de 1985, e, a partir do 31 de decembro de 1992 atópanse en vigor os acordos coas Igrexas Evanxélicas (Lei 24/1992), as Comunidades Israelitas (Lei 25/1992) e a Comisión Islámica de España (Lei 26/1992):



- lugares de culto, a súas dependencias ou edificios e locais anexos destinados ao culto, asistencia relixiosa e residencia de relixiosos, pastores evanxélicos, imanes e dirixentes islámicos.
- localis destinados ás oficinas das igrexas ou comunidades.
- seminarios ou centros destinados á formación de ministros do culto, cando impartan unicamente os ensinamentos propios do seu ministerio.
- xardines, hortas e dependencias de ditos inmobles, salvo as destinadas a industrias ou calquera uso lucrativo.

A exención resultará aplicable só dende a finalización das obras de construción do inmovible que teña dereito á exención, sen que resulte aplicable ao inmovible en construción ou ao solar no que dita construción previsiblemente se realizará.

D) Bens inmobles da Cruz Vermella Española.

A única esixencia desta exención é que o titular sexa a Cruz Vermella, con independencia do seu destino, excluíndose por tanto aqueles que, aínda sendo utilizados por tal institución, non sexa ela a súa titular.

E) Bens inmobles exentos por virtude de convenios ou tratados internacionais; e a condición de reciprocidade, os dos gobernos extranxeiros destinados a súa representación diplomática, consular ou aos seus organismos.

Esixe a titularidade do bien, non incluíndose os que sexan alugados, se exige así mesmo o destino para representación, polo que tampouco se incluírán os que poidesen ser utilizados para fines de vivenda.

F) Montes poblados con especies de crecemento lento.

Regulamentariamente determinadas (anexos 1, 2 y 3 do RD 378/1993, de 12 de marzo), cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arbolado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

G) Terreos ocupados por liña de ferrocarrís e os edificios enclavados nos mesmos terreos.

- Edificios dedicados a estacións, almacenes ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación de ditas liñas.
- Non están exentos: establecementos de hostalaría, espectáculos, comerciais e de esparcemento, as casas destinadas a vivendas dos/as empregados/as, as oficinas da dirección das instalacións febrís.

Deben considerarse incluídos non só as liñas de ferrocarril de superficie senon tamén o ferrocarril subterráneo ("metro"), incluíndose na exención os apeadieros, plataformas ("andenes"), instalacións de sinalización, pasos subterráneos, estacións e subestacións eléctricas, etc.



Delimítase a exención extendéndoa unicamente aos bens indispensables para a prestación do servizo, eliminando todos aqueles nos que non concorre tal circunstancia e que se recollen no parágrafo anterior, debéndose, no caso de estar instalados no mesmo recinto, delimitar a superficie ocupada por cada un deles.

Rogadas (artigo 62.2):

Aplícanse previa demanda ou solicitude dos/as beneficiarios/as. Aplicaranse a partir do exercicio seguinte ao da súa solicitude.

A) Bens inmobles destinados ao ensino concertado

Os bens inmobles que se destinen ao ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ao ensino concertado.

Será obxecto de compensación por parte do Estado, sendo regulamentado polo Real decreto 2187/1995, do 28 de decembro, polo que se determina o alcance e concesión da exención no IBI aos centros educativos e se determina o procedemento para satisfacer as compensacións a favor do Concello. Así gozarán de exención a unidade ou unidades sometidas a tributación por este imposto que se integren nos centros docentes privados afectadas ás actividades de ensino protexibles en réxime de concerto, sempre que:

- manteñan no momento de devengo do tributo a súa condición de centros total ou parcialmente concertados e non fosen privados efectivamente de tal condición por incorrer nalgunha das causas de extinción ou rescisión previstas no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, nin desafectadas as unidades obxecto de exención aos fins de ensino protexible en réxime de concerto.
- ostenten a condición de suxeitos pasivos a efectos do imposto en relación cos edificios ocupados por cada centro de referencia.

A este efecto a titularidade dos bens ou dereitos obxecto da exención debe estar necesariamente vinculada coa finalidade educativa do centro acollido ao correspondente concerto educativo.

Entre as finalidades educativas se comprenderá non só as docentes, senon os servizos complementarios de comedor escolar, de asistencia sanitaria ao/á alumno/a e os demais que sexan declarados de carácter necesario en virtude dunha norma de rango suficiente.

B) Bens integrantes do Patrimonio Histórico Español

Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta desta lei.



Non alcanzará a calesquera clases de bens urbanos ubicados dentro do perímetro dominativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos Históricos, globalmente integrados neles, senon, exclusivamente, aos que reúnan as seguintes condicións.

En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da lei.

En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a 50 anos e estean incluídos no catálogo previsto en el RD 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da lei 16/1985.

En particular, han de entenderse incluídos os seguintes bens:

- . inmobles declarados expresa e individualmente monumento ou xardín cultural mediante real decreto.
- . os calificados de Bens de Interese Cultural.
- . os castelos de España (Decreto de 22 de abril de 1949).
- . monumentos de antigüidade superior a 100 anos protexidos polo Decreto 571/1963, de 14 de marzo.
- . hórreos e cabazos con antigüidade superior a 100 anos protexidos por Decreto 449/1973, de 22 de febreiro.
- . inmobles que formen parte do Patrimonio Nacional e lles sexa de aplicación a Lei de Patrimonio Histórico.
- . inmobles incluídos no perímetro dunha zona arqueolóxica e sexan obxecto de especial protección.
- . inmobles que formen parte de conxuntos ou sitios históricos, con antigüidade superior a 50 anos e sexan obxecto de protección integral.

No estarán exentos os bens inmobles a que se refire esta letra b) cando estean afectos a explotacións económicas, salvo que lles resulte de aplicación algún dos supostos de exención previstos na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, ou que a suxeición ao imposto a título de contribuínte recaia sobre o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais, ou sobre organismos autónomos do Estado ou entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

C) Montes repoblados

A superficie dos montes en que se realicen repoblacións forestais ou rexeneración de masas arboladas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Terán unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.



Non constitúe requisito necesario para o seu otorgamento que os montes repoblados estean necesariamente afectados a un uso público.

Potestativas (artigos 62.4 Real decreto lei 2/2004)

A) Bienes inmuebles de escaso valor.

Por razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, o concello poderá regular esta exención para aqueles benes cuxa cota líquida non supere a coantía que se determine mediante ordenanza fiscal, a este efecto, poderá tomarse en consideración, para os primeiros, a cota agrupada que resulte do previsto no artigo 77.2 da LRHL.

Reguladas en textos legais alleos ao Real decreto lexislativo 2/2004:

A) Entidades sen fins lucrativos.

O artigo 15 da Lei 49/2002, do 24 de novembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao Mecenado, declara que estarán exentos do imposto os bens dos que sexan titulares, nos termos previstos na normativa reguladora das facendas locais, as entidades sen fins lucrativos, agás os afectos a explotacións económicas non exentas do Imposto sobre sociedades.

A aplicación desta exención esixe a concurrencia dos seguintes requisitos:

- A titularidade dunha concesión administrativa sobre os bens inmuebles ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos, ou dun dereito real de superficie, de usufruto ou de propiedade que debe pertencer a entidades sen fins lucrativos, que de acordo co artigo 2 da lei son:
 - fundacións
 - asociacións declaradas de utilidade pública.
 - organizacións non gubernamentais de desenvolvemento a que se refire a Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, sempre que teñan algunha das formas xurídicas a que se refiren os párrafos anteriores.
 - delegacións de fundacións extranxeiras inscritas no Rexistro de Fundacións.
 - federacións deportivas españolas, federacións deportivas territoriais de ámbito autonómico integradas en aquélas, o Comité Olímpico Español e o Comité Paralímpico Español.
 - federacións e asociacións das entidades sen fins lucrativos a que se refieren os párrafos anteriores.



De conformidade co establecido en diversas disposicións adicionais da lei, tamén se aplica a:

- Cruz Vermella Española e Organización Nacional de Cegos Españolas, se cumplan o requisito do último parágrafo do artigo 3.5 da lei (DA 5ª)
 - Obra Pía dos Santos, se se cumplan o requisito do último parágrafo do artigo 3.5 da lei (DA 6ª)
 - fundacións de entidades relixiosas, que poderán optar por este réxime fiscal previsto, se cumplan o requisito do último parágrafo do artigo 3.5 da lei (DA 8ª)
 - Igrexa Católica e as igrexas, confesións, comunidades relixiosas que teñan subscritos acordos de cooperación co Estado español (DA 9ª).
 - Instituto de España e ás reais academias integradas no mesmo, así como ás institucións das CC.AA. con lingua oficial propia que teñan fins análogos aos da Real Academia Española (DA 10ª).
 - entidades benéficas de construción constituídas ao amparo da Lei do 15 de xullo de 1994, que poderán optar por este réxime fiscal que cumplan os requisitos establecidos na normativa propia reguladora destas entidades, se atopen debidamente inscritas no rexistro correspondente da Administración central ou autonómica, e cumplan o requisito establecido no último parágrafo do número 5.º do artigo 3 da lei, sempre que cumplan certos requisitos (DA 13ª).
- Os bens inmobles non deben estar afectos a explotacións económicas que non estean exentas do Imposto de sociedades.
 - Estas entidades deben cumprir os requisitos esixidos no Título II da lei, que lles concede a exención no Imposto de Sociedades.
 - A aplicación das exención previstas no artigo 15 está condicionada a que se comuniquen ao Concello do Carballiño o exercicio no que optaron pola aplicación do réxime fiscal especial contemplado nesta lei.

11. Recoñécense das bonificacións seguintes no termo municipal do Carballiño, dentro do marco que a lei autoriza:

A) Unha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto, sempre que así o soliciten os interesados antes do inicio das obras, para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

Aplicase a estas empresas tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta. Non resulta de aplicación a unha comunidade de propietarios por no ser unha empresa de construción o promoción inmobiliaria stricto sensu e non dedicarse con habitualidade a tales fins.

Este beneficio fiscal presenta as seguintes características:



- Debe ser solicitada, ineludiblemente, antes do comienzo das obras, de tal sorte que se non se fai así perdería o dereito ao dereito ao seu disfrute.
- Alcanza a todas as empresas urbanizadoras, construtoras e promotoras que sexan titulares dos bens inmobles obxecto das correspondentes obras e que os devanditos bens non figuren nos inmobles do seu inmovilizado.
- Inclúense as obras de rehabilitación dos inmobles equiparables á obra nova (art.º 20 da Lei do IVE: aquelas que teñen por obxecto a reconstrución das edificacións mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras análogas).
- O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende ou período impositivo seguinte a aquel non que se inicien ás obras ata o posterior á terminación das mesma, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

B) Unha bonificación do 25% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos situados en asentamentos de poboación con preeminencia de actividades agrícolas, gandeira, forestais ou análogas, cun nivel de servizos inferior ao das áreas ou zonas consolidadas do termo municipal, polo que se aplicará os bens situados fóra do núcleo urbano en non pertencentes ás parroquias de Arcos, Señorín, Torrón, Toscaña e Mesego. Esta bonificación ten carácter rogado e aplicarase cando o contribuínte non resulte beneficiario doutro tipo de bonificación.

C) Unha bonificación da cota íntegra do imposto da vivenda habitual a favor dos suxeitos pasivos que teñan a condición de titulares de familia numerosa, que se regula da seguinte forma:

- nº de fillos; renda anual; bonificación
- 5 ou máis; <16.000 euros; 50%
- 4; <15.000 euros; 30%
- 3; <14.000 euros; 20%

Esta bonificación terá carácter rogado, mediante solicitude debidamente documentada co título de familia numerosa e acreditación da renda familiar, e aplicarase cando o contribuínte non resulte beneficiario doutro tipo de bonificacións.

D) Vivendas de protección oficial (73.2)

- A porcentaxe é do 50 por 100.
- A súa duración é de tres anos, contados dende o exercicio seguinte ao outorgamento da cualificación definitiva.
- Aplícase tanto a vivendas de protección oficial como ás equiparables a estas de acordo coa normativa das comunidades autónomas.
- Concédese a petición do interesado, que poderá instala en calquera momento anterior á finalización do beneficio, pero só producirá efectos dende o exercicio seguinte a aquel en que se solicite.



E) Bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra (73.3)

Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra e, se é o caso, da recarga do imposto a que se refire o artigo 153 da presente lei, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990 do 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

A Lei 20/1990 regula esta bonificación nos seguintes termos:

- Comprende todos os bens rústicos destas cooperativas.
- É de carácter rogado, pois os concellos que deben outorgala necesitan coñecer previamente polos interesados que os bens rústicos pertencen ás cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra.
- Aplícase dende que se dan as condicións necesarias para o seu desfrute e non dende que se solicite, de maneira que, se a solicitude de efectúa despois da data en que se produzan as devanditas condicións, o recoñecemento do beneficio fiscal terá eficacia retroactiva ao devandito momento.
- Comprende tamén a recarga regulada no artigo 153.1.a), que poden establecer as áreas metropolitanas.
- A contía é do 95 por 100.
- Poden gozala as cooperativas agrarias (art.º 9 da Lei 20/1990) e as cooperativas de explotación comunitaria da terra (art.º 10), que non perdan a condición de tales polas causas reguladas no artigo 13 da devandita lei. Tamén poden gozar deste beneficio fiscal as entidades que sinalen as Leis de Cooperativas das comunidades autónomas con competencia nesta materia.

F) Vivendas de protección oficial.

Esta bonificación, regulada no artigo 73.2, establecéndose que as VPO unha vez transcorridos os tres anos dende a cualificación definitiva das vivendas gozarán dunha bonificación do **25 por 100** da cota íntegra durane os **dous seguintes exercicios**. Trátase dunha extensión da bonificación obrigatoria recollida no punto D).

Concédese a petición do interesado, que poderá instala en calquera momento anterior á finalización do beneficio, pero só producirá efectos dende o exercicio seguinte a aquel en que se solicite.



G) Recoñécese para este imposto o beneficio fiscal previsto no artigo 10 da Lei reguladora das facendas locais, de non esixencia de xuros de mora nos acordos de aprazamento e fraccionamento de pagamento que se soliciten en período voluntario.

H) Cando un mesmo contribuínte teña máis dunha bonificación e exista incompatibilidade entre elas, o contribuínte elixirá a que desexe que se lle aplique.

I) Segundo o disposto no artigo 29.7 desta OX, o concello poderá conceder unha bonificación de ata o 5 por 100 da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien o Imposto de bens inmobles nunha entidade financeira, que virá regulada na súa Ordenanza fiscal específica.

10. As bonificacións aplicaranse conforme ao establecido nos artigos 29 e 30 desta Ordenanza Xeral e ao disposto na Ordenanza específica deste tributo.

Artigo 14. Imposto sobre vehículos de tracción mecánica

1. O feito imponible aparece regulado no artigo 92.2 do Real decreto legislativo 2/2004, e está constituído pola titularidade dos vehículos desta natureza (de tracción mecánica), aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

Este elemento esencial, está integrado por dous elementos distintos, un subxectivo e outro obxectivo.

Elemento subxectivo

O elemento subxectivo está constituído pola “titularidade” dos vehículos aptos para circular polas vías públicas. Así, o feito imponible só realizarase respecto de quen sexa o titular do vehículo.

A determinación do titular do vehículo a realiza a propia lei ao regular o suxeito pasivo do imposto (artigo 94), tal que debe entenderse por titular a persoa a cuxo nome figure o vehículo no permiso de circulación do mesmo.

Elemento obxectivo

Este elemento está constituído polos vehículos de tracción mecánica aptos para circular polas vías públicas.

A delimitación do elemento obxectivo se leva a cabo dende dous perspectivas distintas:

a) en primer lugar, mediante a definición, a efectos do imposto, do concepto de vehículo apto para circular polas vías públicas.



O apartado segundo do artigo 92 dispón que *“Considérase vehículo apto para a circulación o que fose sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentras non causara baixa nos mesmos. Áo efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporaos e matrícula turística”*.

Á vista de todo isto, teñen a consideración de vehículos, a efectos do imposto, os seguintes:

1º. Os matriculados no rexistro público correspondente, mentras non causen baixa no mesmo. Este Rexistro de Vehículos levarase a cabo pola Xefatura de Tráfico segundo a lexislación vixente. Este rexistro está encaminado á identificación do titular do vehículo, ao coñecemento das características técnicas do mesmo e da súa aptitude para circular e á comprobación das inspeccións técnicas, entre outras.

2º. O provistos dun permiso temporal de circulación, aínda que non se atopen matriculados en ningún rexistro, segundo regula o Regulamento xeral de vehículos.

3º. Os que dispoñan de matrícula turística, aínda que non consten en ningún rexistro, conforme ao regulado no Regulamento xeral de vehículos.

Así, o vehículos nos que non concurra algunha das tres circunstancias reseñadas carecen da consideración de vehículos a efectos do imposto, tal que o feito impositivo deste non se realiza respecto dos mesmos.

b) En segundo lugar, mediante a especificación das distintas clases e categorías de vehículos, para o cálculo da cota tributaria.

2 Será suxeito pasivo do imposto a persoa física ou xurídica ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

A configuración do devengo (o imposto devengarase o primeiro día do período impositivo, coincidindo éste co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición do vehículo, que comezará o primeiro día en que se produza dita adquisición) e os suxeitos pasivos do IVTM determina, nos supostos de cambio de titularidade dos vehículos, que o/a único/a obrigado/a ao pagamento do imposto será a persoa ou entidade que, a data de devengo, figure no permiso de circulación do vehículo. Polo que resulta que, en aqueles casos nos que se tivera transmitido materialmente a titularidade do vehículo pero non se tivera realizado formalmente o cambio de nome no permiso de circulación, o/a obrigado/a ao pagamento do IVTM será a persoa a cuxo nome figura o vehículo no permiso e non o titular material do mesmo.

3 O padrón fiscal do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica formarase en base ao padrón do ano anterior, incorporando as altas e os efectos doutras modificacións (transferencias, cambios de domicilio, baixas e rematriculacións) formalizadas no exercicio inmediatamente anterior.



4. A efectos de determinar as tarifas a que se refire o artigo 95 do Real decreto legislativo 2/2004, considerarase potencia do vehículo a resultante de aplicar a fórmula establecida no Anexo V do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.

a. Para obter a débeda tributaria que constará no padrón, sobre as tarifas citadas no punto anterior aplicarase o coeficiente de incremento aprobado na Ordenanza fiscal, que poderá ser diferente para as diversas clases de vehículos.

b. Non será preciso proceder á notificación individualizada das modificacións orixinadas por variación do coeficiente de incremento, ou do cuadro de tarifas, xa que as mesmas proceden da Ordenanza fiscal regulamentariamente tramitada e dunha Lei estatal de xeral e obrigatoria aplicación.

c. Nos supostos de primeiras adquisicións de vehículos o imposto esixirase en réxime de liquidacións. Igualmente, esixirase o imposto neste réxime no suposto de rehabilitación dun vehículo, cando ésta se realice en exercicios posteriores ao de tramitación da correspondente baixa. O ingreso poderase efectuar nas oficinas municipais ou nas entidades bancarias colaboradoras que se especifique por parte do Servizo de Recadación.

d. O impreso para presentar a autoliquidación facilitarase nas mencionadas oficinas municipais.

e. Co fin de actualizar e mellorar o padrón deste imposto e de que o/a contribuínte non sexa prexudicado/a por modificacións relativas a baixas ou transferencias dos vehículos dos que son propietarios, deberán dirixirse ao concello mediante unha solicitude onde se especifique que se modificaron os datos no Rexistro Provincial de Tráfico, achegando copia do xustificante da baixa ou da transferencia daquel.

10 As únicas exencións aplicables a este imposto son as especificadas no artigo 93 do Real decreto legislativo 2/2004, e se concretan nas seguintes:

A) exención a favor dos vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, adscritos á defensa nacional ou a seguridade cidadana.

Esta exención só alcanza aos vehículos oficiais cuxa titularidade corresponda ao Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais; a exención non alcanza aos vehículos cuxa titularidade corresponda aos Organismos Autónomos do Concello ou a outras persoas xurídicas dependentes deste concello.

Alcanza só aos vehículos especificamente adscritos a unha das dúas finalidades, debendo a Entidade respectiva satisfacer a cota correspondente ao IVTM aos que non cumpran as dúas condicións.

B) exención a favor dos vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares e organismos internacionais.



Será aplicable sempre que sexa a favor dos vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado, e tamén establécese a favor dos vehículos de organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

C) exención a favor dos vehículos respecto das cales así derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

D) exención a favor das ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria e ao traslado de feridos ou enfermos.

F) exención a favor dos vehículos para persoas de mobilidade reducida, e os matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo.

No son aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente. Para poder aplicar as exencións, os/as interesados/as deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio, así como a documentación do vehículo obxecto da exención.

Documentación á aportar xunto coa solicitude:

- *certificado do grao de minusvalía ou incapacidade permanente (artigos 1 a 4 do Real decreto lexislativo 1/2013, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social).*
- fotocopia do permiso de conducir ao seu nome, de selo caso.
- fotocopia do permiso de circulación a nome da persoa con minusvalía.
- fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- declaración de uso exclusivo do vehículo.
- declaración da persoa afectada pola minusvalía de que conduce o vehículo para o que solicita a exención ou de que o conduce un terceiro para o seu transporte.
- declaración do/a interesado/a de que non goza de exención para outro vehículo.
- fotocopia do seguro do vehículo na que conste que o titular e do/a conductor/a e recibo vixente.
- Fotocopia do NIF da persoa afectada pola minusvalía e do/a conductor/a habitual no caso do vehículo fose conducido por persoa distinta a aquela.

Consideranse, a estes efectos, persoas con minusvalía quenes teñan esta condición legal en grado igual ou superior ao 33%.

O/A interesado/a deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo ante o Concello do Carballiño.



Entendéndose que sexa uso exclusivo segundo a definición que deu a Dirección Xeral de Tráfico na que sostén que “*uso exclusivo*” non esixe que o minusválido conduza o vehículo, senon que estea sempre a bordo deste, con independencia de que o conduza outra persoa.

Aplicaranse a partir do exercicio seguinte ao da súa solicitude.

G) exención a favor de remolques, semirremolques e maquinaria provista da Cartilla de Inspección Agrícola.

Para cuxa efectividade só requírese que o tractor, remolque ou semirremolque esté provisto da Cartilla de Inspección Agrícola, con independencia de quen sexa o/a titular do vehículo.

Para poder gozar desta exención, os/as interesados/as deberán solicitarla ao concello indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa da exención, que neste caso será a posesión da Cartilla de Inspección Agrícola, debendo o concello, en caso de concesión da exención, estender un documento acreditativo da mesma.

Aplicaranse a partir do exercicio seguinte ao da súa solicitude.

11. Bonificacións:

- Terán unha bonificación do 50% da cota do IVTM os vehículos históricos, que non foran dados de baixa nos rexistros de vehículos, que dispoñan de permiso de circular polas vías públicas unicamente con ocasión de asistencia e participación en exposicións e certámenes de vehículos destas características, que contaran co correspondente permiso de Industria que os califique como tales.

E aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Para poder gozar desta bonificación os/as interesados/as deberán instar a súa concesión presentando a documentación que acredite o dereito a mesma (permiso de circulación, ficha técnica ou ITV na que se faga constar estas características).

- As bonificacións aplicaranse conforme ao establecido nos artigos 29 e 30 desta Ordenanza Xeral e ao disposto na Ordenanza específica deste tributo.

- Segundo o disposto no artigo 29.7 desta OX, o concello poderá conceder unha bonificación de ata o 5 por 100 da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien o Imposto de vehículos de tracción mecánica nunha entidade financeira, que virá regulada na súa Ordenanza fiscal específica.

Artigo 15. Imposto sobre actividades económicas



1. O padrón fiscal do Imposto sobre actividades económicas elaborárase en base á matrícula de contribuíntes formada pola Administración Estatal, incorporando as alteracións consecuencia de feitos ou actos coñecidos polo Concello e nos termos convidados coa AEAT.

2. Sobre as cotas mínimas, fixadas pola Administración Estatal, aplicaranse o coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, e o coeficiente de situación, establecido segundo unha escala de coeficientes que pondere a situación física do local dentro do termo municipal atendendo á categoría da rúa en que radique, aprobado polo Concello ao amparo do que autorizan os artigos 84 a 87 do Real decreto legislativo 2/2004.

3. As variacións na cota tributaria orixinadas por modificación dos coeficientes referidos no punto anterior, ou por variación das tarifas do imposto aprobadas por Lei de orzamentos xerais do Estado, non precisarán de notificación individualizada, xa que as mesmas proceden da Ordenanza Fiscal regulamentariamente tramitada e dunha Lei estatal de xeral e obrigatoria aplicación.

4. Serán suxeitos pasivos do imposto as persoas físicas ou xurídicas ou as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito impositivo, regulado no artigo 78 do Real decreto legislativo 2/2004.

5. O período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de declaracións de alta, en cuxo caso abarcará a data de comenzo da actividade ata o final do ano natural. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, salvo, cando, nos casos de declaración de alta, o día de comenzo da actividade non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas calcúranse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o de comenzo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas ratearanse por trimestres naturais. Neste caso, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións ailladas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presentar as correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

6. O imposto xestiónase a partir da matrícula deste, e estará constituída polo censo de actividades económicas comprendidas, suxeito pasivo, cotas mínimas e recarga provincial.

A formación da matrícula do imposto, a calificación das actividades económicas, o señalamiento das cotas correspondentes e, en xeral, a xestión censal do tributo poderán ser delegadas ao Concello, nos termos que regulamentariamente se estableza. Tamén poderán delegarse no concello a inspección do imposto, nos termos que se dispoña polo Ministro de Facenda.



7. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria deste imposto levarase a cabo polo Concello.

8. En todo caso o coñecemento das reclamacións que se interpoñan contra os actos de xestión censal ditados pola Administración tributaria do Estado a que se refire os apartados anteriores, así como os actos de igual natureza ditados en virtude da delegación, corresponderá aos Tribunales económico-administrativos do Estado.

9. Os puspostos de non suxeición e exencións ateranse ao regulado nos artigos 81 e 82 do RDL 2/2004.

10. As bonificacións aplicaranse conforme ao establecido nos artigos 29 e 30 desta Ordenanza Xeral e ao disposto na Ordenanza específica deste tributo.

Artigo 16. Taxas

1. Os padróns elaboraranse en base ao padrón do exercicio anterior, incorporando as modificacións derivadas da variación de tarifas aprobadas na Ordenanza fiscal correspondinte, así como outras incidencias que non constituían alteración dos elementos esenciais determinantes da débeda tributaria e que foran recoñecidas polo concello.

2. As variacións na cota tributaria orixinadas por modificación das tarifas contidas na Ordenanza fiscal non precisan de notificación individualizada en canto dita Ordenanza foi exposta ao público e tramitada regulamentariamente.

3. Cando determinadas contraprestacións esixibles pola realización de actividades de competencia municipal que interesen ou beneficien a terceiros, tiveran a natureza de prezos públicos e por mandato legal teñan que considerarse taxas, non será preciso notificar individualmente a cota tributaria sempre que concorran estas condicións:

- O suxeito pasivo da taxa coincide co/a obrigado/a ao pagamento do prezo.
- A cota a pagar en concepto de taxa coincide coa que se esixiu por prezo público incrementada, no seu caso, polo coeficiente de actualización xeral aprobado na Ordenanza fiscal.

4. Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas ou as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria:

- a. que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos no artigo 20.3 desta lei.
- b. que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades locais que preste ou realice o Concello, conforme a algún dos supostos previstos no artigo 20.4 desta lei.

Terán a condición de sustitutos do/a contribuínte:



- a. nas taxas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios destes inmobles, quenes poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.
 - b. nas taxas establecidas polo outorgamento das licenzas urbanísticas previstas na normativa sobre solo e ordenación urbana, os constructores e contratistas de obras.
 - c. nas taxas establecidas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, de prevención de ruínas, construcións e derrubamentos, salvamentos e, en xeral, de protección de persoas e bens, comprendéndose tamén o mantemento do servizo, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.
 - d. nas taxas establecidas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial por vados e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras actividades en interese particular e pola súa construción, mantemento, modificación ou supresión, os propietarios das fincas e locais a que den acceso as entradas de vehículos, quenes poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.
5. O feito impositivo virá determinado polo regulado no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e en todo caso, terán a consideración de taxas:
- A. a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.
 - B. a prestación dun servizo público ou a realización dunha actividade administrativa en rexime de dereito público de competencia local que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ao suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes:
 - a. que non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os/as administrados/s. A estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude ou a recepción por parte dos/as administrados/as:
 - cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.
 - Cando os bens, servizos ou actividades requeridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do/a solicitante.
 - b. que non se presten ou realicen por lo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme á normativa vixente.

Entenderase que a actividade administrativa ou servizo afecta ou se refire ao suxeito pasivo cando fose motivado directa ou indirectamente por este en razón de que as súas actuacións ou omisións obriguen ao concello a realizar de oficio actividades ou a prestar servizos por razóns de seguridade, salubridade, de abastecemento da poboación ou de orden urbanístico, o calesquera outras.



6. Supostos de non suxeción e de exención.

1. O concello non poderá esixir taxas polos servizos seguintes:

- a. abastecemento de augas en fontes públicas.
- b. alumeado de vías públicas.
- c. vixilancia pública en xeral.
- d. Protección civil.
- e. limpeza da vía pública.
- f. ensino nos niveis de educación obrigatoria.

2. O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigados/as ao pagamento das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

7. As bonificacións aplicaranse conforme ao establecido nos artigos 29 e 30 desta Ordenanza Xeral e ao disposto na Ordenanza específica deste tributo.

Artigo 17. Aprobación de padróns

1. Os padróns elaboraranse polo Departamento correspondente, debendo o Departamento de Tesourería a súa comprobación e á Intervención de Fondos a súa fiscalización e toma de razón e contabilización.
2. A aprobación dos padróns é competencia da Xunta de Goberno Local, salvo delegación noutro órgano.
3. A contabilización do recoñecemento de dereitos terá lugar unha vez fora recaído o acordo referido no apartado anterior.
4. O acordo notificaráselles aos Departamentos afectados.

Artigo 18. Calendario fiscal

1. Con carácter xeral, establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:



a) Imposto sobre vehículos de tracción mecánica:

Dende o día 1 de febreiro ao 1 de abril, no caso de que fosen inhábiles o inmediato hábiles posteriores, sempre que este prazo non sexa inferior a dous meses.

b) Taxa sobre recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos (1º semestre), Taxa de vados e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras actividades en interese particular, Taxa por ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados en terreos de uso público local, así como industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica:

Dende o día 1 de maio ao 1 de xullo, no caso de que fosen inhábiles o inmediato hábiles posteriores, sempre que este prazo non sexa inferior a dous meses.

c) Imposto sobre bens inmoables de natureza urbana e rústica, Imposto sobre actividades económicas, Taxa sobre recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos (2º semestre):

Dende o día 1 de setembro ao 1 de novembro, no caso de que fosen inhábiles o inmediato hábiles posteriores, sempre que este prazo non sexa inferior a dous meses.

d) Taxa pola explotación de postos da praza de abastos:

O pago realizarase do dez ao vinte do mes seguinte ao que corresponda; no caso de que fose inhábil, ata o inmediato hábil posterior.

e) Prezo público de axuda no fogar:

Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e, con carácter específico, durante a segunda quincena do mes seguinte.

f) Prezo público nas escolas de artes escénicas e musicais:

O pagamento realizarase a mes vencido, ata o día 10 do mes seguinte, no caso de que fose inhábil ata o inmediato hábil posterior.

g) Prezo público do Bo Día Familia correspondente á mensuralidade do mes en curso, deberá facerse efectivo:

- Padrón quincenal: do 10 ao 15 de cada mes, ou inmediato/s hábil/es no caso de ser inhábil/es.

- Padrón mensual: do 15 ao 25 de cada mes, ou inmediato/s hábil/es no caso de ser inhábil/es.



2. As variacións nos períodos de pagamento reseñados no punto anterior serán aprobadas pola Xunta de Goberno Local, non admitíndose a prórroga dos mesmos salvo que concorran circunstancias excepcionais.

Artigo 19. Exposición pública

1. Coñecido o calendario fiscal, o/a alcalde/sa-presidente/a ordenará a súa publicación, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos do concello.

2. Os padróns fiscais, contindo as cotas a pagar e os elementos tributarios determinantes das mesmas, expóranse ao público nas oficinas municipais quince días antes de iniciarse os respectivos períodos de cobro e por período dun mes.

3. As cotas e demais elementos tributarios en canto non constitúen altas nos respectivos rexistros, senon que fan referencia a un feito imponible xa notificado ao suxeito pasivo, serán notificadas colectivamente, ao amparo do que prevé o artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

4. Contra a exposición pública dos padróns, e das liquidacións nos mesmos incorporadas, poderase interpoñer recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a data de finalización de exposición pública do padrón.

Artigo 20. Anuncios de cobranza

1. O anuncio do calendario fiscal regulado no artigo anterior poderá cumprir, ademais da función de dar a coñecer a exposición pública de padróns, a función de publicar o anuncio de cobranza a que se refire o artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

Para que se cumpra tal finalidade deberá constar tamén os seguintes extremos:

a) *Medios de pagamento*: diñeiro de curso legal ou talón bancario conformado nominativo a favor do Concello, mediante pagamento telemático ou por tarxeta, segundo estableza esta Ordenanza ou Ordenanza correspondente.

b) *Lugares de pagamento*: nas entidades colaboradoras que figuran no documento de pagamento, ou na oficina municipal de recadación.

c) Advertencia de que, transcorridos os prazos sinalados como períodos de pagamento voluntarios, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento e devengarán a recarga de constrinximento, xuros de mora e, no seu caso, custas que se produzan.

d) Advertencia de que cando a débeda tributaria non ingresada se satisfaga antes de que fora notificada ao debedor a providencia de constrinximento, a recarga será do 5 por 100 e non se esixirán os xuros de mora.

O anuncio de cobranza poderá ser substituído por notificacións individuais.



Artigo 21. Altas nos rexistros

1. En relación aos tributos de cobro periódico practícarase liquidación de ingreso directo que xerará un alta no correspondente rexistro, neste casos:

- a) Cando por primeira vez ocorreran os feitos ou actos que poidan orixinar a obriga de contribuír.
- b) Cando o Concello coñece por primeira vez da existencia do feito imponible, non devengado con anterioridade o tributo e sen prexuízo das sancións que poideran corresponder.
- c) Cando se produciron modificacións nos elementos esenciais do tributo, distintas das aprobadas con carácter xeral na Lei de orzamentos xerais do Estado e da variación de tipos impositivos recollida nas Ordenanzas fiscais.

2. En canto a aprobación e notificación das liquidacións a que se refire este artigo, será de aplicación o réxime xeral regulado no capítulo seguinte.

3. Unha vez notificada a alta no correspondente padrón, se notificarán colectivamente as sucesivas liquidacións mediante anuncios de cobranza.

CAPÍTULO II. DE VENCIMENTO NON PERIÓDICO

Artigo 22. Práctica de liquidacións

1. Nos termos regulados nas Ordenanzas fiscais, e mediante aplicación dos respectivos tipos impositivos, practícaranse liquidacións de ingreso directo cando, non fora establecida a autoliquidación, e o Concello coñece da existencia do feito imponible dos seguintes tributos:

- a) Contribucións especiais
- b) Taxas nos supostos de primeira ou única solicitude de servizos
- c) Taxas nos supostos de primeira ou única solicitude de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público

2. As liquidacións a que se refire o punto anterior serán practicadas polo Departamento de Tesourería e fiscalizadas pola Intervención.

3. A aprobación das liquidacións compete ao alcalde-presidente, ou órgano en que ten delegada a competencia, a cuxos efectos elaborárase unha relación resumen dos elementos tributarios, na que deberá constar a toma de razón da Intervención.

4. A contabilización do recoñecemento de dereitos terá lugar unha vez recaera o acordo de aprobación referido no punto anterior.



5. Poderanse ditar liquidacións provisionais de oficio cando os elementos de proba, que obren nas dependencias municipais, poñan de manifesto a realización do feito impositivo ou a existencia de elementos determinantes da contía da débeda tributaria, distintos aos declarados.

Artigo 23. Presentación de declaracións

1. O Departamento de Recadación establecerá os circuitos para coñecer da existencia de feitos impositivos que orixinen o devengo dos tributos referidos no artigo anterior.

Con esta finalidade, recabarase información de Notarios, Rexistradores da Propiedade, Oficinas liquidadoras do Imposto sobre transmisións patrimoniais e Actos xurídicos documentados, así como doutras dependencias municipais; todo isto en orden a coñecer as transmisións de dominio, a realización de obras, ou a existencia de diferentes elementos con transcendencia tributaria.

2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar as declaracións establecidas legalmente.

No caso de liquidacións resultantes necesarias para a práctica destas, presentadas fóra de prazo, aplicaranse as recargas previstas nos artigos 86 e 89 e desta Ordenanza.

3. Cando as declaracións presentadas fóra de prazo, de forma incompleta ou incorrecta, sexan documentos necesarios para liquidar os tributos que non se esixen por autoliquidación, o incumplimento da obriga de declarar constitúe infracción grave.

Artigo 24. ICIO

Artigo 24.1 Imposición

Segundo o ordeado no artigo 59.2 Real decreto legislativo 2/2004 o Concello do Carballiño pode establecer este tributo ao ser de carácter municipal e voluntario.

Artigo 24.2 Feito impositivo

Está consituído pola realización, dentro do termo municipal do Carballiño, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, sempre que a súa expedición corresponda al Concello do Carballiño.

Por tanto, é preciso que concorran simultaneamente as circunstancias seguintes:

a) En primeiro lugar, que se realice unha construción, instalación u obra, para a que se esixa licenza de obras ou urbanística.

En consecuencia, nas que non concorra esta circunstancia no terán a consideración de construción, instalación ou obra a efectos do imposto.



b) En segundo lugar, que se realice, materialmente, unha construción, instalación ou obra con independencia de que se obtivera ou non a correspondente licenza.

c) En terceiro lugar, que o outorgamento da licenza de obras ou urbanística sexa competencia deste Concello.

Artigo 24.3 Compatibilidade do ICIO con outros tributos

O ICIO é un imposto de construción esencialmente xurisprudencial. A tal efecto, o Tribunal Supremo pronunciouse sobre a compatibilidade do ICIO coa taxa pola licenza de obras o urbanística, co IVE e coas taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, polo que a:

A) compatibilidade coa taxa de licenza de obras

O feito impoñible do ICIO está constituído pola realización de calquera construción, instalación u obra para a que se esixa proveerse de licenza municipal, e decir nel se grava a capacidade contributiva posta de manifesto coa realización da obra, construción e instalación, non a actividade municipal dirixida á verificación da concurrencia das condicións necesarias para que a licenza poida ser concedida, que é, precisamente, o que constitúe o feito impoñible na taxa por licenza de obras, de onde se deduce que non existe duplicidade impositiva entre a taxa por licenza de obras e o ICIO, xa que estamos ante dous tributos e dous feitos impoñibles distintos.

B) compatibilidade co IVE

En cuanto ao IVE, non existe dobre imposición debido ás seguintes características diferenciadoras do ICIO en relación co IVE:

- non é un imposto xeral sobre o volume de negocios.
- non se recauda en todas as fases da produción, senon só na da realización das construcións, instalacións e obras.
- ten distinto procedemento de exacción e queda ao marxe de todo posible axuste en fronteira.
- non ten entre os seus obxectivos facilitar o coñecemento da carga fiscal indirecta dos produtos que se exportan ou importan.

C) compatibilidade coas taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

Os dous gravámenes son diferentes e independentes entre sí, pois na taxa a utilización privativa das vías públicas municipais perdura no tempo e, polo que, se abona anualmente, como contrapartida dun uso dun ben de dominio público local por un tempo indefinido; mentras que no ICIO se esgota ou consume polo feito da construción, instalación ou obra cuxo reflexo nunha actividade económica é o obxecto do gravamen en cuestión.



Artigo 24.4 Distintos supostos de obras e a súa consideración a efectos de integrar ou non o feito impoñible do ICIO

a) actividades mineiras

Os movementos de terras propios da actividade mineira, tanto a cielo aberto como non, non constitúen feito impoñible do ICIO, por los seguintes argumentos:

- o feito impoñible do ICIO require que a licenza se refira, precisamente, á realización de calquera construción, instalación ou obra, circunstancia que pon de manifesto que esta licenza non comprenda transformación do terreo, senon unha auténtica modificación do mesmo que se concrete na colocación sobre aquél dalgunha edificación, estrutura ou elemento fixo ou móvil de tal natureza que estea condicionado á autorización municipal e que represente unha manifestación de riqueza que se engade ao solo, non que se sustrae del.
- Con independencia de que os movementos de terras propios das actividades mineiras estean sometidos á obtención dunha licenza urbanística, ditos movementos de terras non supoñen a realización do feito impoñible do ICIO, pois non constitúen construcións, nin instalacións, nin obras.

b) obras de interese público extraordinario

As obras de marcado interese público pola súa gran trascendencia para a sociedade encaixan dentro da ordenación do territorio que é da competencia do Estado ou das Comunidades Autónomas, dentro da ordenación urbanística que é de competencia municipal, e polo tanto non quedan sometidas ao permiso do concello; en definitiva, non constitúen feito impoñible polo ICIO.

Así, o principio xeneral de sometimento a licenza de todas as obras que se realicen no termo municipal, incluídas as que leven a cabo os órganos do Estado ou determinadas Entidades de Dereito público, admite as excepcións das grandes obras públicas de competencia estatal. Concrétanse distintas obras públicas nas que non cabe a esixencia de licenza municipal e outras nas que esta esixencia é necesaria, entre outras:

- Non están sometidas a licenza municipal:
 - Obras de construción ou reparación de autopistas.
 - Construción dunha estrada en solo non urbano.
 - Obras en autovía.
 - Construción dun acueducto para o trasvase de augua nunha conca hidrográfica.

En cambio sí está sometida a licenza municipal as seguintes obras públicas:



- A construción dun centro hospitalario, ao non ter o carácter público excepcional.

c) construcción de presas

Non supón a realización do feito impoñible do ICIO, pois a construción non constitúe un acto de edificación ou uso do solo sometido a licenza municipal de obras (STS de 19 de febreiro de 2000).

d) obras de reforma de instalacións industriais

A transformación do terreo con obxecto de acondionalo para realizar sobre él instalacións industriais atópase sometida ao ICIO. Polo contrario, a simple renovación, transformación ou reforma das instalacións non constitúe feito impoñible polo imposto.

e) construccións ou obras que requiran varias licenzas de obras ou urbanísticas

Naquelas obras que requiran para cada construción, instalación ou obra unha licenza para cada unha delas, prodúcense tantos feitos impoñibles do ICIO como licenzas de obras ou urbanísticas sexan necesarias, sen prexuízo de que todas se refiran á formación dun único conxunto constructivo.

f) Estudios xeotécnicos, anteprojectos, proxectos e traballos de replanteo

Os traballos de replanteo dunha obra proxectada e a realización de estudos xeométricos do terreo, en sí mesmos e ailladamente considerados, non constitúe o feito impoñible do ICIO por non estar sometidos a licenza municipal de obras.

g) obra en inmobles pertencentes a Conxuntos Históricos

Quedan suxeitas e non exentas do ICIO as obras que se realicen en edificios incluídos en Conxuntos Históricos.

h) obras de demolición de inmobles

A demolición dun edificio amparada nunha licenza de construción referida a ese mesmo lugar ten un carácter accesorio da edificación e, por sí mesma, considerada ailladamente, non precisa de licenza municipal de obra ou urbanística diferenciada da licenza de construción. Neste sentido, debe entenderse que o comenzo das obras de construción se produce coas obras de demolición do edificio anterior con obxecto de poder levantar no terreo o novo que presente. Se a demolición dun edificio é solicitada ao concello con carácter independente a calquera edificación posterior, ao estar sometida a licenza esta demolición, estará suxeita ao ICIO por constituír o feito impoñible do imposto.



Pero, se a demolición do inmovible ven imposta por ruína inminente do mesmo, estas obras non precisan da obtención da correspondente licenza e, consecuentemente, no constitúen feito imponible do ICIO.

i) Subhasta para a enaxenación de parcelas propiedade municipal na que o adxudicatario queda obrigado a edificar de acordo cun Programa e Proxecto de obras previamente elaborado e aprobado polo concello do Carballiño

A previa redacción e aprobación do proxecto de obras polo concello do Carballiño comporta, simultaneamente, a lexitimación para realizar edificacións, sen necesidade de ulterior licenza a favor de quen resultou adxudicatario das parcelas. Por tanto, cando o acto de edificación goza xa de previa autorización polo concello, non é esixible o formal outorgamento posterior da licenza, o que determina a non sujeción ao ICIO.

j) obras realizadas por virtude de execución ditada polo concello no usos das súas facultades en materia de ordenación e disciplina urbanística

Este tipo de obras non poden equiparase á licenza urbanística cuxa esixencia é requisito para que se produza o feito imponible do ICIO; poisto que o fundamento deste imposto ten que estar na manifestación da capacidade económica dos que realizan as construcións, instalacións e obras, o que esixe a voluntariedade dos contribuíntes na decisión de realizalas, o que resulta incompatible coa obriga legal de levalas a cabo e a súa imposición por orde administrativa.

k) obras ilegais

Cando se realice unha actividade encuadrada no feito imponible e non se obtivera licenza, nin siquiera se solicitara, están suxeitas en relación con plantemanto urbanístico ao imposto. Sin que esto signifique que o pagamento do imposto convalide a situación irregular, posto que non se atribúe a éste pagamento eficacia lexitimadora.

l) transmisión da licenza de obras ou urbanística e caducidade da licenza de obras

Se o titular dunha licenza de obras ou urbanística, que lle permite a construción dun determinado número de vivendas, transmite a licenza sen ter esgotada a construción das vivendas autorizadas, o novo titular da licenza poderá executar a construción das vivendas restantes sen necesidade de obter unha nova, o que determina que non se produza un novo feito imponible do ICIO.

A caducidade da licenza de obras require dun acto formal que así o declare con todos os trámites previos necesarios, entre os cuais é relevante a audiencia ao/á interesado/a, e decir, non opera de modo automático polo mero transcurso do prazo concedido para realizar a construción.



m) movementos de terra

Os movementos de terra realizados nos traballos de extracción de pedra non están incluídos no feito impoñible do ICO, posto que a actividade de movemento de terras non supón a incorporación de elemento algún en terro.

n) Proxectos de urbanización aprobado polo Concello do Carballiño

Para a realización de obras tendentes a dotar a un terreo dos servizos urbanísticos para que adquira condición de solar, das obras de construción de edificacións, insatalacións a levantar nos terros dotados con aqueles servizos, existen proxectos de urbanización, que non son senon proxectos de obras, cuxa finalidade é levar á práctica as determinacións que o Plan correspondente prevé en canto ás obras de urbanización sen que a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, unha vez publicado, supón un acto administrativo inmediatamente executivo lexitimando para iso -sen necesidade doutras autorizacións- as obras a que o mesmo se refire, xa que, en definitiva, as obras que forman parte do contido dun proxecto de Urbanización son precisamente as que levan á práctica as previsións dos plans creando chan edificable, sen que tales obras precisen licenza municipal; ponse de relieve que prima o elemento comunitario sobre individual.

Non precisaban a licenza urbanística e por tanto non estan suxeitas al ICIO.

o) Construcción de aparcadoiros subterráneos en dominio público por unha entidade concesionaria

A execución de aparcadoiros subterráneos está suxeita a previa licenza por tratase de actuacións en dominio público, sen prexuízo, non obstante, das autorizacións ou concesións que sexan pertinentes outorgar por parte do/a titular do terreo; e o deber de presentar un proxecto forma parte do feito impoñible da licenza e polo tanto está suxeita ao ICIO, aínda que o Concello sexa propietario do solo e do subsolo onde se realiza o feito impoñible.

Artigo 24.5 Bonificacións potestativas

1. Conforme ao disposto no artigo 103.2 do RDL 2/2004 establécense as seguintes bonificacións:

a) *Bonificación de ata o 95 por 100 a favor das instalacións, construcións ou obras que declaradas de interese municipal, para proxectos sen declaración de singularidade de novas construcións, instalacións ou obras en parcelas do Parque Empresarial do Carballiño:*



Primeiro. Que a concesión da bonificación estará condicionada segundo o número de empregos creados:

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO	
TRABALLADORES (número)	BONIFICACIÓN
<i>ata 10</i>	<i>40%</i>
<i>11</i>	<i>41%</i>
<i>12</i>	<i>43%</i>
<i>13</i>	<i>44%</i>
<i>14</i>	<i>45%</i>
<i>15</i>	<i>47%</i>
<i>16</i>	<i>48%</i>
<i>17</i>	<i>49%</i>
<i>18</i>	<i>51%</i>
<i>19</i>	<i>52%</i>
<i>20</i>	<i>54%</i>
<i>21</i>	<i>55%</i>
<i>22</i>	<i>56%</i>
<i>23</i>	<i>58%</i>
<i>24</i>	<i>59%</i>
<i>25</i>	<i>60%</i>
<i>26</i>	<i>62%</i>
<i>27</i>	<i>63%</i>
<i>28</i>	<i>64%</i>
<i>29</i>	<i>66%</i>
<i>30</i>	<i>67%</i>
<i>31</i>	<i>68%</i>
<i>32</i>	<i>70%</i>
<i>33</i>	<i>71%</i>
<i>34</i>	<i>72%</i>
<i>35</i>	<i>74%</i>
<i>36</i>	<i>75%</i>
<i>37</i>	<i>76%</i>
<i>38</i>	<i>78%</i>
<i>39</i>	<i>79%</i>
<i>40</i>	<i>80%</i>
<i>41</i>	<i>82%</i>
<i>42</i>	<i>83%</i>
<i>43</i>	<i>85%</i>
<i>44</i>	<i>86%</i>
<i>45</i>	<i>87%</i>
<i>46</i>	<i>89%</i>
<i>47</i>	<i>90%</i>



48	91%
49	93%
50	94%
51 ou máis	95%

*Segundo. Que o
declararase
bonificación
segundo
empregos*

*Terceiro. As
a súa concesión
seguintes:*

*a) A
solicitarase
coa licenza, ou
comunicación
declaración
indicando por
número de
traballo a crear.*

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO	
TRABALLADORES (número)	BONIFICACIÓN
ata 10	50,00%
11	51,12%
12	52,24%
13	53,36%
14	54,48%
15	55,60%
16	56,72%
17	57,84%
18	58,96%
19	60,08%
20	61,20%
21	62,32%
22	63,44%
23	64,56%
24	65,68%
25	66,80%
26	67,92%
27	69,04%
28	70,16%
29	71,28%
30	72,40%
31	73,52%
32	74,64%
33	75,76%
34	76,88%
35	78,00%
36	79,12%
37	80,24%
38	81,36%
39	82,48%
40	83,60%
41	84,72%
42	85,84%
43	86,96%
44	88,08%
45	89,20%
46	90,32%
47	91,44%
48	92,56%
49	93,68%
50	94,83%
51 ou máis	95,00%

*Sector do Polbo
prioritario coa
mínima do 50%
número de
creados:*

*condicións para
serán as*

*bonificación
conxuntamente
coa
previa ou
responsable,
escrito o
postos de*



b) Na solicitude acompañarase a seguinte documentación:

- *Memoria xustificativa do interese social ou titularidade municipal, así como que se trata dunha nova empresa (non se terán en conta fusións, absorcións, cambios de denominación e similares).*
- *Xustificante de acharse ao corrente nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.*
- *Alta no Imposto de Actividades Económicas no concello polo epígrafe correspondente, se resultara obrigado ao mesmo.*
- *Deberán estar ao corrente dos pagamentos de todo tipo de obrigas fiscais, tributarias, canons e cotas tanto en vía voluntaria como executiva coa Facenda Municipal do Concello do Carballiño.*
- *Certificación acreditativa de non ser incoado expediente administrativo por infracción urbanística ao suxeito pasivo beneficiario da bonificación.*

c) Deberase xustificar para a declaración, a lo menos a creación dos postos de traballo da anterior táboa, excluídos os directivos, que darán lugar á bonificación na cota.

*d) Os contratos a considerar para a aplicación da bonificación haberán de selos a **tempo completo e indefinidos**.*

e) Cando finalizase a obra, é cando o empresario deberá aportar copia compulsada do modelo de liquidación á Seguridade Social TC2.

*f) Existe a obriga do empresario de **manter os postos de traballo durante polo menos dous anos**, perdendo o dereito á citada bonificación e procedendo a practicar unha liquidación complementaria no suposto de non mantelos.*

g) O cómputo de novos empregos realizarase para as empresas xa creadas da seguinte forma:

- *Será a media anual de traballadores equivalentes á data de apertura de nova obra menos número de traballadores equivalentes antes da solicitude da licenza.*
- *O número de traballadores equivalentes antes da solicitude computarase como a media anual de traballadores equivalentes do ano anterior á solicitude.*

h) O suxeito pasivo non poderá entender concedida a bonificación ata que o Concello se pronuncie expresamente sobre a mesma, podendo ingresar o importe da cota provisional polo seu importe íntegro. Cando se recoñeza o dereito á bonificación e o suxeito pasivo realizase o ingreso, devolverase de oficio a diferenza, que en ningún caso terá consideración de ingreso indebido e, polo tanto, non devengará xuros.

i) Non se concederá ningunha bonificación cando a construción, instalación ou obra se iniciase en o previo outorgamento da licenza urbanística, ou a presentación de comunicación previa ou declaración responsable, cando naquela non fose esixible.



- j) Non terán dereito ás bonificacións cando se trate de expedientes de legalización de obras realizadas sen licenza.*
- k) A existencia dun expediente administrativo que se incoou por infracción urbanística do suxeito pasivo, correspondente á obra, construción ou instalación pola que se deveña o imposto, será causa de denegación da bonificación solicitada ou, no seu caso, do reintegro da mesma se fose ingresada a liquidación coa bonificación aplicada, con anterioridade ao momento en que foi incoado o mencionado expediente sancionador.*
- l) Esta bonificación non é acumulable, nin aplicables simultaneamente ou sucesivamente con outras bonificacións.*
- m) A bonificación terá carácter provisional en tanto o Concello do Carballiño, non se proceda á comprobación dos feitos e circunstancias que permitiren o seu goce e se dite a correspondente liquidación definitiva, se aprobe, no seu caso, a correspondente acta de conformidade no prazo establecido para súa comprobación (2 anos dende o inicio da actividade). É dicir este beneficio fiscal entenderase outorgado baixo a condición resolutoria do mantemento dos postos de traballo que deron lugar á bonificación aso dous anos contados dende a súa concesión, debendo presentar o suxeito pasivo no prazo dun mes a contar dende a conclusión de dito período, xustificación documental de tal extremo. En caso contrario, procederase a efectuar a liquidación complementaria polo importe da cantidade bonificada.*

Corresponderá esa declaración ao Pleno por maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo. O Pleno de forma motivada concretará a porcentaxe da bonificación.

- b) Bonificación de do 50 por 100 a favor das instalacións, construcións ou obras nas que se incorporen o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, condicionado a que se inclúan colectores homologados pola Administración competente.*
- c) Bonificación do 5 por 100 a favor das instalacións, construcións ou obras referidas ás vivendas de protección oficial.*
- d) Bonificación do 90 por 100 a favor das instalacións, construcións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.*

Esta bonificación queda restrinxida para obras de adaptación de edificios existentes.

2. Todas as bonificacións recollidas no punto 1 non son aplicables simultaneamente.
3. No caso en que concurra máis de unha bonificación, o suxeito pasivo poderá optar pola que el considere.



Artigo 24.6 Suxeitos pasivos

1. *contribuínte*

Son suxeitos pasivos:

- as persoas físicas,
- as persoas xurídicas,
- as herdanzas xacentes iacentes, comunidades de bens e demais entidades que, sen personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptibles de imposición, que sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Terá a consideración de dono/a da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización:

- Entendendo por “dono/a da obra” non o titular do terreo ou inmovible senon a persoa que promove e realiza por sí ou por terceiro, asumindo a obriga de sufragala a súa costa, quedando beneficiada, de momento, pola actuación promotora e constructora.
- Nas concesións administrativas reversibles o “dono/a da obra” é a entidade concesionaria posto que asume a realización desta e a leva a efecto; sen que quede modificado o feito da afección da construción, instalación ou obra á concesión administrativa e da súa reversión a favor deste concello titular do terreo.
- Serán contribuíntes as persoas propietarias dos inmovibles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considerarase contribuíntes segundo o disposto anteriormente.

2. *sustituto/a do contribuínte*

Cando a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo contribuínte, serán sustitutos/as deste os que soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O/A sustituto/a poderá exigir do contribuínte o importe da cota satisfeita.

Artigo 24.7 Base imponible

Está constituída polo orzamento de execución de material da obra, aprobado polo Colexio Oficial correspondente, é dicir, por el custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, endéndose, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o IVE e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter



público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación u obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do/a contratista nin calquiera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material. Entendendo este como o custo de persoal máis o dos materiais empregados excluindo deste o equipamento e utillaxe propios da actividade fabril ou industrial a desenrolar.

Polo tanto, excluíranse das partidas que determinen o custo de execución material da obra as seguintes:

- os gastos xerais contemplados no artigo 131 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Reguramento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, compostos por unha heteroxénea serie de elementos que só dun modo indirecto o incrementan.
- a porcentaxe calculada como beneficio industrial do contratista, cuxo gravame significaría suxeitar a tributación tanto a riqueza representada pola obra como o volumen do/a constructor/a.
- os honorarios profesionais, nin o IVE repercutido ao/á propietario/a polo/a constructor/a.
- equipos, maquinaria e instalacións construídos por terceiros fóra da obra e incorporados a esta, no sentido de non computar o valor do instalado aínda que sí o custo da súa instalación, que teñan función independente dela.
- estudio relativo á Seguridad e Hixiene no traballo.

Formarán, entre outras, parte das partidaas que integran o custo de execución de material:

- albanelería (cimentación, estrutura, muros perimetrais, forxados, cubertas, tabiquería, etc.).
- aquelas instalacións, como as de electricidade, fontanería, saneamento, calefacción, aire centralizado, ascensores e cantas normalmente discorren por conduccións empotradas, e serven, ademais, para promover á construción de servizos esenciais para a súa habitabilidade ou utilización.

Artigo 24.8 Cota e tipo impositivo

A cota do ICIO será o resultado de aplicar á base impositiva o tipo de gravame, que será do 2 por 100.

Artigo 24.9 Devengo



O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación u obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

Esto significa que a obriga de contribuír nace aínda naqueles supostos nos que, iniciada a construción, instalación ou obra, non se obteña a licenza, e, incluso, se a consecuencia desta última circunstancia, a obra, parcial o totalmente executada, tivera que ser derruída.

O devengo a de tomarse como un devengo anticipado, como un ingreso a conta, posto que realmente o devengo prodúcese no momento de finalizar a execución da obra. E dicir a prescrición comezará a computarse non dende o inicio da obra, senon cando ésta finalizase, á vista das construcións instalacións e obras efectivamente realizadas e do custo real destas.

Artigo 24.10 Xestión

1. A liquidación provisional a conta do imposto practicarase cando se conceda a licenza preceptiva.

2. O suxeito pasivo realizará autoliquidación deste imposto en impreso regulamentario, e ingresará o seu importe na Recadación municipal no momento de obter a licenza determinándose a base imponible:

a) en función do orzamento presentado polos/as interesados/as, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente.

b) noutro caso, a base imponible será determinada polos/as técnicos/as municipais de acordo co custo estimado do proxecto.

3. Unha vez terminadas e á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real e efectivo destas, o concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, se é o caso, a base imponible, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Entre outras comprobacións administrativas pode verificarse se existiron desviacións no custo debidas a circunstancias como:

- incrementos ou diminucións nas unidades de obra.
- cambios de calidades en relación coas fixadas no proxecto de obras.
- incrementos de custos salariais ou de adquisición de material con respecto aos orixinariamente orzamentados.
- ampliacións de obra non amparadas por licenza urbanística obtida no seu momento e para as que non se solicitara e obtido a licenza.



Non obstante o suxeito pasivo queda obrigado a declarar o fin das obras e presentar detalladamente as diferencias que ponderan existir entre o custo real e efectivo e o custo inicial orzamentado.

4. Cando non tendo solicitado licenza preceptiva ou sendo denegada se inicie a construción, instalación ou obra, así mesmo esixirá o imposto de acordo co disposto nos apartados anteriores. Para eso o Servizo de Obras do concello remitiralle ás dependencias municipais de Inspección do concello a relación de construcións, instalacións e obras iniciadas ou realizadas sen licenza xunto coa valoración destas co fin de que esta proceda a incoación das correspondentes actas de inspección, segundo o previsto nesta Ordenanza Xeral.

5. Poderanse presentar declaracións complementarias da liquidación provisional cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e cando se modifique o proxecto inicial e se incrementase o orzamento, unha vez aceptada a modificación polo concello e ter a correspondente licenza.

Artigo 24.11. Recadación en vía executiva, partidas fallidas e Inspección

Aterase ao disposto nesta Ordenanza Xeral.

Artigo 24.12 Infraccións e sancións.

A parte do disposto nesta Ordenanza en canto a infraccións e sancións, en particular, constituén infraccións:

a) A realización sen licenza das obras ou actividades enumeradas no artigo 168 da Lei do Solo de Galicia e para as que a esixe a presente ordenanza, se produza ou non prexuízo aos dereitos da Facenda municipal.

b) Non dar conta á Administración municipal do maior valor das realizadas, das modificacións daquelas ou dos seus orzamentos.

c) A falsidade da declaración en puntos que afecten á determinación da base de gravame.

CAPÍTULO I I I. NOTIFICACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Artigo 25. Domicilio a efectos de notificacións

1. O domicilio fiscal será único:



- a) Para as persoas físicas, o da súa residencia habitual sempre que esta estea situada neste termo municipal. Cando a residencia habitual estea fóra do termo municipal, o domicilio fiscal poderá ser o que para estes efectos declaren expresamente e, se non a declarasen, o da devandita residencia habitual.
- b) Para as persoas xurídicas, o do seu domicilio social, sempre que este estea situado neste termo municipal e, na súa falta, o lugar no que radique a xestión administrativa ou dirección dos seus negocios.

2. Toda persoa física ou xurídica virá obrigada a declarar o seu domicilio fiscal desde o momento en que, por calquera calquera concepto, se convirta en suxeito pasivo xa sexa como contribuínte ou como substituto/a.

A mesma obriga terá quen, sen ostentar a devandita condición, se atopen obrigados a efectuar declaracións con transcendencia fiscal.

3. Do mesmo xeito, os suxeitos pasivos virán obrigados a pór en coñecemento da Administración Municipal os cambios de domicilio que realice mediante a oportuna declaración expresa para ese efecto, sen que o cambio de domicilio produza efectos fronte ao Concello ata tanto se efectúe aquela.

4. A Administración Municipal poderá rectificar o domicilio fiscal dos suxeitos pasivos mediante comprobación pertinente.

5. O incumprimento da obriga establecida neste artigo constituirá infracción simple.

6. Para efectos da eficacia das notificacións estimarase subsistente o último domicilio declarado.

Artigo 26. Notificación das liquidacións de ingreso directo

1. Nos supostos de liquidacións por taxas por prestacións de servizos, ou por autorización para utilizar privativamente ou aproveitar especialmente o dominio público, sempre que sexa posible se notificará persoalmente ao presentador da solicitude.

2. Para notificar outras liquidacións de ingreso directo diferentes ás previstas no apartado 1) expedirase un documento de notificación en que deberán constar:

- a) Elementos esenciais da liquidación
- b) Medios de impugnación, prazos de interposición de recursos, lugares onde poden ser presentados e órgano ante o que se poden interpoñer.
- c) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

A notificación practicarase por calquera medio que permita ter constancia da recepción, así como da data, a identidade do receptor e o contido do acto notificado.



3. No primeiro intento de notificación pode suceder:
 - a) Que a notificación sexa entregada ao/á interesado/a, en cuxo caso o/a notificador/a debe retornar ao Concello o acuse de recibo ou copia da notificación contendo a identificación e sinatura do receptor e a data en que ten lugar a recepción.
 - b) Que a notificación se entregue a persoa distinta do/a interesado/a, en cuxo caso deberán constar no acuse de recibo ou copia da notificación a sinatura e identidade da persoa que se fai cargo da notificación.
 - c) Que o/a interesado/a ou o seu representante rechace a notificación, en cuxo caso se especificarán as circunstancias do intento de notificación e se terá por efectuada.
 - d) Que non sexa posible entregar a notificación, en cuxo caso o/a notificador/a rexistrará na tarxeta de acuse de recibo ou copia da notificación o motivo que imposibilitou a entrega, así como o día e hora en que tivo lugar o intento de notificación.
4. No suposto do apartado d) do punto anterior, relativo ao intento de notificación persoal con resultado infructuoso, por ausencia do/a interesado/a, procederase á realización dunha segunda visita, en día e hora diferentes a aqueles en que tivo lugar. O resultado desta segunda actuación pode ser igual ao sinalado nos apartados a), b), c), d) do punto 3 e do mesmo deberá quedar a debida constancia na tarxeta de acuse de recibo ou copia da notificación que será retornada ao Concello.
5. En todo caso, á vista do acuse de recibo devolto ou copia da notificación devolta, deberá ser posible coñecer a identidade do/a notificador/a.
6. Nas notificacións conterase referencia ao feito de que, se fose necesario, se practicarán dous intentos persoais e, de resultar ambos infructuosos, se procederá á citación edictal para ser notificado/a por comparecencia. Indicarase, así mesmo, a posibilidade de persoación nas oficinas municipais para coñecer do estado do expediente.
7. Cando se trate de cartas urbanas, a entrega material do documento-notificación poderá realizarse polo Servizo de Correos, por notificador/a municipal ou mediante persoal pertencente a empresa coa que o Concello contratase o Servizo.

As cartas dirixidas a cidadáns residentes noutro Concello remitiranse polo Servizo de Correos.

Artigo 27. Notificación das liquidacións por tributos de vencimento periódico

1. As cotas e outros elementos tributarios cando non constitúan altas nos respectivos rexistros, senon que fagan referencia a un feito imponible xa notificado ao suxeito pasivo, serán notificadas colectivamente, ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria.



2. A notificación colectiva a que se refire o apartado anterior afecta ás liquidacións incluídas nos padróns de tributos de vencimento periódico.
3. A exposición pública dos padróns regulada no artigo 19 da presente Ordenanza constitúe o medio polo cual o Concello realizará a notificación colectiva das correspondentes liquidacións.

Artigo 28. Publicación no BOP

1. Aos efectos de practicar a notificación colectiva referida no punto 3 do artigo anterior, anunciarase no BOP a data de exposición pública dos padróns.

2. Nos outros casos a notificación por comparecencia farase: cando non sexa posible efectuar a notificación ao interesado o a seu representante por causas non imputables ao Administración tributaria e intentada a lo menos dúas veces no enderezo fiscal, ou no designado polo interesado se se trata dun procedemento iniciado a solicitude do mesmo, farase constar no expediente as circunstancias dos intentos de notificación. Será suficiente un só intento cando o destinatario conste como descoñecido en dito enderezo ou lugar.

Neste suposto citarase ao interesado ou ao seu representante para ser notificados por comparecencia por medio de anuncios que se publicarán, por unha soa vez para cada interesado, no "Boletín Oficial do Estado" (BOE).

A publicación no BOE efectuarase os luns, mércores y venres de cada semana. Estes anuncios poderán expoñerse así mesmo na oficina da Administración tributaria correspondente ao último enderezo fiscal coñecido. No caso de que o último enderezo coñecido radicara no estranxeiro, o anuncio poderase expoñer no consulado ou sección consular da embaixada correspondente.

Na publicación constará a relación de notificacións pendentes con indicación do obrigado tributario ou o seu representante, o procedemento que as motiva, o órgano competente da súa tramitación e o lugar e prazo no que o destinatario das mesmas deberá comparecer para ser notificado.

En todo caso, a comparecencia deberá producirse no prazo de 15 días naturais, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio no BOE. Transcorrido dito prazo sen comparecer, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado.

3. Cando o inicio dun procedemento ou calquera dos seus trámites se entendan notificados por non comparecer o obrigado tributario ou o seu representante, se lle terá por notificado das sucesivas actuacións e dilixencias de dito procedemento, e manterase o dereito que lle asiste a comparecer en calquera momento do mesmo. Non obstante, as liquidacións que se



diten no procedemento e os acordos de alleamento dos bens embargados deberán ser notificados con arranxo ao establecido neste Capítulo.

CAPÍTULO IV. CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS

Artigo 29. Solicitude e concesión

1. A concesión ou denegación de exencións, reducións ou bonificacións axustarase á normativa específica de cada tributo e ás prescricións establecidas nesta Ordenanza ou na Ordenanza fiscal correspondente, sen que en ningún caso poida admitirse analogía para estender máis alá dos seus termos estrictos o ámbito das exencións ou bonificacións.
2. O servizo de Recadación tramitará o expediente, elaborando proposta de resolución que, informada por Intervención, elevarase ao/á alcalde/sa, ou en quen delegue, a quen compete adoptar o acordo de concesión ou denegación do beneficio fiscal.
3. O acordo de concesión ou denegación dos beneficios fiscais de carácter rogado adoptarase no prazo de seis meses contados dende a data da solicitude. Se non se dicta resolución neste prazo, a solicitude formulada entenderase desestimada.
4. Cando se trate de beneficios fiscais que han de outorgarse de oficio, aplicaranse no momento de practicar a liquidación, sempre que o servizo xestor dispoña da información acreditativa dos requisitos esixidos para o seu disfrute.
5. Con carácter xeral os beneficios fiscais que han de concederse a petición do/a interesado/a non terán efectos retroactivos, polo que comezarán a xerar efectos no exercicio seguinte ao da presentación da solicitude, sempre que a resolución sexa estimada, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixibles,.
6. As bonificacións nos respectivos tributos virán regulados nas súas respectivas Ordenanzas fiscais, que terán en conta este artigo e o previsto nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Intenacionais.
7. As Ordenanzas fiscais que aí o prevean e nas condicións que se establezan nestas, o Concello poderá establecer unha bonificación de ata o 5 por 100 da cota a favor dos suxeitos pasivos que domic4.ilien as súas débedas de vencimento periódico nunha entidade financeira.

Esta bonificación quedará anulada cando os recibos domiciliados sexan devoltos polo suxeito pasivo, salvo que se demostre que existe erro material ou de feito, na liquidación devolta.

No caso que o motivo da devolución non sexa o expresado no parágrafo anterior, farase unha liquidación complementaria pola parte bonificada, procedendo ao cobro do total da cota tributaria, sendo o período do pagamento o mesmo co recibo bonificado.



8. Os beneficiarios deberán estar ao corrente dos pagamentos de todo tipo de obrigas fiscais, tributarias, canons e cotas tanto en vía voluntaria como executiva coa Facenda Municipal do Concello do Carballiño.

Artigo 30. Efectos da concesión

1. Salvo previsión legal ou regulamentaria en contra, a concesión de beneficios fiscais ten carácter rogado, polo que os mesmos deberán ser solicitados, mediante instancia dirixida ao/á alcalde/sa, que deberá acompañarse da fundamentación que o solicitante considere suficiente.
2. A concesión de beneficios fiscais rogados disfrutaranse sempre que concorran os requisitos legalmente fixados para súa aplicación, durante o período que a propia Lei tributaria sinala, non terá carácter retroactivo e aplicarase polo tempo do seu disfrute, sen prexuízo dos efectos da prescripción.
3. Cando o beneficio fiscal sexa solicitado antes de que a liquidación correspondinte adquira firmeza poderá concederse sempre que na data de devengo do tributo concorran os requisitos que habilitan para o seu disfrute.
4. Con carácter xeral, a concesión de beneficios fiscais non xeneran dereitos adquiridos para quenes os disfrutan. En consecuencia, cando se modifique a normativa legal ou as previsións regulamentarias contidas nas Ordenanzas fiscais relativas a exencións ou bonificacións concedidas polo Concello, será de aplicación xeral o réxime resultante da normativa vixente no momento de concederse o beneficio fiscal, agás cando expresamente a Lei previra efecto diferente.
5. No caso de que o beneficio fiscal sexa con carácter temporal, estará condicionada á súa temporalidade; de selo caso, debendo de o/a beneficiario/a presentar nova solicitude para a súa concesión se xustifica que o prazo fose ampliado nos termos previstos no artigo e apartados anteriores.

CAPÍTULO V. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN

Artigo 31. Normas xerais

1. A revisión dos actos dictados no ámbito da xestión dos ingresos de Dereito público municipais pódese levar a cabo polo concello de oficio, ou a instancia do/a interesado/a/a.
2. A iniciativa do particular para instar do concello a revisión dos seus actos pódese manifestar nestas formas:
 - a) Interpoñendo recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo.



- b) Solicitando que a Administración revise os seus actos en supostos de nulidade de pleno dereito.
3. O Concello poderá declarar a nulidade dos seus actos nos casos e co procedemento establecido no artigo 34 desta Ordenanza.
4. Non serán en ningún caso revisables os actos administrativos confirmados por sentenza xudicial firme.
5. A rectificación de erros materiais e de feito levarase a cabo pola Administración cando os advirta, ou cando a solicite o/a interesado/a sempre que non transcorrera o prazo de prescripción.

Artigo 32. Recurso de reposición

1. Os actos ditados pola Administración tributaria susceptibles de reclamación económico-administrativa poderán ser obxecto de recurso potestativo de reposición.

2. Este recurso deberá interpoñerse, no seu caso, con carácter previo á reclamación económico-administrativa. Non poderá promover esta reclamación ata que o recurso fose resolto de forma expresa ou ata que poda consideralo desestimado por silencio administrativo.

2. O prazo para a súa interposición será dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do acto recorrible ou do seguinte a aquel no que se produzan os feitos do silencio administrativo.

No caso de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva, o prazo para a interposición computarase a partir do día seguinte ao da finalización do período voluntario de pago.

Se o recorrente precisase do expediente para formular as súas alegacións, deberá comparecer durante o prazo de interposición do recurso para que se lle poña de manifesto.

3. A reposición somete a coñecemento do órgano competente para a súa resolución todas as cuestións de feito ou de dereito que ofrezan o expediente, fosen ou non fosen expostas no recurso, sen que en ningún caso se poida empeorar a situación inicial do recorrente.

Se o órgano competente estima pertinente examinar e resolver cuestións non expostas polos interesados, expoñeraas aos mesmos para que poidan formular alegacións.

4. Será competente para coñecelo e resolvelo o órgano que ditou o acto recorrido. O órgano competente para a súa resolución non poderá absterse de resolver, sen que poida alegarse dúbida racional ou deficiencia dos preceptos legais.



A resolución conterá unha exposición sucinta dos feitos e os fundamentos xurídicos adecuadamente motivados que servisen para adoptar o acordo.

5. En canto á suspensión da execución do acto recorrido en reposición aterase ao disposto no artigo 224 da Lei 58/2003.

Artigo 33. Recurso contencioso-administrativo

1. As resolucións que poñan fin á vía económico-administrativa serán susceptibles de recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente.

2. O prazo para interpoñer o recurso será de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Artigo 34. Revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito

1. O Pleno do Concello, previo ditame favorable do Consello de Estado, ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma se o houbese, poderá declarar a nulidade de pleno dereito dos actos seguintes:

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.*
- b) Que fosen ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.*
- c) Os que teñan un contido imposible.*
- d) Que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.*
- e) Que fosen ditados rescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido para elo ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade nos órganos colexiados.*
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.*
- g) Calquera outra que se estableza expresamente nunha disposición de rango de lei.*

2. O procedemento de nulidade a que se refire o apartado anterior poderase iniciar:

- a) Por acordo do órgano que dictou o acto.*
- b) A instancia do/a interesado/a.*



3. Serán revisables polo Pleno do Concello, en tanto non prescribira a acción administrativa, os actos dictados en vía de xestión tributaria, cando se estime que infrinxen manifestamente a lei, ou cando se aporten novas probas que acrediten elementos do feito impositivos ignoradas polo Concello ao ditar o acto obxecto de revisión.

4. No procedemento deberase conceder audiencia a aqueles a favor dos cuais xenerou dereitos o acto que se pretende anular.

5. O prazo máximo para notificar resolución expresa será dun ano dende que se presente a solicitude polo interesado ou dende que se lle notifique o acordo de iniciación de oficio do procedemento.

Transcorrido o prazo anterior sen que se notificase resolución expresa producirá os seguintes efectos:

a) A caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen que elo impida que poida iniciarse de novo outro procedemento con posterioridade.

b) A desestimación por silencio administrativo da solicitude, se o procedemento se iniciou a instancia do interesado.

A resolución expresa ou presunta ou o acordo de inadmisión a trámite das solicitudes dos interesados porán fin á vía administrativa.

Artigo 35. Declaración de lesividade de actos anulables.

1. Fóra dos casos “Revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito” e “Rectificación de erros”, o Concello non poderá anular en prexuízo dos interesados os seus propios actos e resolucións.

Poderá declarar lesivos para o interese público os seus actos e resolucións favorables aos interesados quen incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, a fin de proceder a súa posterior impugnación en vía contencioso-administrativa, que deberase interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende o día seguinte á declaración de lesividade.

2. A declaración de lesividade non poderá adoptarse unha vez transcorridos catro anos dende que se notificou o acto administrativo e esixirá a previa audiencia de cantos aparezan como interesados no procedemento.

3. Transcorrido o prazo de tres meses dende a iniciación do procedemento sen que se declare a lesividade producirase a caducidade do mesmo.



4. A declaración de lesividade corresponde ao Pleno do Concello.

Artigo 36. Revocación de actos

1. O Concello poderá revocar os seus actos, expresos ou presuntos, non declarativos de dereitos e os de gravame ou desfavorables, sempre que tal revocación non sexa contraria ao ordenamento xurídico, ou ao principio de igualdade.
2. Tramitado o expediente en que se xustifique a necesidade de proceder á revocación, o Servizo competente formulará proposta de acordo que informada pola Intervención, deberá ser aprobada polo mesmo órgano que dictou o acto obxecto de revocación.

CAPÍTULO V I. SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO

ARTIGO 37. Suspensión por interposición de recursos

1. Con carácter xeral á suspensión do procedemento, nos casos de interposición de recursos, só se concederá cando se solicite dentro do prazo legalmente establecido para a presentación do recurso e se aportou garantía que cubra a débeda total.
2. Excepcionalmente, o órgano a quen competa resolver o recurso poderá suspender, sen garantía, de oficio ou a solicitude do recurrente, a execución do acto recurrido, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Que a execución poidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
 - b) Que a impugnación se fundamente nunha causa de nulidade de pleno dereito.
3. Cando fora resolto o recurso de reposición interposto no período de pagamento voluntario en sentido desestimatorio notificarase ao/á interesado/a concedéndolle novo prazo de pagamento voluntario, nos seguintes termos:
 - Se a resolución se notifica na primeira quincena do mes, a débeda poderase satisfacer ata o día 20 do mes seguinte, ou, no caso de que éste fora inhábil, o inmediato hábil posterior.
 - Se a resolución se notifica entre os días 16 e último de cada mes, a débeda poderase satisfacer ata o día 5 do segundo mes posterior, ou, no caso de que éste fora inhábil, o inmediato hábil posterior.
4. Cando da resolución do recurso, se derive a obriga de modificar a liquidación, a débeda resultante poderá ser aboada nos mesmos prazos establecidos no punto anterior.



5. Cando o concello coñeza da desestimación dun recurso contencioso-administrativo, deberase notificar a débeda resultante e conceder período para efectuar o pagamento sen recarga, determinado segundo o previsto no punto 3.

6. Cando a execución do acto estivese suspendida, unha vez concluída a vía administrativa, os órganos de recadación non iniciarán ou, no seu caso, reanudarán as actuacións do procedemento de constrinximento mentras non conclúa o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, sempre que a vixencia e eficacia da caución aportada se manteña ata entón. Se durante este prazo o/a interesado/a comunicase a dito órgano a interposición do recurso con petición de suspensión e ofrecemento de caución para garantir o pagamento da débeda, manterase a paralización do procedemento en tanto conserve a súa vixencia e eficacia a garantía aportada en vía administrativa. O procedemento reanudarase ou suspenderase a resultas da decisión que adopte o órgano xudicial.

7. Poderá concederse a suspensión parcial cando o recurso se limite a un elemento individualizable, cuxa repercusión na determinación da débeda resulte claramente cuantificable.

Nestes casos, a garantía só deberá cubrir a coantía suspendida.

Artigo 38. Suspensión por aprazamento

1. Cando se solicitara e se concedera o aprazamento dentro do período voluntario de pagamento, non se expedirá providencia de constrinximento.

2. Cando a solicitude se presente en período voluntario, se ao finalizar este prazo está pendente de resolución a mencionada solicitude, non se expedirá providencia de constrinximento.

3. Nos casos de solicitude de aprazamento en vía executiva, poderá suspenderse o procedemento ata que polo órgano competente para a súa resolución se dite o acordo correspondente, sen que exceda dun mes o período de suspensión.

A estos efectos, é necesario que o xefe da Unidade de Recadación xustifique a proposta de suspensión, a cal, se é oportuno, deberá ser autorizada pola Tesourería.

Artigo 39. Suspensión por terceiría de dominio

Será causa de suspensión do procedemento de constrinximento, sobre os bens ou dereitos controvertidos, a interposición de terceiría de dominio. Esta suspensión será acordada pola Asesoría Xurídica ou, de non existir esta, a Sercretaría municipal, unha vez que se adoptasen as medidas de aseguramento que procedan segundo o disposto no artigo 119 do Regulamento xeral de recadación.



Artigo 40. Paralización do procedemento

1. Sen necesidadee de garantía paralizaranse as actuacións do procedemento cando o/a interesado/a o solicite e demostra a existencia dalgunha das circunstancias seguintes:

- a) Que exista erro material, aritmético ou de feito na determinación da débeda.
- b) Que a débeda fora ingresada, condonada, compensada, suspendida ou aprazada.

2. Cando concorran circunstancias excepcionais diferentes das previstas no apartado anterior, o Xefe da Unidade de recadación poderá formular proposta xustificada de paralización do procedemento, que no seu caso deberá ser autorizada pola Tesourería.

3. Os expedientes afectados pola paralización do procedemento, deberán resolverse no prazo máis breve posible. O/A Xefe/a da Unidade de recadación adoptará as medidas necesarias para o cumprimento deste punto.

Artigo 41. Enaxenación de bens e dereitos embargados

1. Cando se interpoñese recurso contra unha liquidación tributaria, non poderá procederse á enaxenación dos bens inmobles ou mobles embargados no curso do procedemento de constrinximento, ata que o acto de liquidación da débeda tributaria sexa firme, en vía administrativa e en vía xurisdiccional.

2. A estos efectos, é necesario establecer os debidos controles informáticos para asegurar a suspensión do procedemento recadatorio antes da enaxenación dos bens citados, nos casos en que esté pendente de resolución un recurso.

3. Cando a débeda non sexa firme, pero o procedemento non se atope suspendido, por non aportarse a debida garantía, poderanse levar a acabo as actuacións de embargo dos bens e dereitos, seguindo o orde de prelación previsto no artigo 169.2 da Lei xeral tributaria. O procedemento recadatorio poderá ultimarse, a excepción da actuación de enaxenación de bens a que se refire o punto primeiro.

Artigo 42. Suspensión da execución de sancións

1. A execución das sancións tributarias quedará suspendida, sen necesidade de aportar garantía, se contra as mesmas se interpuxeron en tempo e forma o recurso de reposición ou a reclamación económica-administrativa que contra aquelas proceda e sen que poidan executarse ata que sexan firmes en vía administrativa.

2. Esta suspensión aplicarase automaticamente polos órganos encargados do cobro da débeda, sen necesidadee de que o contribuínte o solicite.



3. As sancións suspendidas devengarán os correspondentes xuros de mora conforme ás regras xerais, procedéndose ao seu cobro unha vez que a sanción imposta adquira firmeza en vía administrativa.

Artigo 43. Garantías

1. A garantía a depositar para obter a suspensión do procedemento será a seguinte coantía:
 - a) Se a débeda se atopa en período de pagamento voluntario, a suma do principal (cota inicialmente liquidada) máis os xuros de mora.
 - b) Se a débeda se atopa en período executivo de pagamento, a suma da cota inicial máis un 25 por 100 da mesma, e máis os xuros de mora.
2. A garantía poderá consistir en calquera dos medios seguintes:
 - a) diñeiro efectivo, os cuais se depositarán na conta que se fixe pola Tesourería do Concello.
 - b) aval prestado por entidade bancaria ou crediticia cualificada.
 - c) fianza perosal e solidaria de outros/as contribuíntes de recoñecida solvencia para os supostos que se establezan na normativa tributaria.
3. En casos moi cualificados e excepcionais, poderá acordarse, a instancia de parte, a suspensión do procedemento sen garantía cando o recurrente alegue e xustifique a imposibilidade de prestala. Nestes casos como no apartado último do anterior punto a suficiencia deberá ser valorada pola Intervención.
4. Respecto ás garantías que deberán aportarse nos supostos de aprazamentos e fraccionamentos de pagamento, será de aplicación o que prevé o artigo 99 desta Ordenanza.

Artigo 44. Concurrencia de procedementos

1. Nos casos de concurrencia de procedementos administrativos de constrinximento e procedementos de execución ou concursais universais, xudiciais e non xudiciais, a Tesourería solicitará dos órganos xudiciais información sobre estes procedementos que poida afectar aos dereitos da Facenda Municipal, poidendo proceder ao embargo preventivo de bens.
2. Unha vez obtida a información solicitada segundo o parágrafo anterior darase conta á Asesoría Xurídica, ou de non existir ésta, á Secretaría, acompañando cuanta documentación sexa necesaria e en concreto certificación das débedas, ao efecto de que por parte da Asesoría, ou a quen corresponda, se asuma a defensa dos dereitos da Facenda Municipal.
3. A competencia para subscripción de acordos ou convenios que resultasen da tramitación do procedemento anterior, corresponderá ao Alcalde.



CAPÍTULO V I I. DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS

Artigo 45. Iniciación

1. Con carácter xeral, o procedemento iniciarase a instancia do/a interesado/a, quen deberá fundamentar o seu dereito e acompañar o comprobante de ter satisfeito a débeda.

A solicitude formularase por escrito polo/a obrigado/a ao pagamento.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, poderase acordar de oficio a devolución nos supostos seguintes:

- a) Cando despois de satisfacer unha liquidación tributaria, a mesma sexa anulada por calquera dos motivos e procedementos regulados no capítulo anterior.
- b) Cando se producira indubitada duplicidade de pagamento. Un dos documentos será entregado na oficina municipal, facéndose constar no outro recibo a circunstancia de que se procedeu á devolución do ingreso duplicado.

Artigo 46. Tramitación do expediente

1. Cando o dereito á devolución nace como consecuencia da resolución dun recurso, ou da anulación ou revisión de actos dictados en vía de xestión tributaria, o rexoñecemento daquel dereito corresponde ao mesmo órgano que aprobou o acto administrativo que o orixina.

2. A devolución será informada pola Oficina de Recadación co cálculo dos xuros de mora e acompañada do correspondente informe da Tesourería Municipal nos casos que proceda remitirse á Intervención para que proceda a fiscalización previa á adopción do correspondente acordo.

3. A solicitude deberá vir acompañada do documento orixinal acreditativo do pagamento.

Só en circunstancias excepcionais poderá substituírse a carta de pagamento orixinal por certificado de ingreso expedido pola Tesourería Municipal.

4. O recoñecemento do dereito á devolución orixinará o nacemento dunha obriga recoñecida, que como tal deberá contabilizarse e quedará suxeita ao procedemento de ordenación de pagamento e pagamento material.

5. Para a determinación das coantías que deberán devolverse ou reintegrarse ao/á interesado/a, en cumprimento da Lei 58/2003, terase en conta o previsto nos artigos seguintes.

Artigo 47. Devolución de ingresos indebidos de natureza tributaria



1. Cando se dicte o acto administrativo de anulación da liquidación, o/a interesado/a terá dereito a percibir xuros de mora.

A base de cálculo será o importe ingresado indebidamente; consecuentemente, en supostos de anulación parcial da liquidación, os xuros de mora acreditaranse en razón á parte da liquidación anulada.

2. O cómputo do período de mora en todo caso comprenderá o tempo transcorrido dende o día en que se fixo o ingreso indebido ata a data en que se resolveu a devolución do ingreso indebido, de acordo co que prevé a Le 58/2003 e o Real decreto 1065/2007, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucions de ingresos indebidos. Na resolución do recoñecemento do dereito á devolución por ingresos indebidos indicárase a liquidación dos xuros de mora, de selo caso

A proposta de pagamento aprobarase cando se dicte a resolución que acorde a devolución. O pagamento efectivo realizarase no prazo de tres meses.

3. Cando a Tesourería coñeza da existencia de pagamentos duplicados ou excesivos perfectamente acreditados, non solicitados polos/as interesado/as, farase a proposta de pagamento da coantía indebidamente ingresada e se expedirá simultaneamente comunicación ao/á interesado/a para que designe conta bancaria na que efectuar a correspondinte transferencia.

Neste caso, non se acreditarán xuros por inexistencia de período de mora.

Artigo 48. Devolución de ingresos indebidos de natureza non tributaria

1. As devolucions de ingresos indebidos que sexan consecuencia de actos de xestión de ingresos de Dereito público non tributarios, tramitaranse de conformidade co previsto no artigo anterior.

2. As devolucions de ingresos de Dereito privado que, no seu caso, deba efectuar o concello tramitaranse de acordo co que establece a Lei Xeral Orzamentaria; consecuentemente a devolución deberá ter lugar no prazo de tres meses contados dende o día do recoñecemento da obriga. Se non se paga neste prazo, o concello deberá aboar xuros dende que o/a acreedor/a reclame por escrito o cumprimento da obriga.

Artigo 49. Reembolso por ingresos indebidos

1. Cando se ha de reembolsar ao/á interesado/a unha cantidade para devolver o pagamento que fixo por un concepto debido, non se aboarán xuros de mora. Indicativamente, sinálanse os casos seguintes:



- a) Devolucións parciais da cota satisfeita por Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, cando procede o rateo da cota.
- b) Devolucións orixinadas pola concesión de beneficios fiscais de carácter rogado, cando se ingresara a cota.
- c) Devolucións parciais ou totais da cota satisfeita por outros tributos, nos supostos de altas, baixas ou calquera outra modificación nos elementos tributarios.

2. O acordo de recoñecemento do dereito á devolución ditarase no prazo de seis meses.

Artigo 50. Devolución das recargas indebidamente ingresadas

1. Cando se declare indebido o ingreso polo concepto de recarga de constrinximento, ben porque se anulou a liquidación da cota ou ben porque non resultaba procedente esixir a recarga, liquidaranse xuros de mora sobre a coantía a devolver.
2. Cando se declare improcedente a liquidación por recarga provincial sobre o I.AA.EE. e se haxa de proceder a súa devolución, liquidaranse xuros de mora sobre o importe a devolver. A devolución a realizará o Concello por conta da Diputación; consecuentemente o seu importe será compensado na primeira liquidación de ingresos que se deba transferir.

Artigo 51. Reintegro do custo das garantías

1. Os expedientes de devolución do custo das garantías depositadas para suspender un procedemento mentras estea pendente de resolución un recurso, en vía administrativa ou xudicial, iniciaranse a instancia do/a interesado/a.
2. Os datos necesarios que deberá facilitar o/a contribuínte para que poda resolverse adecuadamente estas solicitudes, así como para efectuar, no seu caso, a devolución que corresponda, serán os seguintes:
 - a) Nome e apelidos ou denominación social, se se trata de persoa xurídica, número de identificación fiscal, e domicilio do/a interesado/a.
 - b) Resolución administrativa ou xudicial, pola que se declara improcedente total ou parcialmente o acto administrativo impugnado cuxa execución se suspendeu, así como certificación acreditativa da firmeza daquela.
 - c) Importe ao que ascendeu o custo das garantías cuxa devolución se solicita, adxuntando como documentos acreditativos no suposto de avais outorgados por entidades de depósito, certificación da entidade avalista das comisións efectivamente percibidas por formalización e mantemento do aval.
 - d) Declaración expresa do medio escollido polo que haxa de efectuarse a devolución, poidendo optar por:
 - Transferencia bancaria indicando o número de código de conta e os datos identificativos da Entidade bancaria.



— Compensación nos termos previstos no Regulamento xeral de recadación e nesta ordenanza.

3. Se o escrito de iniciación non reunira os datos mencionados ou non adxuntara a documentación precisa, requirirase ao/á interesado/a para a súa subsanación no prazo de dez días.

4. Cando a proposta de resolución esablezca unha coantía diferecente á solicitada polo/a interesado/a, deberáselle conceder audiencia.

5. Vistas as posibles alegacións e comprobado que os/as beneficiarios/as non son debedores/as da Facenda Municipal por débedas en período executivo ditarase o correspondente acordo administrativo, por Resolución da Alcaldía.

Se se comproba a existencia de débedas en período executivo do titular do dereito de devolución, procederase á compensación de oficio ou ao embargo do dereito á devolución recoñecido ao contribuínte.

6. Salvo previsión regulamentaria en contra, o dereito á devolución dos custos destas garantías comprenderá os seguintes:

- Gastos rexistrals.
- Impostos derivados directamente da constitución da garantía e, no seu caso, da cancelación.
- Gastos derivados da taxación ou valoración dos bens ofrecidos en garantía.

O/A contribuínte deberá acreditar, en todo caso, a realización efectiva do pagamento dos gastos mencionados.

SUBSECCIÓN I I. DE CRÉDITOS NON TRIBUTARIOS

CAPÍTULO I. PREZOS PÚBLICOS

Artigo 52. Fixación de prezos públicos

1. Poderase esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, sempre que non concorran ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.B) do Real decreto lexislativo 2/2004.

Non poderán esixirse prezos públicos polos servizos e actividades enumerados no citado artigo 21.

2. O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da Corporación, sen prexuízo da facultade delegada na Xunta de Goberno Local.



3. Para regular a xestión e recadación dos prezos públicos, o Pleno, sen prexuízo das súas facultades de delegación na Xunta de Goberno Local, conforme ao artigo 23.2.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, aprobará as Ordenanzas correspondintes, que se tramitarán co procedemento seguinte:

- Aprobación polo Pleno, ou na Xunta de Goberno Local no caso de delegación.
- Publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia
- Publicidade do texto íntegro dos mesmos mediante calquera medio que garante a súa difusión.
- Entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, a no ser que se especifique outra data.

4. As modificacións nas cotas que respondan a variación das tarifas contidas na respectiva Ordenanza non precisarán de notificación individualizada.

5. No momento da alta informarase ao/á obrigado/a das datas de pagamento, réxime de declaración de variacións e outras circunstancias cuxo coñecemento poida ser preciso para o correcto cumprimento das súas obrigas posteriores.

Artigo 53. Períodos de pagamento

1. O período de pagamento voluntario será o que, en cada caso estableza a Ordenanza, que figurará indicado no documento de pagamento.

2. O período executivo e o procedemento administrativo de constrinximento iníciase para as liquidacións previamente notificadas – en forma colectiva ou individual – non ingresadas ao seu vencimento, ao día seguinte ao vencimento do prazo de ingreso en período voluntario.

3. As recargas do período executivo devénganse co inicio deste período, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003.

As recargas en período executivo son de tres tipos: recarga executiva, recarga de constrinximento reducida e recarga de constrinximento ordinaria.

Estas recargas son incompatibles entre sí e calcúlanse sobre a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario.

4. A recarga executiva será do cinco por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de constrinximento.

5. A recarga de constrinximento reducida será do 10 por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a recarga antes da finalización do previsto no apartado 5 do artigo 62 desta eli para as débedas apremadas.



6. A recarga de constrinximento ordinaria será do 20 por cento e será aplicable cando non concorran as circunstancias ás que se refiren os apartados 4 e 5 deste artigo.

7. A recarga de constrinximento ordinaria é compatible cos xuros de mora. Cando resulte esixible a recarga executiva ou a recarga de constrinximento reducida non se esixirán os xuros de mora devengados dende o inicio do período executivo.

CAPÍTULO II. MULTAS DE TRÁFICO

Artigo 54. Incoación

1. Segundo o establecido no artigo 86 do Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial (en diante LSV), o procedemento sancionador incoarase de oficio pola autoridade competente que teña noticia dos feitos que poidan constituír infraccións tipificadas na LSV, por iniciativa propia ou mediante denuncia dos Axentes encargados do servizo de vixilancia de tráfico e control da seguridade vial ou de calquera persoa que teña coñecemento dos feitos.

2. Non obstante, a denuncia formulada polos axentes da autoridade encargados do citado servizo e notificada no acto ao/á denunciado/a, constitúe o acto de iniciación do procedemento sancionador, a todos os efectos.

Así mesmo, calquera persoa poderá igualmente formular denuncias por feitos que poidan constituír ditas infraccións conforme ao artigo 4.2 do Real Decreto 320/1994, do 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, debendo, ademais de aportar as probas que poda dispor da denuncia, presentar dúas testemuñas dos feitos denunciados en xustificación de acreditación e da veracidade dos mesmos.

3. Nas denuncias por feitos de circulación deberán constar, en todo caso:

- a) A identificación do vehículo co que se cometese a suposta infracción.
- b) A identidade do denunciado, se fose coñecida.
- c) Unha descripción do feito, con expresión do lugar, data e hora.
- d) Nome e domicilio do denunciante ou, se fose un Axente da autoridade, o seu número de identificación profesional.

Así mesmo, calquera persoa poderá igualmente formular denuncias por feitos que poidan constituír ditas infraccións.

4. Recibida a denuncia nas Dependencias policiais, procederase á tipificación das infraccións e sancións aplicables, conforme ao cuadro de sancións aprobado polo Concello.



5. As denuncias de carácter anónimo serán archivadas.

Artigo 55. Notificación da denuncia

As notificacións das denuncias efectuaranse conforme ao disposto nos artigos 89 a 92 do Real decreto lexislativo 6/2015.

Artigo 56. Alegacións

1. Conforme ao disposto no artigo 93.1 da LSV notificada a denuncia, xa sexa no acto ou nun momento posterior, o denunciado disporá dun prazo de vinte días naturais para formular as alegacións e propoñer ou aportar as probas que estime oportunas.

2. No mesmo artigo no seu parágrafo segundo regula que no suposto de que non se producise a detención do vehículo, o titular, o arrendatario a longo prazo ou o condutor habitual, no seu aso, disporán do prazo de vinte días naturais para identificar ao condutor responsable da infracción, contra o que se iniciará o procedemento sancionador. Esta identificación efectuarase por medios telemáticos se a notificación se realizase a través da Dirección Electrónica Vial (DEV).

Así mesmo, o incumprimento da obriga recollida no artigo 11 da LSV levará a imposición de sanción pecuniaria como autor de falta moi grave a ter do establecido no artigo 77.j) da citada Lei.

Artigo 57. Prazo de pagamento

1. O importe da multa, con redución do 50%, pódese pagar durante os 20 días naturais a partir do seguinte ao da notificación.

2. O abono do importe da multa no prazo indicado anteriormete implica:

- a renuncia a formular alegacións, no caso en que se fixeran, teranse por non presentadas.
- a terminación do procedemento, sen necesidade de ditar resolución expresa, o día en que se realice o pagamento.
- o esgotamento da vía administrativa sendo recurribe únicamente ante a orde xudicial contencioso-administrativa, cuxo prazo se iniciará o día seguinte a aquel en que teña lugar o pagamento.
- A sanción non comutará como antecedente no Rexistro de Conductores e Infractores, sempre que se trate de infraccións graves que non leven aparellada perda de puntos.

Isto non será de aplicación ás infraccións recollidas no artigo 77.h) e artigo 77. n), ñ), o), p), q), r), segundo o disposto no artigo 93.2 da LSV



3. O transcurso do prazo de 20 días naturais dende a notificación da denuncia sen proceder ao pagamento desta ou presentar alegacións surtirá o efecto de acto resolutorio do procedemento sancionador. Neste suposto, a sanción poderá executarse transcorridos trinta días naturais dende a notificación da denuncia. Isto só será de aplicación no caso de infraccións leves, graves que non leven asociada a perda de puntos ou no caso de graves ou moi graves cuxa notificación se actuase no acto de denuncia.

Artigo 58. Prescrición e caducidade

1. O prazo de prescrición das infraccións previstas na LSV será de tres meses para as infraccións leves e de seis meses para as infraccións graves e moi graves.

O prazo de prescrición comenizará a contar a partir do mesmo día en que os feitos se tiveran cometido.

2.A prescrición interrómtese por calquera actuación administrativa da que teña coñecemento o/a denunciado/a ou estea encaminada a averiguar a súa identidade ou domicilio e se practique con outras Administracións, Institucións ou Organismos.

Tamén interrómtese pola notificación efectuada de acordo cos artigos 89, 90 e 91 da LSV.

O prazo de prescrición reanudarase se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ao/á denunciado/a.

3. Se non se tivese producido a resolución sancionadora transcorrido un ano dende a iniciación do procedemento, producirase a súa caducidade e procederase ao arquivo das actuacións, a solicitude de calquera interesado/a ou de oficio polo órgano competente para ditar resolución.

Cando a paralización do procedemento se tivese producido a causa do coñecemento dos feitos pola xurisdicción penal, o prazo de caducidade suspenderase e, unha vez adquira firmeza a resolución xudicial, reanudarase o cómputo do prazo de caducidade polo tempo que restaba no momento de acordar a suspensión.

4. Segundo o artigo 112.4 do Real decreto lexislativo 6/2015, o prazo de prescrición das sancións consistentes en multa será de catro anos e o da suspensión prevista no artigo 80 será dun ano, computados dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a sanción en vía administrativa.

O cómputo e a interrupción do prazo de prescrición do dereito da Administración para esixir o pago das sancións en vía de constrinximento consistentes en multa rexeranse polo disposto na normativa tributaria.

Artigo 59. Órganos que interveñen no procedemento



Os órganos que interveñen no procedemento serán os seguintes, como:

- *instrutor: a persoa que sexa nomeada polo órgano competente.*
- sancionador: o/a alcalde/sa

Artigo 60. Medios e lugares de pagamento

- a) Medios de pagamento: diñeiro de curso legal ou talón bancario conformado nominativo a favor do Concello do Carballiño e tarxetas de crédito e débito.*
- b) Lugares de pagamento: nas entidades colaboradoras que figuran no documento de pagamento, na oficina municipal de Recadación e nas dependencias da policía municipal sempre que o pagamento se faga mediante talón bancario conformado nominativo a favor do concello do Carballiño e tarxetas de crédito e débito.*

Artigo 61. Perda de puntos

- 1. O número de puntos inicialmente asignado ao titular dun permiso ou licenza de condución verase reducido por cada sanción firme en vía administrativa que se lle impoña pola comisión de infraccións graves ou moi graves que leven aparellada a perda de puntos.*
- 2. Cando a Administración notifique a resolución pola que se sancione unha infracción que leve aparellada a perda de puntos, indicará expresamente cal é o número de puntos que se restan e a forma expresa de coñecer o seu saldo de puntos.*
- 3. A perda parcial ou total, así como a recuperación dos puntos asignados, afectará ao permiso ou licenza de condución calquera que sexa a súa clase.*

SECCIÓN IV. RECADACIÓN

SUBSECCIÓN I. RECADACIÓN

Artigo. 62. Órganos de recadación

1. A xefatura da xestión recadatoria dos créditos tributarios e demais de Dereito público municipais a ostenta a Tesourería.
2. O Servizo de Recadación estrutúrase nas Unidades Administrativas de Recadación Voluntaria e Recadación Executiva.
3. Corresponde á Unidade de Recadación Voluntaria, entre outras, a realización das seguintes funcións:
 - Formulación de propostas á Tesourería sobre mellora dos medios e relacións intervinientes no procedemento de recadación voluntaria.



- Control e execución das actuacións necesarias para aplicar as Instrucións internas e verificar que a recadación en período voluntario se desenvolve de conformidade ao previsto no Regulamento xeral de recadación e na presente Ordenanza.

4. Corresponde á Unidade de Recadación Executiva, entre outras, a realización das seguintes funcións:

- Formulación de propostas á Tesourería en orden ao establecemento de circuitos de colaboración e adopción doutras medidas que poidan mellorar o procedemento de recadación en período executivo.
- Control e execución das actuacións necesarias para lograr que a extinción das débedas non satisfeitas en período voluntario teña lugar no tempo máis breve posible e se realice de conformidade co que dispoñen as Instrucións internas, o Regulamento xeral de recadación e a presente Ordenanza.

5. Corresponde á Tesourería Municipal ditar instrucións técnicas para desenvolver e complementar as funcións atribuídas ás Unidades de Recadación nos apartados anteriores; sen prexuízo das modificacións que poidan resultar en caso de variación do Organigrama.

6. No procedemento de recadación en vía de constrinximento, as competencias e funcións que o Regulamento xeral de recadación asigna aos órganos do Ministerio de Economía e Facenda haberase de entender referidas aos órganos municipais, segundo a correlación que se indica nos artigos seguintes.

Artigo 63. Funcións do/a alcalde/sa

Ao/Á alcalde/sa corresponderalle o exercicio das funcións atribuídas ao Delegado de Facenda no Regulamento xeral de recadación. Con especial referencia aos seguintes supostos:

- a) Concesión de aprazamento e fraccionamento de débedas, a proposta da Tesourería.
- b) De conformidade co establecido na lexislación sobre conflitos xurisdiccionais, promoverá cuestión de competencias diante dos Xulgados e Tribunais cando coñezan dos procedementos de constrinximento sen agotar a vía administrativa.
- c) Solicitude ao Xuíz de Primeira Instancia correspondinte da autorización xudicial para a entrada no domicilio do debedor, nos supostos de dilación nas contestacións.
- d) Autorización de enaxenación dos bens embargados por concurso, ou por adxudicación directa, a proposta da Tesourería.
- e) Solicitude ás autoridades competentes da protección e auxilio necesario para o exercicio da función recadatoria, agás nos casos de perigo para as persoas, os valores e fondos, en cuxo caso esta solicitude poderá realizala o propio Xefe da Unidade.
- f) Acordar a adxudicación de bens ao Concello, previa consulta aos Servizos Técnicos sobre a utilidade deste.
- g) Resolución de terceirías que debidamente cumprimentadas se presenten na Unidade de recadación.
- h) Ditar acordos de derivación de responsabilidade.



i) Autorización, se procede, de subscripción de acordos ou convenios a que se chegue nos procesos concursais.

Artigo 64. Funcións do/a interventor/a

Corresponderá ao/á interventor/a:

- a) Tomar razón e fiscalizar os feitos ou actos que supoñan unha modificación nos dereitos recoñecidos e nos ingresos recadados municipais.
- b) Dirixir a contabilidade municipal de conformidade co disposto na ICAL (orde EHA / 4041/2004 de 23 de novembro).

Artigo 65. Funcións da Tesouraría

Correspóndolle:

- a) Ditar a providencia de constrinximento e a providencia de embargo.
- b) Dirixir o procedemento recadatorio nas súas fases de período voluntario e executivo.
- c) Instar dos servizos internos municipais a colaboración necesaria para o correcto desenvolvemento da xestión recadatoria e en concreto a que se relaciona:
 - 1. Solicitud de información sobre bens do debedor para o embargo.
 - 2. Solicitud de captura, depósito e precinto de vehículos ás autoridades que teñan ao seu cargo a vixilancia da circulación.
 - 3. Solicitud de locais para a custodia e depósito de bens embargados.
 - 4. Designación de funcionario técnico para a valoración dos bens embargados.
 - 5. Nos supostos en que sexa descoñecido o paradeiro do debedor solicitarse ao concello do territorio en que se presume a residencia do mesmo, a certificación e informes correspondentes.
 - 6. Solicitud de designación de técnico nos supostos que fora necesario proceder ao deslinde dos bens inmoables embargados.

Artigo 66. Funcións da Asesoría Xurídica

Á Asesoría Xurídica do concello, de existir ésta, corresponderanlle as funcións atribuídas ao Servizo Xurídico do Estado, con especial referencia aos seguintes supostos:

- a) Informe previa á adopción do acordo de derivación e declaración de responsabilidade.
- b) Emitir informes previos sobre conflitos xurisdiccionais.
- c) Representacións do concello ante os Órganos xudiciais en procedementos concursais e outros de execución.
- d) Informe previo, no prazo de 15 días, á resolución de terceiroías por parte da Alcaldía.
- e) Informe sobre a utilidade da adxudicación a favor do concello de bens non enaxenados en subhasta.



f) Así como calquera outro informe ou certificación necesarias para o cumprimento do previsto na lexislación vixente.

Artigo 67. Outras funcións

1. Calquera outra función atribuída a órganos do Ministerio de Facenda distintos dos referenciados anteriormente, corresponderá ao Concello dentro da esfera de competencias deducida da súa organizaciaon interna.

2. Nos supostos de dubidosa atribución funcional, resolverá o alcalde a proposta da Tesourería.

Artigo 68. Sistema de recadación

1. A recadación de tributos e prezos públicos periódicos poderase realizar en período voluntario a través das entidades colaboradoras que se reseñarán no documento-notificación remitido ao suxeito pasivo; documento que será apto e suficiente para permitir o ingreso nesas entidades.

Se non se recibiran tales documentos, o contribuínte pode acudir á oficina de Recadación, onde poderá pagar.

2. Nos tributos de carácter periódico, unha vez notificada a alta no correspondente rexistro, as cotas sucesivas deberán ser satisfeitas nos prazos fixados no calendario de cobranza, sen que sexa oponible ao inicio da vía de constrinximento a non recepción do documento de pagamento.

3. O pagamento das débedas en período voluntario poderá realizarse en entidade colaboradora nas condicións e prazos determinados no documento que se remitirá ao domicilio do debedor.

Artigo 69. Domiciliación bancaria

1. Potenciarase a domiciliación bancaria, impulsando a campaña que divulgue as súas vantaxas. A solicitude de domiciliación ou a súa modificación deberá realizarse con dous meses de antelación ao primeiro día do período voluntario de cobranza do tributo. No caso contrario producirá efectos no exercicio seguinte.

2. Nos supostos de recibos domiciliados, non se remitirá ao domicilio do/a contribuínte o documento de pagamento; alternativamente, os datos da débeda incorporaranse no soporte magnético que orixine o correspondente cargo bancario, debendo a entidade financeira expedir e remitir o comprobante de cargo na conta.

3. Ordenarase ao cargo na conta dos obrigados ao pagamento a metade do período voluntario. Se a domiciliación non fora atendida, a entidade bancaria comunicarllo de



inmediato, a fin de que pola Unidade de Recadación se poda remitir ao suxeito pasivo o documento de pagamento ou avisalo.

4. Se o/a contribuínte considera indebido o cargo e solicita a retrocesión deste, resolverase coa máxima axilidade a reclamación e, no seu caso procederáse á devolución no prazo máis breve posible.

5. Cando a domiciliación non surtira efecto por razóns alleas ao/á contribuínte e se iniciara o período executivo dunha débeda cuxa domiciliación fora ordenada, só esixirase o pagamento da cota inicialmente liquidada, sempre referido a problemas nas ordes informáticas realizadas pola Oficina de recadación voluntaria.

Artigo 70. Entidades colaboradoras

1. Son colaboradoras na recadación as entidades de depósito autorizadas para exercer esta colaboración, as cuais en ningún caso terán o carácter de órganos da recadación municipal.

2. As funcións a realizar polas entidades de depósito colaboradoras da recadación son as seguintes:

a) Recepción e custodia de fondos, entregados por parte de calquera persoa, como medio de pagamento dos créditos municipais, sempre que se aporte o documento expedido polo Concello e o pagamento teña lugar nas datas regulamentadas.

b) As entidades bancarias situarán en contas restrinxidas das que sexa titular o concello os fondos procedentes da recadación.

c) Grabación puntual dos datos que permitan identificar o crédito satisfeito e a data de pagamento. Transmisión diaria polo medio informático convenido dos datos relativos á recadación efectuada nas diferentes sucursais da entidade bancaria durante ese día.

3. De conformidade co que prevé o Regulamento xeral de recadación, a colaboración por parte das entidades de depósito será gratuíta.

4. As entidades colaboradoras da recadación, deberán axustar estrictamente as súas actuacións ás directrices contidas no acordo de autorización, no que necesariamente haberá de contemplarse a esixencia de responsabilidade para o suposto de incumprimento de ditas normas.

Artigo 71. Pagamento por vía telemática e pagamento por tarxetas

Artigo 71.1. Pagamento por vía telemática

Conforme ao establecido no artigo 47 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, pódese facer o pago mediante vía telemática, nos termos que dispoña na súa Ordenanza específica.



Artigo 71.2. Pagamento mediante tarxetas de crédito e débito

- Será admisible o pagamento mediante tarxetas de crédito ante as entidades de crédito que, no seu caso, sexan colaboradoras na recadación ou presten o servizo de caixa, sempre que a tarxeta a utilizar se atope incluída entre as que, a tal fin, sexan admitidas en cada momento por ditas entidades.
- O límite dos pagamentos a realizar virá determinado polo asignado pola entidade emisora individualmente a cada tarxeta e que, en ningún caso, poderá superar a cantidade de 300,00 € por cada documento de ingreso, non poidendo simultanerase, para un mesmo documento de ingreso con calquera outro dos medios de pago admitidos.
- Os importes ingresados polos/as obrigados/as ao pagamento a través de tarxetas de crédito ou débito non poderán ser minorados como consecuencia de descontos na utilización destas ou por calquera outro motivo.
- A eficacia liberatoria do pagamento mediante este medio quedará condicionada á efectiva entrada do importe total, sen descontos ou outro tipo de gastos ou comisións, na conta restrinxida de ingresos mediante TPV; e de selo caso, non terá eficacia o acto ata que o/a obrigado/a ao pagamento non ingrese a parte minorada, posto que estas relacións, entidades emisoras/cliente, son alleas ao ámbito da facenda municipal.

SUBSECCIÓN II. XESTIÓN RECADATORIA

CAPÍTULO I. NORMAS COMÚNS

Artigo 72. Ámbito de aplicación

1. Para a cobranza dos tributos e das cantidades que como ingresos de dereito público, tales como prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, prezos públicos, multas e sancións pecuniarias, debe percibir a Administración municipal, ésta ostenta as prerrogativas establecidas legalmente para a Facenda do Estado.
2. Sendo así, as facultades e actuacións do concello alcanzan e se estenden á recadación de tributos e outros recursos de dereito público, poidendo entenderse aplicables a todos eles as referencias regulamentarias á categoría de tributos.

Artigo 73. Obrigados/as ao pagamento

1. En primeiro lugar, están obrigados/as ao pagamento como debedores/as principais:



- a) Os suxeitos pasivos dos tributos, sexan contribuíntes ou substitutos/as;
- b) Os/as retedores/as e
- c) Os/as infractoras/, polas sancións pecuniarias.

2. Se os/as debedores/as principais, referidos no punto anterior, non pagan a débeda, estarán obrigados/as ao pagamento:

- a) Os/as responsables solidarios/as.
- b) Os/as responsables subsidiarios/as, previa declaración de fallidos dos/as debedores/as principais.

3. Cando sexan dous ou máis os/as responsables solidarios/as ou subsidiarios/as dunha mesma débeda, ésta poderá esixirse íntegramente a calquera deles.

4. Os/as sucesoras “mortis causa” dos/as obrigados/as ao pagamento das débedas enumeradas nos puntos anteriores, subrogaranse na posición do/a obrigado/a a quen sucedan, respondendo das obrigas pendentes dous seus causantes coas limitacións que resulten da lexislación civil para a adquisición da herdanza. Non obstante, á morte do suxeito infractor/a non se transmiten as sancións pecuniarias impostas ao mesmo.

5. No caso de falecemento do/a obrigado/a ao pagamento, se non existen herdeiros/as coñecidos ou cando os/as coñecidos/as renunciaran á herdanza, ou non a aceptaran, o xefe da Unidade de Recadación Executiva porá os feitos en coñecemento da Tesourería, quen dará traslado á Asesoría xurídica, aos efectos pertinentes.

Artigo 74. Domicilio

1. Salvo que unha norma regule expresamente a forma de determinar o domicilio fiscal, en orden á xestión dun determinado recurso, a efectos recadatorios o domicilio será:

- a) Para as persoas naturais, o da súa residencia habitual.
- b) Para as persoas xurídicas, o do seu domicilio social.

2. O/a contribuínte pode designar outro domicilio propio ou do seu representante, co fin de recibir no mesmo as notificacións administrativas.

3. En todo caso os suxeitos pasivos dos tributos municipais están obrigados a declarar as variacións no seu domicilio e tamén poñer de manifesto as incorreccións que poideran observar nas comunicacións dirixidas dende o concello.

4. Cando o concello coñeza que o domicilio declarado polo suxeito pasivo ante a Administración Tributaria Estatal é diferente do que obra na súa base de datos poderá



rectificar este último, incorporándoo como elemento de xestión asociado a cada contribuínte e constituirá a dirección á que remitir todas as notificacións derivadas da xestión recadatoria.

5. O domicilio declarado polo suxeito pasivo, ou rectificado polo concello en base as súas fontes de información, incorporárase como elemento de xestión asociado a cada contribuínte e constituirá a dirección á que remitir todas as notificacións derivadas da xestión recadatoria.

6. Os suxeitos pasivos que residan non extranxeiro durante máis de seis meses cada ano natural virán obrigados a designar un representante con domicilio no territorio español.

Artigo 75. Lexitimación para efectuar e recibir o pagamento

1. O pagamento poderase realizar por calquera dos/as obrigados/as e tamén por terceiras persoas con plenos efectos extintivos da débeda.

2. O terceiro que pagou a débeda non poderá solicitar da Administración a devolución do ingreso e tampouco exercer outros dereitos do/a obrigado/a, sen prexuízo das accións que en vía civil poideran corresponderlle.

3. O pagamento da débeda haberá de realizarse na Oficina de Recadación, ou nas entidades designadas como colaboradoras, cuxa relación consta nos documentos-notificación remitidos ao/á contribuínte.

Artigo 76. Deber de colaboración co concello

1. Toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, está obrigada a proporcionar á Administración tributaria os datos e antecedentes necesarios para a cobranza das cantidades que como ingresos de dereito público aquela deba percibir.

2. En particular as persoas ou Entidades depositarias de diñeiro en efectivo ou en contas, valores e outros bens de debedores á Administración municipal en período executivo, están obrigadas a informar aos órganos de recadación e a cumprir os requirimentos que, en exercicio das funcións legais, se efectúen.

3. Todo/a obrigado/a ao pagamento dunha débeda deberá manifestar, cando se lle requira, bens e dereitos do seu patrimonio en coantía suficiente para cubrir o importe da débeda.

4. O incumplimento das obrigas de prestar colaboración a que se refire este artigo poderá orixinar a imposición de sancións, segundo o que se establece na subsección II da sección V desta Ordenanza.

CAPÍTULO II. RESPONSABLES E GARANTÍAS DE CRÉDITO



Artigo 77. Responsables solidarios/as

1. Nos supostos de responsabilidade solidaria previstos polas leis, cando transcorrera o período voluntario de pagamento sen que o/a debedor/a principal satisfacera a débeda, sen prexuízo da súa responsabilidade, poderase reclamar dos/as responsables solidarios/as o pagamento da mesma.
2. Ao responsable esixíraselle o importe da cota inicialmente liquidada, incrementado nos xuros de mora. Se esta débeda non se satisface no período de pagamento voluntario que se lle concedera, esixírase ao/á responsable a recarga de constrinximento aplicado sobre a débeda inicial.
3. Responderán solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.
4. En particular, responderán solidariamente da débeda ata o importe do valor dos bens ou dereitos que se poideran embargar, as seguintes persoas:
 - a) Os/as causantes ou que colaboren na ocultación de bens ou dereitos coa finalidade de impedir a súa traba.
 - b) Os/as que por culpa, ou negligencia, incumpran as órdenes de embargo.
 - c) Os/as que, coñecendo o embargo, colaboren ou cosintan o seu levantamento.
 - d) As persoas ou entidades depositarias dos bens do debedor que, unha vez recibida a notificación do embargo, colaboren ou consintan no levantamento daqueles.*

Artigo 78. Procedemento para esixir a responsabilidade solidaria

1. Transcorrido o período voluntario de pagamento, o/a xefe/a da unidade de Recadación preparará o expediente, en base ao cal a Tesourería propondrá ao/á alcalde/sa que dicte o acto de derivación de responsabilidade solidaria.
 2. Dende a Unidade de Recadación requirírase ao/á responsable, ou a calquera deles, se son varios, para que efectúe/en o pagamento, á vez que se lle/s dá audiencia, con carácter previo á derivación de responsabilidade, por prazo de quince días, no que os/as interesado/as poderán alegar e presentar os documentos que estimen pertinentes.
- Vistas as alegacións no seu caso presentadas e, se non se satisfizo a débeda, ditarase acto de derivación de responsabilidade con expresión de:
- a) Os elementos esenciais da liquidación e do título executivo.
 - b) Texto íntegro do acordo de declaración de responsabilidade.



- c) Medios de impugnación que poden ser exercidos polos/as responsables, contra a liquidación, ou a extensión de responsabilidade, con indicación de prazos e órganos ante os que haberán de interpoñerse.
- d) Lugar, prazo e forma en que deba satisfacerse a débeda, que serán os establecidos para os ingresos en período executivo.
- e) Advertencia de que, transcorrido o período voluntario que se concede, se o responsable non efectúa o ingreso, a responsabilidade se extenderá automaticamente á recarga.

3. As accións dirixidas contra un/unha debedor/a principal ou un/unha responsable solidario/a non impedirán outras accións posteriores aos/ás demais obrigados/as ao pagamentos, mentres non se cobre a débeda por completo.

Artigo 79. Responsables subsidiarios/as

1. Os responsables subsidiarios/as están obrigados/as ao pagamento cando os/as debedores/as principais e responsables solidarios/as fosen declarados fallidos e se ditara acto administrativo de derivación de responsabilidade, sen prexuízo das medidas cautelares que antes desta declaración poidan adoptarse.

2. A responsabilidade subsidiaria, salvo que unha norma especial dispoña outra cousa, esténdese á débeda tributaria inicialmente liquidada e notificada ao/á debedor/a principal en período voluntario.

3. Con carácter previo á derivación de responsabilidade, darase audiencia ao/á interesado/a na forma regulada no punto 2 do artigo anterior.

4. O acto administrativo de derivación será dictado polo alcalde e notificado na forma establecida no artigo anterior.

5. A responsabilidade con carácter xeral será subsidiaria, agás cando unha lei establezca a solidaria.

Artigo 80. Responsabilidade dos/as administradores/as

1. Os/as administradores/as de persoas xurídicas que non realizasen os actos da súa incumbencia necesarios para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consintiesen o incumprimento por quenes deles dependan ou adoptasen acordos que fixeran posibles tales infraccións, serán responsables subsidiarios/as das débedas seguintes:

- a) No caso de infraccións tributarias simples, o importe da sanción.
- b) No caso de infraccións tributarias graves, o importe da débeda inicial máis a sanción.



2. En supostos de cese das actividades das persoas xurídicas, responderán subsidiariamente, polo importe da débeda inicial, os/as administradores/as que non actuaran coa dilixencia debida.

Artigo 81. Sucesión na débeda tributaria

1. As débedas tributarias derivadas do exercicio de explotacións e actividades económicas, serán esixibles a quen lles sucedan por calquera concepto, sen prexuízo do que para a herdanza aceptada a beneficio de inventario establece o Código Civil.

2. O/a que pretenda adquirir a titularidade poderá solicitar no concello certificación das débedas derivadas do exercicio da explotación. Se a certificación é de contido negativo, ou non se facilita no prazo de dous meses, quedará aquel/a exento/a de responsabilidade polas débedas referidas neste punto.

3. Disolta e liquidada unha sociedade, esixirase aos/ás seus/súas socios/as ou partícipes no capital, o pagamento das débedas pendentes ata o límite do valor da cota de liquidación que se lle adxudicara.

Artigo 82. Concorrenza de titularidade

1. Cando dous ou máis titulares realizan un mesmo feito impoñible están solidariamente obrigados/as fronte á Facenda Municipal, nos termos establecidos no artigo 35.6 da Lei xeral tributaria.

2. En virtude do que prevé o punto anterior, poderase esixir a totalidade da débeda tributaria a calquera dos/as codebedores/as.

3. O concello notificará as débedas a todos/as os/as cotitulares, sempre que teña coñecemento da súa identidade. Non obstante, cando a notificación non poida ser completa, por razóns alleas ao concello, isto non impedirá a aplicación da solidariedade prevista no punto 2 deste artigo, sempre que a notificación se dirixa a quen figure como titular do ben, dereito ou actividade nun Rexistro público.

Artigo 83. Comunidades de bens

1. Nos tributos municipais, cando así o prevea a Lei de facendas locais, terán a condición de suxeitos pasivos as herdanzas iacentes, comunidades de bens e demais entidades que, sen personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptibles de imposición.

2. Os/as copartícipes ou cotitulares das Entidades a que se refire o punto anterior responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas Entidades.



Artigo 84. Garantías de pagamento

1. A Facenda Municipal goza de prelación para o cobro dos créditos de dereito público vencidos e non satisfeitos en canto concorran con acreedores/as que non o sexan de dominio, prenda, hipoteca, ou calquera outro dereito real debidamente inscrito no correspondente rexistro con anterioridade á data en que se faga constar no mesmo o dereito da Facenda Municipal.

2. Nos recursos de dereito público que graven periodicamente os bens ou dereitos inscribibles nun rexistro público, a Facenda Pública terá preferencia sobre calquera outro/a acreedor/a ou adquirente, aínda que éstos inscribieran os seus dereitos, para o cobro das débedas non satisfeitas correspondentes ao ano natural en que se exercite a acción administrativa de cobro e ao inmediato anterior.

A estos efectos, entenderase que a acción administrativa de cobro exerceuse cando se inicia o procedemento de recadación en período voluntario.

3. Para ter igual preferencia que a indicada no artigo precedente, por débitos anteriores aos expresados nel, ou por maior cantidade, poderá constituírse hipoteca especial a favor da Facenda Municipal que surtirá efecto dende a data en que quede inscrita.

Artigo 85. Afección de bens

1. Nos supostos en que se transmita a propiedade, ou a titularidade dun dereito real de usufructo, ou de superficie, ou dunha concesión administrativa, os bens inmoebles obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ao pagamento da totalidade das débedas e recargas pendentes polo Imposto sobre bens inmoebles.

2. O importe da débeda a que e estende a responsabilidade alcanza os conceptos de:

- Cota do Imposto sobre bens inmoebles.
- Recargas esixibles, a favor doutros Entes públicos.

3. A débeda esixible, integrada polos conceptos referidos no punto anterior é a devengada con anterioridade á data de transmisión, sempre que non esté prescrita.

4. A declaración de afección dos bens e conseguinte derivación de responsabilidade ao/á adquirente, será aprobada polo/a alcalde/sa, previa audiencia ao/á interesado/a, por termo de quince días.

5. A resolución declarativa da afección será notificada ao/á propietario/a, comunicándolle os prazos para efectuar o pagamento.



CAPÍTULO III. RECADACIÓN VOLUNTARIA

Artigo 86. Períodos de recadación

1. O prazo de ingreso en período voluntario das débedas de vencimento periódico e notificación colectiva, tanto por tributos como por outros ingresos de dereito público, serán os determinados polo concello, no calendario de cobranza (artigo 18 desta OX), que será publicado no BOP e exposto ao público no Taboleiro de anuncios municipal. En ningún caso o prazo para pagar estes créditos será inferior a dous meses naturais.

2. O prazo de ingreso en período voluntario das débedas por liquidacións de ingreso directo será o que conste no documento-notificación dirixido ao suxeito pasivo, sen que poida ser inferior ao período establecido no artigo 62.2 da Lei 58/2003 e que é o seguinte:

a) Para as débedas notificadas entre os días 1 e 15 do mes, dende a data de notificación ata o día 20 do mes posterior, e se éste fora inhábil, inmediato hábil posterior.

b) Para as débedas notificadas entre os días 16 e último do mes, dende a data de notificación ata o día 5 do segundo mes posterior, no caso de que éste fora inhábil, o inmediato hábil posterior.

3. As cotas correspondentes a declaracións necesarias para que o Concello poida practicar a notificación, ou autoliquidacións, presentadas fóra de prazo sen requerimento previo, incrementaranse coas seguintes recargas:

<u>Declaración despois período voluntario</u>	<u>Recargas</u>
---	-----------------

Se se efectúa:

- dentro dos 3 meses.....	5%
- entre 3 e 6 meses.....	10%
- entre 6 e 12 meses.....	15%

Esta recarga calcularase sobre o importe a ingresar resultante das autoliquidacións ou sobre o importe da liquidación derivado das declaracións extemporáneas e excluírá as sancións que poideran esixirse e os xuros de mora devengados ata a presentación da autoliquidación ou declaración.

- despois de 12 meses.....	20%
----------------------------	-----

Nas autoliquidacións presentadas despois de 12 meses, ademais da recarga anterior, esixíranse xuros de mora polo período transcorrido dende o día seguinte ao termo dos 12 meses posteriores á finalización do prazo establecido para presentación ata o momento en que a autoliquidación ou declaración fose presentada.



4. Nos supostos de autoliquidación, cando os obrigados tributarios non efectúen o ingreso ao tempo da presentación da autoliquidación extemporánea, ademais das recargas previstas no punto 3, esixíranse a recarga de constrinximento.
5. As débedas por conceptos diferentes aos regulados nos puntos anteriores, deberán pagarse nos prazos que determinen as normas conforme ás cales tales débedas se esixan. No caso de non determinación de prazos, aplicarase o disposto neste artigo.
6. As débedas non satisfeitas nos períodos citados esixíranse en vía de constrinximento computándose, no seu caso, como pagamentos a conta as cantidades satisfeitas fóra de prazo.
7. Para que a débeda en período voluntario quede extinguida, debe ser pagada na súa totalidade.

Artigo 87. Desenvolvemento do cobro en período voluntario

1. O pagamento efectuarase na Oficina de recadación ou en entidades colaboradoras.
2. Os medios de pagamento admisibles son o diñeiro en curso legal e o cheque bancario, que haberá de ser nominativo a favor do Concello, transferencia bancaria, e calquera outro que sexa autorizado polo Concello.
3. O/A debedor/a de varias débedas poderá realizar o pagamento en período voluntario e imputalo ás que libremente determine.
4. En todo caso a quen pague unha débeda entregáraselle un xustificante do pagamento realizado que haberá de estar autenticado mecánicamente. Tamén considerárase xustificante de pagamento calquera outro documento que se outorgue expresamente polo Departamento de Tesourería a tal fin, cando as circunstancias impidan a validación mecánica daquel.

Artigo 88. Conclusión do período de pagamento voluntario

1. Concluído o período de pagamento voluntario, unha vez verificado que xa foi procesada toda a información sobre cobros efectuados en período voluntario, expedíranse polo Departamento de Recadación as relacións de recibos e liquidacións non satisfeitas en período voluntario.
2. Na mesma relación farase constar as incidencias de suspensión, aprazamento, fraccionamento de pagamento, ou anulación.
3. A relación de débedas non satisfeitas e que non estean afectadas por algunha das situacións do punto 2 servirá de fundamento para a expedición da providencia de constrinximento colectiva.



4. En ningún caso incluíranse nas providencias de constrinximento colectivas as débedas liquidadas ás Administracións Públicas.

CAPÍTULO IV. RECADACIÓN EXECUTIVA

Artigo 89. Inicio do período executivo

1. O período executivo iníciase para as liquidacións previamente notificadas non ingresadas ao seu vencimento, o día seguinte ao vencimento do prazo de ingreso en período voluntario.

2. O inicio do período executivo determina o devengo dunha recarga do 5 por 100 da débeda non ingresada, mentras non fora practicada a notificación de constrinximento ao/á debedor/a. A recarga será do 10 por 100 cando a débeda tributaria non ingresada se satisfaga no período establecido na notificación da providencia de constrinximento

3. Cando os/as obrigados/as tributarios non efectúen o ingreso, devéngase a recarga de constrinximento á finalización do prazo regulamentariamente determinado para o ingreso. presentadas sen realizar o ingreso, a recarga de constrinximento do 20 por 100 devéngase á presentación destas. Esixíndose os xuros de mora correspondintes.

A recarga de constrinximento é compatible coas recargas reguladas no punto 3 do artigo 86 desta Ordenanza.

4. O procedemento de constrinximento terá carácter exclusivamente administrativo e sustanciarase no modo regulado no Título III do Regulamento xeral de recadación.

Artigo 90. Prazos de ingreso

1. As débedas premadas pagaranse nos seguintes prazos:

- a) As notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 desteo mes, e no caso de que éste fora inhábil o inmediato hábil posterior.
- b) As notificadas entre os días 16 e último de cada mes, ata o día 5 do mes seguinte, e no caso de que éste fora inhábil, o inmediato hábil posterior.

2. Cando as débedas se paguen neste prazos, non se liquidarán xuros de mora.

3. Unha vez transcorridos os prazos do punto 1, a Tesourería ditará providencia de embargo. Se existiran varias débedas dun mesmo debedor acumularanse e no suposto de realizarse un pagamento que non cubra a totalidade de aquelas, aplicarase ás débedas máis antigas, determinándose a antigüidade en función da data de vencemento do período de pagamento voluntario.



Artigo 91. Procedementos de constrinximento e de embargo

Artigo 91.1. Inicio do procedemento de constrinximento

1. O procedemento de constrinximento iníciase mediante a notificación da providencia de constrinximento, expedida pola Tesourería municipal.
2. A providencia de constrinximento constitúe o título executivo, que ten a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados ao pagamento.
3. A providencia de constrinximento poderá ser impugnada polos seguintes motivos:
 - a) Pagamento ou extinción total da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pagamento.
 - b) Solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario e outras causas de suspensión do procedemento de recadación.
 - c) Falta de notificación da liquidación.
 - d) Anulación da liquidación.
 - e) Erro ou omisión no contido da providencia de constrinximento que impida a identificación do/a debedor/a ou da débeda premada.
4. Cando a impugnación, razoablemente fundada, se refira á existencia de causa de nulidade na liquidación, ordenarase a paralización de actuacións. Se se verifica que efectivamente se da aquela causa, se instará o correspondente acordo administrativo de anulación da liquidación e se estimará o recurso contra a providencia de constrinximento.

Artigo 91.1. Inicio do procedemento de embargo

Diligencias de embargo:

1. Transcorrido o prazo sinalado no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria, sen realizarse o ingreso requirido, procederase, en cumprimento do mandato contido na providencia de prema, ao embargo dos bens e dereitos que procedan, sempre que non se tivese pagado a débeda pola execución de garantías ou fose previsible de forma motivada que da devandita execución non resultará líquido abondo para cubrir a débeda.
2. Cada actuación de embargo documentarase en dilixencia de embargo.
3. As débedas dun/dunha mesmo/a obrigado/a ao pagamento poderán acumularse nunha dilixencia de embargo. Cando as necesidades do procedemento o esixan, procederase á segregación das débedas acumuladas.

Práctica de embargos



1. Se os bens embargables se encontran en locais de persoas ou entidades distintas do/a obrigado/a, ordenarase, mediante personación nos devanditos locais, ao/á depositario/a ou ao persoal dependente deste último a entrega dos bens, que se detallarán na correspondente diligencia.

En caso de negativa á entrega inmediata ou cando esta non sexa posible, poderase proceder ao precintado ou á adopción de medidas necesarias para impedir a substitución ou levantamento, facéndose constar en diligencia.

Cando sexa necesario o acceso aos bens embargados para os efectos da súa identificación ou execución, poderá requirirse o auxilio da autoridade.

O disposto neste apartado efectuarase tendo en conta o previsto nos artigos 142 e 146 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeneral tributaria, en relación coa entrada en terreos e locais e as medidas de aseguramento que é posible adoptar.

2. Cando na fase de traba ou na de execución se presuma que o resultado da alienación dos bens embargados poida ser insuficiente para cubrir a débeda, procederase ao embargo doutros bens e dereitos.

Cando pola información sucesivamente obtida se embarguen bens que na orde de embargo sexan anteriores a outros xa embargados pero non realizados, realizaranse aqueles con anterioridade.

3. Unha vez realizado o embargo dos bens e dereitos, a diligencia notificarase ao/á obrigado/a ao pagamento e, no seu caso, ao terceiro titular, posuidor/a ou depositario/a dos bens se non se tivesen realizado con eles as actuacións, así como ao cónxuxe do/a obrigado/a ao pagamento cando os bens embargados sexan gananciais ou se trate da vivenda habitual, e aos/ás condonos/as ou cotitulares.

No suposto de bens e dereitos inscritos nun rexistro público o embargo tamén deberá notificarse aos titulares de cargas posteriores á anotación de embargo e anteriores á nota marxinal de expedición da certificación de cargas a que se refire o artigo 74.

O embargo, en caso de cotas de participación de bens que se posúan pro indiviso, limitarase á cota de participación do obrigado ao pagamento e notificarase aos condóminos.

4. Se unha vez realizado o embargo se comprobase que concorren as circunstancias do artigo 169.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeneral tributaria, procederase ao seu levantamento.

5. O embargo deberá executarse nos seus estritos termos, sen prexuízo dos cales o/a obrigado/a ao pagamento poida interpoñer recurso ou reclamación económico-administrativa se considera que se incorre nalguna das causas do artigo 170.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeneral tributaria.



6. A inexistencia de bens embargables coñecidos polo concello cuxa execución permita o cobramento da débeda farase constar no expediente.

Concurrencia de embargos:

1. Cando concorran con outros procesos ou procedementos singulares de execución, o procedemento de prema será preferente se o embargo efectuado no curso deste último é o máis antigo. Para estes efectos, estarase á data da dilixencia de embargo do ben ou dereito.

2. Cando sobre os bens embargados pola Facenda municipal ou sobre os que se tivesen constituído garantías a favor desta existan dereitos inscritos ou anotados con anterioridade a favor doutros acredores, poderá subrogarse aquela nos devanditos dereitos mediante o aboamento aos acredores do importe dos seus créditos cando estes sexan substancialmente inferiores ao produto que previsiblemente poida obter a Facenda pública da alienación dos bens. Para exercer esta subrogación, o órgano de recadación que tramite o procedemento de prema formulará a correspondente proposta, que deberá ser autorizada polo órgano competente.

As cantidades aboadas por ese concepto terán o carácter de costas do procedemento, a cuxo pagamento se aplicarán con carácter preferente as cantidades que a Facenda pública obteña da alienación forzosa do ben embargado.

3. Cando os bens embargados sexan obxecto dun procedemento de expropiación forzosa, paralizaranse as actuacións de execución dos bens afectados e deberase comunicar ao Concello o embargo dos pagamentos a realizar ao/á expropiado/a. Para os efectos de continuar ou non o procedemento executivo respecto doutros bens do/a obrigado/a ao pagamento, considerarase realizado o embargo polo prezo firme do ben expropiado. Cando o prezo non sexa firme, considerarase realizado o embargo pola parte en que exista acordo e, de non o haber, polo prezo ofrecido polo Concello.

Embargo segundo a orde de prelación do artigo 169.2 da Lei xeral tributaria:

O procedemento específico das dilixencias de embargo aténdose ao establecido no artigo 169.2 da Lei xeral tributaria, levarase a cabo segundo o disposto nos artigos 78 a 99 do Regulamento xeral de recadación.

Formas de enaxenación:

1. Ás formas de alienación dos bens ou dereitos embargados serán a poxa pública, concurso ou adxudicación directa, salvo os procedementos específicos de realización de determinados bens ou dereitos que se regulan neste regulamento.



2. O *procedemento* ordinario de *adxudicación* de *bens* embargados será a *poxa* pública, que procederá *sempre* que *non sexa* expresamente aplicable *outra* forma de alienación.

3. Os/As interesados/as poderán participar nos *procedementos* de alienación dos bens embargados a través dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos que se aproben polo órgano competente.

Artigo 92. Acordo de enaxenaión e anuncio da subasta

1. O órgano de recadación competente acordará a alienación mediante *poxa* dos bens embargados que estime bastantes para cubrir suficientemente o débito perseguido e as costas do *procedemento* e evitarase, no posible, a venda dos de valor notoriamente superior ao dos débitos, sen prexuízo de que posteriormente autorice a alienación dos que sexan precisos.

O acordo de alienación deberá conter os datos identificativos do debedor e dos bens a subhastar, e sinalará o día, hora e lugar en que se celebrará a *poxa*, así como o tipo para licitar. Se é o caso, conforme ao disposto no artigo anterior, indicará a posibilidade de participar na *poxa* por vía telemática.

Se se trata de bens inmoables para os que o tipo de *poxa* exceda da cifra que se determine polo Concello, no acordo de alienación constará se aqueles *adxudicatarios* que exerciten a opción prevista no artigo 111 do regulamento poden obter autorización para efectuar o pagamento do prezo de remate o mesmo día en que se produza o outorgamento da escritura pública de venda. De ser así, farase constar que quen resulte *adxudicatario/a* terá que comunicar de forma expresa que desexa acollerse a esta forma de pagamento no mesmo momento en que solicite o outorgamento da escritura pública de venda. Así mesmo, indicárase se a autorización pode estar condicionada por decisión da Mesa a que quen resulte *adxudicatario/a* deba constituír no prazo improrrogable dos 10 días seguintes á *adxudicación* un depósito adicional. As decisións que se adopten en relación con esta autorización consideraranse actos de trámite e non serán susceptibles de reclamación ou recurso ningún.

Cando existan razóns que o xustificquen, o órgano de recadación competente poderá decidir que a *poxa* se realice fóra do ámbito territorial do órgano que acorde a alienación

2. O acordo de alienación será notificado ao obrigado ao pagamento, ao/á seu/súa cónxuxe se se trata de bens gananciais ou se se trata da vivenda habitual, aos/ás acreedores/as hipotecarios, pignoratícios e en xeral aos/ás titulares de dereitos inscritos no correspondente rexistro público con posterioridade ao dereito da Facenda pública que figuren na certificación de cargas emitida para o efecto, ao depositario, se é alleo ao Concello e, en caso de existir, aos copropietarios e terceiros posuidores dos bens a subhastar.

En caso de *poxas* de dereitos de cesión do contrato de arrendamento de locais de negocio



notificarase tamén ao/á arrendador/a ou administrador/a do terreo, cos efectos e requisitos establecidos na Lei 24/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos.

Na notificación farase constar que, en calquera momento anterior ao da adxudicación dos bens, poderán liberarse os bens embargados mediante o pagamento das cantidades establecidas no artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria

3. A poxa anunciarase nas oficinas do órgano de recadación ao que estea adscrito o/a obrigado/a ao pagamento.

Cando o/a obrigado/a ao pagamento estea adscrito a un órgano de ámbito nacional, a poxa anunciarase na sede deste último e na oficina do domicilio fiscal do/a obrigado/a.

Cando o valor dos bens supere a contía que se fixe por orde do Ministro de Economía e Facenda anunciarase no boletín oficial correspondente á demarcación territorial do órgano de recadación ao que estea adscrito o/a obrigado/a ao pagamento e, no seu caso, no Boletín Oficial do Estado. O órgano de recadación competente poderá tamén acordar a publicación nos concellos dos lugares onde estean situados os bens, en medios de comunicación de gran difusión, en publicacións especializadas e en calquera outro medio axeitado para o efecto e, se se trata de bens inmoables, no boletín oficial correspondente ao lugar onde estean situados.

4. No anuncio de poxa farase constar:

- a) A posibilidade de participar na poxa por vía telemática se así se acordou.
- b) Día, hora e lugar en que ha de celebrarse a poxa.
- c) Descrición dos bens ou lotes, tipo de poxa para cada un e tramos para a licitación, locais ou recintos onde están dispoñibles os bens e os títulos dispoñibles e días e horas en que poderán ser examinados.

Cando se trate de bens inscribibles en rexistros públicos, establecerase nos devanditos anuncios que os/as licitadores/as non terán dereito a esixir outros títulos de propiedade que os achegados no expediente; que de non estar inscritos os bens no rexistro, o documento público de venda é título mediante o cal pode efectuarse a inmatriculación nos termos previstos na lexislación hipotecaria, e que, nos demais casos en que sexa preciso, haberán de proceder, se lles interesa, como dispón o título VI da Lei Hipotecaria para levar a cabo a concordancia entre o rexistro e a realidade xurídica.

d) Indicación expresa de que no tipo da poxa non se inclúen os impostos indirectos que graven a transmisión dos devanditos bens.

e) Obriga de constituír ante a Mesa de poxa con anterioridade á súa celebración un depósito do 20% do tipo de poxa. De forma motivada poderá reducirse este depósito ata un mínimo do 10%. Así mesmo, advertirase que se os/as adxudicatarios/as non satisfán o prezo do



remate, o devandito depósito se aplicará á cancelación da débeda, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer polos prexuízos que orixine a falta de pagamento do prezo de remate.

O depósito deberá constituírse mediante cheque que cumpra os requisitos establecidos no artigo 35.1, por vía telemática a través das entidades colaboradoras adheridas ou por calquera medio que se habilite para o efecto.

f) Advertencia de que a poxa se suspenderá en calquera momento anterior á adxudicación de bens se se efectúa o pagamento da contía establecida no artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeneral tributaria.

g) Expresión das cargas, gravames e situacións xurídicas dos bens e dos seus titulares que, se é o caso, haxan de quedar subsistentes e afecten aos bens.

g) Obriga do/a adxudicatario/a de entregar no acto da adxudicación ou dentro dos 15 días seguintes a diferenza entre o depósito constituído e o prezo de adxudicación. Se é o caso, advertirase da posibilidade de que o pagamento da cantidade sinalada poderá efectuarse o mesmo día en que se produza o outorgamento da escritura pública de venda nos termos previstos no apartado 1, así como da posibilidade de que tal autorización estea condicionada a que se constituía un depósito adicional, se así o acorda a Mesa.

i) Admisión de ofertas en sobre pechado ou poxas automáticas por vía telemática, que deberán axustarse ao disposto no artigo 103.4. En tal caso, farase constar que a Mesa de poxa substituirá os/as licitadores/as, puxando por eles na forma prevista para o efecto.

k) Posibilidade de realizar unha segunda licitación cando a Mesa, ao finalizar a primeira, o xulgue pertinente, así como posibilidade de adxudicación directa cando os bens non sexan adxudicados na poxa.

l) Cando a poxa se realice a través de empresas ou profesionais especializados, farase constar esta circunstancia e as especialidades da poxa.

m) Calquera outra circunstancia, cláusula ou condición que deba aplicarse na poxa, así como todas aquelas condicións relevantes que puidesen establecerse para o trámite de adxudicación directa.

5. Realizada a notificación e o anuncio da poxa, para a celebración desta transcorrerán 15 días como mínimo.

Artigo 93. Mesa de subhasta



1. A mesa de subhasta de bens estará integrada polo/a tesoureiro/a, que será o/a presidente/a, o/a xefe/a da asesoría xurídica, que actuará como secretario/as, o/a xefe/a da unidade de recadación e o/a interventor/a.
2. As subhastas de bens embargados anunciaranse en todo caso no Taboleiro de Edictos do Concello. Cando o tipo de subhasta supere a cifra establecida por Orde do Ministro de Economía e Facenda, a subasta anunciarase ademais no Boletín Oficial da Provicina ou do Estado.
3. O/A xefe/a da unidade de recadación poderá acordar a publicación do anuncio de subhasta en medios de comunicación de gran difusión e en publicacións especializadas, cando ao seu xuízo resulte conveniente e o custe da publicación sexa proporcionado co valor dos bens.

Artigo 94. Celebración de subhastas

1. Nas subhastas de bens, o tempo para constituír depósitos ante a mesa, será, en primeira licitación de media hora. O prazo para a constitución de depósitos en segunda licitación establécese en media hora, unha vez transcorrer o prazo de media hora concedido para a constitución de depósitos en primeira licitación. Estes prazos poderán ampliarse no tempo necesario para que os licitadores poidan constituír os depósitos regulamentarios.
2. Os/As licitadores/as poderán enviar ou presentar as súas ofertas en sobre pechado, dende o anuncio da subhasta, ata unha hora antes do comezo desta. Estas ofertas, que terán o carácter de máximas, serán entregadas no Rexistro Xeral do concello. Tales ofertas deberán de ir acompañadas do xustificante de ingreso a favor do concello polo importe do depósito.
3. Serán ingresados na conta que designe a Tesourería, procedéndose á devolución dos importes depositados aos/ás licitadores/as non adxudicatarios unha vez concluída a subhasta, e os trámites necesarios para a súa devolución.
4. No suposto de que antes da celebración da subhasta, algún/algunha licitador/a que presentara a súa oferta en sobre pechado, manifeste por escrito a vontade de non concurrir á licitación, procederase á devolución do depósito nas condicións establecidas no punto 3.
5. No suposto de concurrencia de varias ofertas en sobre pechado, empezará a admisión de posturas a partir da segunda máis alta daquelas.
6. Cando a mesa teña que substituír aos/as licitadores/as en sobre pechado, puxará por eles/as, segundo os tramos establecidos no presente artigo, sen sobrepasar o límite máximo fixado na súa oferta.
7. A subhasta realizarase coa suxeción aos criterios seguintes:



- En primeira licitación, o tipo aplicable será o resultado de aplicar a valoración asignada aos inmobles a enaxenar. En caso de existir cargas que accederan ao Rexistro con anterioridade, servirá de tipo para a subhasta a diferenza entre o valor asignado e o importe destas cargas, que deberán quedar subsistentes en aplicar a súa extinción o prezo do remate. En caso que as cargas preferentes absorban ou exceden do valor asignado aos inmobles, o tipo será o correspondente ao importe dos débitos salvo que éstos sexan superiores ao valor de o ben, en cuxo caso o tipo da subhasta será dito valor.
- En segunda licitación, o tipo aplicable será o 75% do anterior.
- No caso que as subastas en primeira e en segunda licitación resultaran desertas ou, cos bens adjudicados non se cobrara a débeda e quedaran bens por enaxenar, continuarase o procedemento co anuncio de venda directa destes bens, a xestionar durante o prazo de seis meses a contar dende a data de celebración da subhasta. O tipo a aplicar cando os bens foran obxecto de subhasta en primeira licitación, será o correspondente a ésta.

8. Cando se celebraran dúas licitacións, poderase proceder á venda mediante xestión e adjudicación directas, nas condicións económicas que en cada caso determine a mesa de subhasta. Indicativamente, fíxase no 33,5 por cento do tipo da primeira licitación o tipo a aplicar nas vendas por xestión directa cando resultaran desertas as subastas en primeira e segunda licitación.

Artigo 95. Xuros de mora

1. As cantidades debidas por ingresos de dereito público devengarán xuros de mora dende o día seguinte ao vencemento da débeda en período voluntario ata a data do seu ingreso.
2. A base sobre a que se aplicará o tipo de xuro non incluírá a recarga de constrinximento.
3. O tipo de xuro fíxarase de acordo co establecido nos artigos 26 da Lei xeral tributaria. Cando, ao longo do período de mora, se modificaran os tipos de xuros, determinarase a débeda a satisfacer por xuros sumando as coantías que corresponda a cada período.
4. Con carácter xeral, os xuros de mora cobraranse xunto co principal; se o/a debedora se negara a satisfacer os xuros de mora no momento de pagar o principal, practícarase liquidación que deberá ser notificada e na que se indiquen os prazos de pagamento.
5. Se se embarga diñeiro en efectivo ou en contas, poderán calcularse e reterse os xuros no momento do embargo, se o diñeiro dispoñible fose superior á débeda perseguida. Se o líquido obtido fora inferior, practícarase posteriormente liquidación dos xuros devengados.

CAPÍTULO V. ADIAMENTOS E FRACCIONAMENTOS



Artigo 96. Solicitud

1. A solicitude de adiamento e fraccionamento dirixirase á Recadación Municipal quen realizará un informe de tódalas débedas pendentes de pagamento do solicitante, e a Tesouraría informará o expediente e a apreciación da situación económico-financeira do/a obrigado/a ao pagamento en relación á posibilidade de satisfacer os débitos.

2. A Tesouraría disporá o necesario para que as solicitudes referidas no punto anterior se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, e a necesidade de aportar os documentos que estimen convenientes, sendo a documentación mínima a achegar:

2.1. SOLICITUDES SOBRE DÉBEDAS DE PERSOAS FÍSICAS:

a) *Declaración do IRPF do exercicio anterior á solicitude.*

No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF:

- o certificado de retencións expedidos pola empresa, e/ou
- o certificado de percibir prestacións sociais, e
- declaración xurada de ingresos sen prexuízo de achegarse a certificación correspondente da AEAT sobre os datos fiscais.

A declaración xurada, para que teña validez, deberá vir acompañada dun certificado da entidade bancaria no que confíen as contas ou depósitos, sobre o saldo medio existente nos seis meses anteriores á petición do fraccionamento ou adiamento.

b) Nos casos de desemprego: certificado do organismo correspondente que acredite dita situación.

No caso de persoas pensionistas, certificado da Seguridade Social ou organismo competente da Comunidade Autónoma que acredite o seu importe.

c) Nos supostos de separación, divorcio ou ruptura do vínculo matrimonial, a renda procedente das pensións compensatorias establecidas nos convenios reguladores, agás denuncia do seu impago acreditada formalmente e vixente na data da solicitude, será tida en conta para a determinación da capacidade económica do solicitante. Dita renda incrementarase atendendo á variación interanual do IPC dende a data da sentenza ou formalización do convenio regulador.

d) Se nos supostos de separación e divorcio, os ex cónxuxes presentaran declaración conxunta no exercicio fiscal anterior, deberá achegarse certificación acreditativa dos datos fiscais individualizados da persoa solicitante, ou ben estarase aos importes resultantes do



certificado de retencións expedidos pola empresa, certificados de prestacións sociais, e subsidiariamente, da declaración xurada de ingresos do xeito previsto anteriormente.

2.2. SOLICITUDES SOBRE DÉBEDAS DE PERSOAS XURÍDICAS:

Copia da última declaración do imposto de sociedades e da escritura de constitución da sociedade.

2.3. En ambos casos aportaranse os datos bancarios (códigos BIC/SWIFT e IBAN) dunha conta aberta na oficina de entidades de depósito radicada en territorio español.

2.4. Cando a apreciación da suficiencia económica e xurídica das garantías presente especial complexidade, poderase solicitar informe doutros servizos técnicos do Concello ou doutra Administración ou contratar servizos externos. Así mesmo solicitará informe ao órgano con funcións de asesoramento xurídico correspondente sobre a suficiencia xurídica da garantía ofrecida.

3. A documentación á que se refire o punto 2 poderá esixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias persoais ou económicas.

4. A omisión, falsidade dos datos o dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

5. O solicitante beneficiario está obrigado a comunicar calquera variación que se produza nas circunstancias da súa concesión.

6. A non presentación da documentación requirida no prazo outorgado de subsanación, dará lugar a súa denegación.

7. Cando a débeda afectada pola solicitude de adiamento ou fraccionamento exceda de 6.000,01 €, será necesario detallar a garantía que se ofrece.

Como excepción á regra xeral, cando se xustifique que non é posible obter aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou mediante certificado de seguro de caución ou que a súa achega compromete gravemente a viabilidade económica (debendo acreditala), pódense admitir outras garantías que consistan en hipoteca, prenda, fianza persoal e solidaria ou outra que se estime suficiente.

A admisión de garantía distinta do aval ou do certificado farase unha vez que se probe a imposibilidade da súa achega ou as dificultades económicas que elo pode supoñer e sen que sexa necesario que a garantía mediante prenda ou hipoteca recaia sobre bens ou dereitos titular do obrigado ao pago.



A aceptación da garantía será competencia do órgano que deba resolver o adiamento ou fraccionamento solicitado. Dita aceptación efectuarase mediante documento administrativo que, no seu caso, será remitido aso rexistros públicos correspondentes para que o seu contido se faga constar nestes.

8. As débedas derivadas de infraccións en materia de tráfico non serán aprazables ou fraccionables en período voluntario.

9. Exceptúase desta posibilidade de fraccionamento ou adiamento:

a) Se se pretende aprazar ou fraccionar débedas e existen nese momento débedas en vía executiva, deberase solicitar o adiamento ou fraccionamento do total da débeda, excepto as xa garantidas, fraccionadas, aprazadas ou suspendidas por recursos sen resolver no momento da súa petición.

b) Non son aprazables aquelas débedas inferiores a 300,00 € o superiores a 10.000,00 €.

c) Débedas previamente aprazadas ou fraccionadas, excepto naqueles supostos que se acredite contrastadamente a súa necesidade e viabilidade de cumprimento.

d) Nos supostos de existencia de procedemento concursal quedan exceptuadas de adiamento ou fraccionamento, as débedas que se consideren que formen parte da masa pasiva. O seu tratamento queda supeditado á normativa correspondinte. Neste sentido, as solicitudes de adiamento ou fraccionamento de débeda, presentadas con posterioridade á iniciación do procedemento xudicial de concurso do debedor consideraranse improcedentes. As solicitudes formuladas con anterioridade á devandita iniciación considéranse que foron desistidas na data de iniciación do procedemento xudicial.

e) O incumprimento de pago de calquera fraccionamento ou adiamento no último ano desde a data da última cota incumplida impedirá a concesión de novos adiantos ou fraccionamentos de calquera outra débeda que se solicite salvo que unha vez remitido antes da emisión da seguinte cota o requirimento de pago da primeira cota impagada para que a aboen no prazo de 10 días dende a súa notificación, neste caso, fraccionamento ou adiamento seguirá vixente coas condicións e prazos orixinarios. Esta excepción só se terá en conta por unha soa vez, e no caso de que non realizase o ingreso naquel prazo, esixirase a débeda, recarga e xuros de mora dentro do procedemento recadatorio.

As solicitudes nas que concorran as circunstancias sinaladas nos apartados anteriores, que lles sexan de aplicación as excepcións descritas, consideraranse improcedentes e non se admitirán a trámite.

10. En ningún caso, poderán concederse adiantos de débedas que superen o prazo de prescrición de cada débeda obxecto de adiamento.

Artigo 96. bis. Os criterios xerais de concesión de adiamento/fraccionamento son:

1. Fraccionamentos:

O fraccionamento concederase por un prazo máximo de 24 meses segundo os seguintes criterios, tanto en período voluntario como en executivo:



- *Débedas de importe inferior ou igual a 3.000,00 € poderán fraccionarse por un período máximo de 12 meses.*

- *Débedas comprendidas entre 3.000,01 € a 6.000,00 € poderán fraccionarse hasta un período máximo de 18 meses.*

- *Débedas por importe superior a 6.000,01 € poderán fraccionarse por un período máximo de 24 meses.*

O fraccionamento de pago realizarase por medio de cotas mensuais constantes, distribuídas entre principal, recarga e xuros de mora, sen que as cotas fraccionadas podan ser inferiores a 30 €.

2. Adiamentos

O adiamento concederase por un prazo máximo de 12 meses, para débedas comprendidas entre 300 € e 10.000 € segundo os seguintes criterios, tanto en período voluntario como en executivo:

- *Débedas comprendidas entre 300 € e 3.000,00 € poderán aprazarse por un período máximo de 6 meses.*

- *Débedas comprendidas entre 3.000,01 € a 6.000 € poderán aprazarse ata un período máximo de 9 meses.*

- *Débedas comprendidas entre 6000,01 € e 10.000 € poderán aprazarse ata un período máximo de 12 meses.*

Artigo 97. Cómputo de xuros

1. As cantidades cuxo pagamento se aprace, excluído, no seu caso, a recarga de constrinximento, devengarán xuros de mora polo tempo que dure o aprazamento.

2. Na aplicación do punto 1, teranse en conta estas regras:

a) O tempo de aprazamento compútase dende o vencimento do período voluntario e ata o termo do prazo concedido.

b) No caso de fraccionamento, computaranse os xuros devengados por cada fracción dende o vencimento do período voluntario ata o vencimento do prazo concedido, debéndose satisfacer xunto con dita fracción.

3. Se, chegado o vencimento da débeda aprazada ou fraccionada non se realizara o pagamento, anularase a liquidación de xuros de mora correspondente aos prazos vencidos e a aqueles outros pendentes de vencemento.

A liquidación de xuros practicarase no momento de efectuar o pagamento, tomando como base de cálculo o principal da débeda.

O tipo de xuro a aplicar será o de mora, vixente ao longo do período.



4. A concesión dun aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non o devedo de xuros de mora.

Artigo 98. Efectos da falta de pagamento

1. Nos aprazamentos a falta de pagamento ao seu vencimento das cantidades aprazadas determinará:

a) Se a débeda se haxa en período voluntario no momento de conceder o aprazamento, esixírase pola vía de constrinximento a débeda aprazada e os xuros devengados, coa recarga de constrinximento correspondente. A recarga de constrinximento aplícase sobre o principal da débeda inicialmente liquidada, con exclusión dos xuros de mora. De non efectuarse o pagamento nos prazos fixados no artigo 62 da Lei xeral tributaria, procederá a executar a garantía; en caso de inexistencia, ou insuficiencia desta, seguirase o procedemento de constrinximento para a realización da débeda pendente.

b) Se o aprazamento foi solicitado en período executivo, procederá a executar a garantía e, no caso de inexistencia ou insuficiencia desta, se proseguirá o procedemento de constrinximento.

2. Nos fraccionamentos a falta de pagamento dun prazo determinará:

a) Se a débeda se haxa en período voluntario, a esixibilidade en vía de constrinximento das cantidades vencidas, extremo que será notificado ao suxeito pasivo, concedéndolle os prazos regulamentarios de pagamento das débedas en período executivo, establecidos no artigo 62 da Lei xeral tributaria.

Se se incumplira a obriga de pagar neste termo, considéranse vencidos os restantes prazos, esixíndose tamén en vía de constrinximento.

b) Se a débeda se haxa en período executivo, continuarás o procedemento de constrinximento para a exacción da totalidade da débeda fraccionada pendente de pagamento.

3. Nos fraccionamentos de pagamento en que se constituíran garantías parciais e independentes por cada un dos prazos, procederá:

a) Cando o fraccionamento fora solicitado en período voluntario, o incumplimento do pagamento dunha fracción determinará a esixencia por vía de constrinximento exclusivamente desta fracción e os seus xuros de mora, coa correspondente recarga de constrinximento, procedéndose a executar a respectiva garantía.

b) Cando o fraccionamento fora solicitado en período executivo, executarase a garantía correspondente á fracción impagada máis os xuros de mora devengados.



Nestes dous casos, o resto do fraccionamento subsistirá nos termos en que se concedeu.

Artigo 99. Garantías

1. A esixencia de garantías nas peticións de fraccionamentos e adiamentos regularase conforme aos seguintes criterios:

- *Fraccionamentos: cando a débeda sexa superior a 6.000,01 €, aportarase garantía, tanto en período voluntario como en período executivo.*
- *Adiamentos: cando a débeda estea comprendida entre 6.000,01 e 10.000,00 €, aportarase garantía, tanto en período voluntario como en período executivo.*

2. Clasificación das garantías:

- *O solicitante deberá aportar de forma preferente como garantía aval solidario de entidade financeira, sociedade de garantía recíproca ou seguro de caución.*

- *Cando non sexa posible aportar a garantía descrita no punto anterior, o obrigado tributario deberá ofrecer no momento de formular a solicitude e na orden de prelación que se establece a continuación, algunha das seguintes garantías:*

** Hipoteca inmobiliaria.*

** Hipoteca mobiliaria*

** Prenda con o sen desprazamento*

** Fianza persoal e solidaria prestada por outros contribuíntes, sempre e cando os fiadores estean ao corrente das súas obrigas tributarias e non tributarias co Concello do Carballiño, así como coa Administración Estatal e Autonómica e presenten unha situación económica que lles permita asumir o pago da débeda aprazada ou fraccionada.*

A situación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e non tributarias acreditarase mediante a presentación do correspondente certificado expedido pola Seguridade Social, pola Facenda Estatal, pola Facenda Autonómica e polo Concello do Carballiño, no que consten tales extremos.

A situación económica dos fiadores acreditarase mediante a presentación de copia da declaración do IRPF, ou, no seu caso, confirmación da liquidación practicada pola Administración, e/ou da declaración do Imposto sobre o Patrimonio, correspondente ao último exercicio cuxo prazo de presentación concluíse, e se apreciara en todo caso polo órgano competente.

A solicitude de fraccionamento ou adiamento, deberá ir necesariamente acompañada do documento en que se formalice a garantía, así como da documentación sinalada nos apartados anteriores, que acredite suficientemente a situación do fiador de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e non tributarias así como a súa situación económica,



en caso contrario, de non aportar dita documentación, terase por non presentada a todos os efectos procedéndose ao arquivo da solicitude e a súa notificación ao interesado.

- Calquera outra que se estime suficiente polo Servizo de Recadación.

A suficiencia económica e xurídica das garantías será apreciada polo Servizo de Recadación, que poderá solicitar cantos informes estime necesarios.

En todo caso, calquera que sexa a garantía ofrecida, se a valoración do ben, deducidas as cargas que, no seu caso, recaian sobre o mesmo, resultara insuficiente para garantir en todo o en parte o adiamento ou fraccionamento nos termos previstos nesta Ordenanza se poderá requirir ao obrigado tributario para que, no prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao da notificación da comunicación, aporte garantía complementaria.

Se o requirimento é atendido e se aporta garantía complementaria suficiente, continuarase a tramitación do expediente. Se o requirimento non é atendido, ou séndoo non se entenda complementada a garantía, denegarase a solicitude por insuficiencia de garantías.

Artigo 99 bis. Condicións das garantías

1. A garantía cubrirá o importe da débeda e dos xuros de mora que xere o fraccionamento ou adiamento, máis o 25 por cento da suma de ambas partidas. Poderá constituírse unha soa ou varias garantías comúns.

2. A garantía deberá aportarse ou constituírse no prazo de 2 meses seguintes ao da notificación do acordo de concesión do adiamento ou fraccionamento, que estará condicionado a súa formalización.

Transcorrido o prazo a que se refire o apartado anterior sen formalizar a garantía, quedará sen efecto o acordo de concesión. En tal caso, iniciarase inmediatamente o período executivo e esixirase a débeda e a recarga do período executivo que corresponda, sempre que conclúa o período voluntario de pago. Se o adiamento ou fraccionamento solicitouse en período executivo, continuarase o procedemento de constrinximento.

3. As garantías serán liberadas unha vez realizado o pago total da débeda garantida, incluídos, no seu caso, as recargas, xuros de mora e custas.

En todo caso, os gastos orixinados pola prestación, aceptación, valoración, execución e cancelación da garantía será a cargo da persoa obrigada ao pago.

Poderá acordarse a denegación cando a garantía aportada polo solicitante fose rexeitada anteriormente polo Concello por falta de suficiencia xurídica ou económica.

Artigo 99 ter. Supostos nos que non se ofrece ningunha garantía por circunstancias de extraordinaria necesidade ou excepcionais.



Cando o obrigado ao pago careza de bens suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar sustancialmente ao mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda Pública, na forma prevista regulamentariamente, nos demais casos que estableza a normativa tributaria.

A Administración tributaria poderá requirir ao obrigado tributario para que xustifique a imposibilidade de aportar aval bancario ou outras garantías, en cuxo caso poderá requirirse a seguinte documentación:

- Para persoas físicas:

- 1. Saldos medios de cada unha das súas contas bancarias referidos ao trimestre anterior á data de solicitude. O servizo de Recadación poderá solicitar ao obrigado tributario a achega do saldo das contas á data de vencemento de pago ou calquera outra.*
- 2. Nómina ou certificado de ingresos.*
- 3. Relación de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular.*
- 4. Calquera outra documentación que se estime pertinente.*

- Para Persoas Xurídicas:

- 1. Balance y Conta de Resultados do último exercicio pechado e informe de auditoría, se existe, en caso de empresarios ou profesionais obrigados por lei a levar contabilidade.*
- 2. Calquera outra documentación que se estime pertinente.*
- 3. Cando el solicitante sexa una Administración pública u organismo autónomo no se esixirá garantía.*

Artigo 100. Tramitación e Resolución

- 1. Las peticions de adiamento o fraccionamento serán tramitadas polo Servizo de Recadación e serán resoltas polo alcalde-presidente, salvo delegación expresa desta competencia, conforme aos criterios xerais de concesión establecidos no artigo 96 bis.*
- 2. O órgano competente para a tramitación examinará e valorará a suficiencia e idoneidade das garantías, ou, en caso de solicitude de dispensa de garantía, verificará a concorrencia das condicións precisas para obtela.*
- 3 Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na normativa ou non se acompañan os documentos citados nos apartados anteriores, requirirase ao solicitante para que, nun prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da notificación do requirimento, emende o*



defecto ou aporte os documentos con indicación de que, de non atender o requirimento no prazo sinalado, se terá por non presentada a solicitude e se arquivará sen máis trámite.

4. Se a solicitude de adiamento ou fraccionamento presentouse en período voluntario de ingreso e o prazo para atender o requirimento de subsanación finalizase con posterioridade ao prazo de ingreso en período voluntario e aquel non fose atendido, iniciarase o procedemento de constrinximento mediante a notificación da oportuna providencia de constrinximento.

5. Se a solicitude de adiamento ou fraccionamento e a documentación preceptiva non presentasen defectos ou omisións, ou se estes emendáronse en prazo, procederase a ditar resolución expresa polo órgano competente, sen que proceda ditar providencia de constrinximento, aínda cando transcorra o prazo de pago en período voluntario, ata tanto non sexa resolta a petición.

6. Cando a solicitude preséntese en período executivo, a administración municipal poderá iniciar ou, no seu caso, continuar o procedemento de constrinximento, sen prexuízo de que proceda a anulación das actuacións efectuadas con posterioridade á data de solicitude, se o fraccionamento ou adiamento fosen concedidos finalmente. No entanto, deberán suspenderse as actuacións no seu caso, de alleamento dos bens embargados ata a notificación da resolución denegatoria do adiamento ou fraccionamento.

7. O órgano competente para a tramitación da solicitude, se estima que a resolución puidese verse demorada pola complexidade do expediente, valorará o establecemento dun calendario de pagos provisional ata que a resolución prodúzase, podendo incorporar prazos distintos e substituíraos para todos os efectos.

8. Durante a tramitación da solicitude o debedor deberá efectuar o pago do prazo, fracción ou fraccións propostas naquela.

9. A resolución deberá adoptarse no prazo de 6 meses a contar desde o día en que a solicitude de adiamento ou fraccionamento tivo entrada no rexistro municipal.

Transcorrido devandito prazo sen que recaese resolución, os interesados poderán considerar desestimada a solicitude.

10. Se a resolución denega a concesión de fraccionamento ou adiamento, o obrigado ao pago deberá ingresar a débeda, xunto cos xuros de mora devengados desde o día seguinte ao do vencemento do prazo en período voluntario, ata a data do ingreso que se realice no prazo aberto coa notificación da resolución denegatoria. De non realizarse o ingreso no período voluntario aberto coa notificación da resolución denegatoria, os xuros liquidaranse ata a data de vencemento de devandito prazo.

Se a resolución fose denegatoria e solicitouse o adiamento en período executivo, advertirase ao solicitante que continúa o procedemento de présa suspendida.



A resolución notificarase coas seguintes prevencións:

- *Especificación e importe da débeda ou débedas que se fraccionan*
- *Importe da liquidación por xuros de mora*
- *Cantidade total aprazada ou fraccionada*
- *Importe e data de vencemento de cada un dos prazos concedidos, no seu caso.*

Contra a denegación das solicitudes de adiamento ou fraccionamento só caberá a presentación do correspondente recurso de reposición o reclamación económico-administrativa nos termos e cos efectos establecidos na normativa aplicable.

CAPÍTULO VI. PRESCRICIÓN E COMPENSACIÓN

Artigo 101. Prescrición

1. O prazo para esixir o pagamento das débedas tributarias aos catro anos, contados dende a data de finalización do prazo de pagamento voluntario.
2. O prazo para determinar as débedas tributarias prescribe aos catro anos, contados dende a finalización do período para presentar a declaración esixida legalmente.
3. O prazo de prescrición das débedas non tributarias determinarase en base á normativa particular que regule a xestión das mesmas. Se non existira previsión específica na Lei reguladora do recurso de dereito público non tributario, aplicarase o prazo de prescrición de catro anos, establecido no artigo 25 da Lei xeral orzamentaria.
4. O prazo de prescrición interrompirase:
 - a) Por calquera actuación do/a obrigado/a ao pagamento conducente á extinción da débeda, ou á interposición de reclamación ou recurso.
 - b) Por calquera actuación dos órganos de recadación, encaminada á realización ou aseguramento da débeda. Estas actuacións deberán documentarse na forma esixida regulamentariamente, facéndose constar en particular que as notificacións practicadas na forma regulada nesta Ordenanza teñen valor interruptivo da prescrición.
 - c) Tamén para o caso ao que se refire o apartado 1, pola interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase, polas actuacións realizadas con coñecemento formal do obrigado no curso de ditas reclamacións ou recursos, pola declaración do concurso do debedor ou polo exercicio de accións civís ou penais dirixidas ao cobro da débeda tributaria, así como pola recepción da comunicación dun órgano xurisdiccional na que se ordene a paralización do procedemento administrativo en curso.
 - d) Ademais para as débedas do apartado 2, pola interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase, polas actuacións realizadas con coñecemento formal do



obligado tributario no curso de ditas reclamacións ou recursos, pola remisión do tanto de culpa á xurisdición penal ou pola presentación de denuncia ante o Ministerio Fiscal, así como pola recepción da comunicación dun órgano xurisdicional na que se ordene a paralización do procedemento administrativo en curso.

5. Producida a interrupción, iniciárase de novo o cómputo do prazo de prescripción a partir da data da última actuación do obrigado ao pagamento ou da Administración.

Interrompido o prazo de prescripción, a interrupción afecta a todos/as os/as obrigados/as ao pagamento.

6. A prescripción das débedas aplicarase de oficio en expediente colectivo que se instruíra anualmente pola oficina de Recadación que unha vez informado acompañará co correspondente informe da Tesouraría e será aprobado polo Alcalde. Este expediente, fiscalizado pola Intervención, someterase á aprobación da Xunta de Goberno Local.

Artigo 102. Compensación

1. Poderán compensarse as débedas a favor do concello que se encontren en fase de xestión recadatoria, tanto voluntaria como executiva, coas obrigas recoñecidas por parte daquel e a favor do/a debedor/a.

2. Cando a compensación afecta a débedas en período voluntario, será necesario que lla solicite o/a debedor/a.

3. Cando as débedas se atopen en período executivo, o alcalde pode ordear a compensación, que se practica de oficio e será notificada ao/á debedor/a.

4. Todos os expedientes de compensación de débedas, tanto iniciados de oficio como a instancia do interesado, deberán conter como mínimo os seguintes informes:

a) Informe da Oficina de Recadación, indicando polo menos a débeda (principal, e de estar en período executivo a recarga, xuros e custas do procedemento), concepto e exercicio.

b) Informe da Intervención municipal que reflicte a existencia de crédito recoñecido pendente de pagamento, especificando, polo menos o número de factura, data desta, importe e concepto.

Unha vez emitidos os informes anteriores, notificaráselle o inicio do procedemento de compensación ao debedor, con indicación da débeda e do crédito existentes. Na comunicación advertirase da posibilidade de efectuar o ingreso da débeda para evitar a compensación e concederese un prazo, de polo menos, quince días para efectuar as alegacións que, en relación coa compensación considere oportunas.

Á vista das alegacións formuladas, no seu caso, a Tesouraría municipal decidirá, mediante proposta, a continuación do expediente de compensación. En xeral só serán admisibles como motivo válidos de oposición á compensación, os establecidos no artigo 167.3 da Lei



58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria para impugnar o procedemento de constrinximento.

En base á proposta, a Alcaldía adoptará acordo de compensación na cantidade concorrente, dando orden de aplicación de ingresos/pagos na parte nivelada, debedora ou acreedora.

Artigo 103. Compensación de oficio de débedas de Entidades Públicas

1. As débedas a favor do Concello, cando o/a debedor/a sexa un Ente territorial, Organismo Autónomo, Seguridade Social ou Entidade de Dereito público, cuxa actividade non se rixa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario.

2. O procedemento a seguir para aplicar a compensación será o seguinte:

a) Comprobada pola Unidade de Recadación que algunha das Entidades citadas no punto 1 é debedora do concello porano en coñecemento da Tesouraría mediante informe.

b) A Tesouraría solicitará á Intervención municipal certificado acreditativo do recoñecemento da obriga de pagar polo Concello do Carballiño aos entes debedores.

c) Unha vez emitidos os informes anteriores, notificaráselle o inicio do procedemento de compensación ao debedor, con indicación da débeda e do crédito existentes. Concederase un prazo, de polo menos, quince días para efectuar as alegacións que, en relación coa compensación considere oportunas.

d) A Tesouraría redactará a proposta de compensación en base ao informe de Recadación, á certificación da Intervención e ás alegacións presentadas, de selo caso.

e) En base á proposta a Alcaldía adoptará o acordo que autorice a compensación.

3. Se a Entidade debedora alega insuficiencia de crédito orzamentario e a súa vontade de tramitar un expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito, en prazo non superior aos tres meses, se suspenderá a compensación ata que a modificación orzamentaria sexa efectiva.

Artigo 104. Cobro de débedas de Entidades Públicas

1. Cando non fora posible a compensación como medio de extinción das débedas das Entidades Públicas reseñadas no artigo anterior, por non ostentar estas crédito algún contra o concello, a tesouraría solicitará á Intervención do Ente debedor certificado acreditativo do recoñecemento da obriga de pagar ao concello.



2. A tesourería trasladará á Asesoría Xurídica ou, de non existir ésta, á Secretaría a documentación resultante das súas actuacións investigadoras. Despois de examinar a natureza da débeda, o/a debedor/a e o desenvolvemento da tramitación do expediente, a Asesoría ou Secretaría elaborará proposta de actuación, que poida ser unha das seguintes:

- a) Se non está recoñecida a débeda por parte do Ente debedor, solicitar confirmación do recoñecemento da obriga e da existencia de crédito orzamentario.
- b) Se da certificación expedida se deducira a insuficiencia de crédito orzamentario para atender o pagamento, comunicárase ao Ente debedor que o procedemento se suspende durante tres meses, a efectos de que poida tramitarse a modificación orzamentaria pertinente.
- c) Cando a débeda quedara firme, esté recoñecida a obriga e exista crédito orzamentario, instárase ao cumprimento da obriga no prazo dun mes.
- d) Se por parte do Ente debedor se negara a realización das actuacións a que ven obrigado, relacionadas cos apartados anteriores, poderase formular recurso contencioso-administrativo, de acordo co que prevé a [Lei 29/1998, do 13 de xullo](#), reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

3. Alternativamente ás accións reflectidas no punto anterior, cando a Tesourería valore a extrema dificultade de realizar o crédito municipal, a través das mesmas, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- a) Solicitar á Administración do Estado, ou á Administración Autonómica que, con cargo ás transferencias que poideran ordearse a favor do Ente debedor, se aplique a retención de cantidade equivalente ao importe da débeda e sexa posto a disposición do Concello.
- b) Solicitar a colaboración da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4. Cando todas as actuacións municipais en orden á realización do crédito resultaran infructuosas, investigárase a existencia de bens patrimoniais a efectos de ordenar o embargo destes, se isto é necesario.

5. As actuacións que, nos seu caso, haxan de levarse a cabo serán aprobadas polo alcalde e da súa resolución efectuarase notificación formal á Entidade debedora.

CAPÍTULO VII. CRÉDITOS INCOBRABLES

Artigo 105. Situación de insolvencia

1. Son créditos incobrables aqueles que non poden facerse efectivos no procedemento de xestión recadatoria por resultar fallidos os/as obrigados/as ao pagamento, ou por realizarse con resultado negativo as actuacións previstas no artigo anterior.



2. Cando se declararan fallidos os obrigados ao pagamento e responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, en tanto non se rehabiliten en prazo de prescripción. A débeda quedará definitivamente extinguida se non se rehabilitara naquel prazo.
3. Se o xefe de recadación coñecera da solvencia sobrevida do/a debedor/a, propondrá á rehabilitación do crédito á Tesourería. Unha vez aprobada, rexistrarase informáticamente.
4. Declarado/a fallido/a un/unha debedor/a, os créditos contra o mesmo de vencimento posterior serán dados de baixa por referencia a dita declaración, se non existen outros/as obrigados/as ou responsables.
5. A efectos de declaración de créditos incobrables, o xefe da unidade de recadación documentará debidamente os expedientes, formulando proposta que, coa conformidade da Tesourería, e previo informe da Intervención, someterase a aprobación da Xunta de Goberno Local. En base a criterios de economía e eficacia na xestión recadatoria, detállase a continuación a documentación a incorporar nos expedientes para a declaración de crédito incobrable, en función da coantía dos mesmos.

Artigo 106. Criterios a aplicar na formulación de propostas de declaración de créditos incobrables.

1. Coa finalidade de conjugar o respecto ao principio de legalidade procedimental co de eficacia administrativa, establécense os requisitos e condicións que haberán de verificarse con carácter previo á proposta de declaración de créditos incobrables.
2. Formularanse proposta en calquera dos seguintes casos:
 - a) Intentada a notificación en todos os domicilios que figuren nos valores e no domicilio que consta no Padrón de Habitantes resulte o/a debedor/a descoñecido/a.
 - b) Intentada a notificación nos domicilios sinalados no apartado a) en distintas ocasións resulte ausente, sempre que careza de N.I.F.
 - c) Dispoñendo de N.I.F. do/a debedor/a intentouse notificación na forma e co resultado sinalado no apartado b) e tamén intentouse o embargo de fondos en distintas entidades bancarias con resultado negativo, o embargo de salarios e bens non é posible, non existen bens inscritos no Rexistro da Propiedade a nome do/a debedor/a ou existindo, a Tesourería oponse ao embargo do inmovible por considerar desproporcionada esta actuación en relación ao importe da débeda, e tamén cando a investigación no Rexistro Mercantil resulte negativa.

Artigo 107. Execución forzosa

1. Ao efecto de respetar o principio de proporcionalidade entre o importe da débeda e os medios utilizados para o seu cobro, cando sexa necesario proceder á execución forzosa dos bens e dereitos do/a debedor/a. A efectos de determinar a coantía a que se refire o punto



anterior, computaranse todas as débedas dun contribuínte que quedan pendentes de pagamento e sempre que se ditara providencia de constrinximento.

2. Cando o resultado das actuacións de embargo referidas no punto 1 sexa negativo, formularase proposta de declaración de crédito incobrábel.

3. Poderase ordear o embargo dos bens e dereitos previstos no artigo 169.2 da Lei xeral tributaria, preservando o orden establecido no mencionado precepto.

4. Non obstante ao previsto no punto 3, cando se houbera de embargar un ben cuxo valor é moi superior á coantía da débeda, consultarase á Tesourería e se actuará tendo en conta as súas actuacións.

5. Sen prexuízo do criterio xeral reflectido no apartado anterior, cando o debedor solicitara a alteración do orden de embargo do seus bens, respetarase o contido de tal solicitude sempre que con isto, a criterio do órgano de recadación, a realización do débito non se vexa dificultada.

SECCIÓN V. INSPECCIÓN

SUBSECCIÓN I. PROCEDEMENTO

Artigo 108. A Inspección dos tributos

1. O Servizo de Inspección ten encomendada a función de comprobar a situación tributaria dos distintos suxeitos pasivos ou demais obrigados tributarios co fin de verificar o exacto cumprimento das súas obrigas e deberes para coa Facenda local, procedendo, no seu caso, á regularización correspondinte.

2. No exercicio das súas competencias, correspaondole realizar as seguintes funcións:

a) Comprobación das declaracións e declaracións-liquidacións para determinar a súa veracidade e a correcta aplicación das normas, establecendo o importe das débedas tributarias correspondintes.

b) A investigación dos feitos impositivos para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración e a súa conseguinte atribución ao suxeito pasivo ou obrigado tributario.

c) Verificar o cumprimento dos requisitos esixidos para a concesión ou disfrute de calquera beneficio fiscal.

d) A comprobación do valor das rendas, produtos, bens e demais elementos do FI.

e) Informar aos suxeitos pasivos e outros obrigados tributarios sobre as normas fiscais e sobre o alcance das obrigas e dereitos que destas se deriven.



f) Todas as outras actuacións que dimanen dos particulares procedementos de comprobación de ingresos locais que a normativa establezca en cada caso, procurando con especial interese a correcta inclusión nos censos daqueles suxetos pasivos que han de figurar neles.

g) Calesquera outras funcións que se lle encomenden polos órganos competentes da Corporación.

3. Se fose aprobado un Plan Municipal de Inspección Tributaria e demais ingresos de dereito público, as actuacións inspectoras levarase a cabo conforme a este, redactado segundo o establecido no artigo 170 do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que e aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns aos procedementos de aplicación dos tributos.

Artigo 109. Persoal inspector

1. As actuacións inspectoras realizaranse polos funcionarios adscritos ao Servizo de Inspección, baixo a inmediata supervisión de quen ostente a súa Xefatura, quen dirixirá, impulsará e coordinará o funcionamento desta, coa preceptiva autorización do Alcalde.

2. Non obstante, as actuacións preparatorias, ou de comprobación, ou proba de feitos, ou circunstancias con transcendencia tributaria poderán encomendarse a outros empregados públicos que non ostenten a condición de funcionarios.

3. Os funcionarios do Servizo de Inspección, no exercicio das funcións inspectoras, serán considerados Axentes da autoridade, aos efectos da responsabilidade administrativa e penal de quenes ofrezan resistencia ou comentan atentado ou desacata contra eles, de feito ou de palabra, en actos de servizo ou con motivo do mesmo.

4. As Autoridades, calquera que sexa a súa natureza, e quenes en xeral exerzan funcións públicas, deberán prestar aos funcionarios e demais persoal da Inspección Tributaria Municipal, a súa petición, o auxilio e protección que lles sexan precisos.

5. A Alcaldía-Presidencia proveerá ao persoal inspector dun carnet ou outra identificación que lles acredite para o desempeño do seu posto de traballo.

Artigo 110. Clases de actuacións

1. As actuacións inspectoras poderán ser:

- (a) De comprobación e investigación.
- (b) De obtención de información con transcendencia tributaria.
- (c) De valoración
- (d) De informe e asesoramento.



2. O alcalde e contido destas actuacións é o definido para estas na Lei xeral tributaria, Regulamento xeral da inspección dos tributos e demais disposicións que sexan de aplicación.
3. O exercicio das funcións propias da Inspección Tributaria adecuarase aos correspondintes plans de actuacións inspectoras, aprobados polo alcalde, sen prexuízo da iniciativa dos actuarios de acordo cos criterios de eficacia e oportunidade.
4. As actuacións inspectoras documentaranse nos modos de impresos aprobados polo alcalde para tal fin ou, no seu caso, nos que figuren establecidos por disposicións de carácter xeral.
5. Nos supostos de actuacións de colaboración con outras Administracións Tributarias, o Servizo de Inspección coordinará con elas os seus plans e programas de actuación, tendo as súas actuacións ao alcance previsto na regulamentación do réximen de colaboración de que se trate.
6. O servizo de Inspección poderá levar a cabo actuacións de valoración a instancia doutros órganos responsables da xestión tributaria ou recadatoria.

Artigo 111. Lugar das actuacións

1. As actuacións inspectoras poderán desenvolverse indistintamente, segundo determine a inspección:

a) No lugar onde o obrigado tributario teña o seu domicilio fiscal, ou naquel onde o seu representante teña o seu domicilio, despacho ou oficina.

b) No lugar onde se realicen total ou parcialmente as actividades gravadas.

c) No lugar onde exista algunha proba, polo menos parcial, do feito impoñible ou do orzamento de feito da obrigaición tributaria.

d) Nas oficinas do Concello do Carballiño, cando os elementos sobre os que haxan de realizarse as actuacións poidan ser examinados nelas.

A inspección poderá acudir sen previa comunicación nas empresas, oficinas, dependencias, instalacións ou almacéns do obrigado tributario, entendéndose as actuacións con este o con o encargado ou responsable dos locais.

2. A Inspección determinará en cada caso o lugar onde ha de desenvolverse as súas actuacións, facéndose constar na correspondente comunicación.

3. Os obrigados tributarios poderán actuar por medio de representante que deberá acreditar tal condición, entendéndose en tal caso realizada as actuacións correspondentes co



suxeito pasivo ou obrigado tributario, mentras éste non fixese manifestación expresa en contrario.

Artigo 112. Procedemento de Inspección

1. Ao inicio das actuacións de comprobación e investigación informarase aos contribuíntes acerca da natureza e alcance destas, así como dos dereitos e obrigas no curso de tales actuacións.
2. O contribuínte poderá solicitar a ampliación, con carácter xeral, das actuacións de comprobación e investigación iniciadas con carácter parcial, sempre que se refiran ao mesmo tributo e exercicio que aquelas que son obxecto das actuacións en curso.
3. A solicitude de ampliación do alcance de actuacións a que se refire o apartado anterior deberá efecturase polo contribuínte no prazo de quince días dende que se produza a notificación do inicio de actuacións inspectoras de carácter parcial.
4. A comprobación de carácter xeral deberá iniciarse no prazo de seis meses dende a solicitude, salvo que concorran circunstancias debidamente xustificadas que o impidan, debendo notificarse en dito prazo a resolución pola que se acorda iniciar a comprobación de carácter xeral demandada.

Artigo 113. Prazo das actuacións inspectoras

As actuacións do procedemento de inspección deberán concluír no prazo de:

a) 18 meses, con carácter xeral.

b) 27 meses, cando concorra algunha das seguintes circunstancias en calquera das obrigas tributarias ou períodos obxecto de comprobación:

1.º Que a Cifra Anual de Negocios do obrigado tributario sexa igual ou superior o requirido para auditar a súas contas.

2.º Que o obrigado tributario estea integrado nun grupo sometido ao réxime de consolidación fiscal ou ao réxime especial de grupo de entidades que estea sendo obxecto de comprobación inspectora.

Cando se realicen actuacións inspectoras con diversas persoas ou entidades vinculadas de acordo co establecido no artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades, a concorrencia das circunstancias previstas nesta letra en calquera deles determinará a aplicación deste prazo aos procedementos de inspección seguidos con todos eles.

O prazo de duración do procedemento ao que se refire este apartado poderá estenderse nos termos sinalados nos apartados 4 e 5 do artigo 150 da Lei 58/2003.



Artigo 114. Terminación das actuacións inspectoras

Artigo 114.1. Contido das actas.

As actas que documenten o resultado das actuacións inspectoras deberán conter, polo menos, as seguintes mencións:

- O lugar e data da súa formalización.
- O nome e apelidos ou razón social completa, o número de identificación fiscal e o domicilio fiscal do obrigado tributario, así como o nome, apelidos e número de identificación fiscal da persoa coa que se entenden as actuacións e o carácter ou representación con que intervéñen nestas.
- Os elementos esenciais do feito imponible ou presuposto de feito da obriga tributaria e da súa atribución ao obrigado tributario, así como os fundamentos de dereito en que se basee a regularización.
- No seu caso, a regularización da situación tributaria do obrigado e a proposta de liquidación que proceda.
- A conformidade ou desconformidade do obrigado tributario coa regularización e coa proposta de liquidación.
- Os trámites do procedemento posteriores á acta e, cando esta sexa con acordo ou de conformidade, os recursos que procedan contra o acto de liquidación derivado da acta, órgano ante o que houbesen de presentarse e prazo para interpoñelos.
- A existencia ou inexistencia, en opinión do actuario, de indicios da comisión de infraccións tributarias.
- As demais que se establezan regulamentariamente.

Artigo 114.2. Clases de actas segundo a súa tramitación.

1. Para os efectos da súa tramitación, as actas de inspección poden ser con acordo, de conformidade ou de desconformidade.
2. Cando o obrigado tributario ou o seu representante se negue a recibir ou subscribir a acta, esta tramitarase como de desconformidade.

Artigo 114.3. Actas con acordo.



1. Cando para a elaboración da proposta de regularización deba concretarse a aplicación de conceptos xurídicos indeterminados, cando resulte necesaria a apreciación dos feitos determinantes para a correcta aplicación da norma ao caso concreto, ou cando sexa preciso realizar estimacións, valoracións ou medicións de datos, elementos ou características relevantes para a obriga tributaria que non poidan cuantificarse de forma certa, o Concello, con carácter previo á liquidación da débeda tributaria, poderá concretar a devandita aplicación, a apreciación daqueles feitos ou a estimación, valoración ou medición mediante un acordo co obrigado tributario nos termos previstos neste artigo.

2. Ademais do disposto no artigo 153 da Lei xeral tributaria, a acta con acordo incluírá necesariamente o seguinte contido:

- O fundamento da aplicación, estimación, valoración ou medición realizada.

- Os elementos de feito, fundamentos xurídicos e cuantificación da proposta de regularización.

- Os elementos de feito, fundamentos xurídicos e cuantificación da proposta de sanción que no seu caso proceda, á que será de aplicación a redución prevista no apartado 1 do artigo 188 da Lei, así como a renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador.

- Manifestación expresa da conformidade do obrigado tributario coa totalidade do contido a que se refiren os parágrafos anteriores.

3. Para a subscrición da acta con acordo será necesaria a concorrencia dos seguintes requisitos:

- Autorización do órgano competente para liquidar, que poderá ser previa ou simultánea á subscrición da acta con acordo.

- A constitución dun depósito, aval de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, de contía abondo para garantir o cobramento das cantidades que poidan derivarse da acta.

4. O acordo perfeccionarase mediante a subscrición da acta polo obrigado tributario ou o seu representante e a inspección dos tributos.

5. Entenderase producida e notificada a liquidación e, no seu caso, imposta e notificada a sanción, nos termos das propostas formuladas, se transcorridos dez días, contados dende o seguinte á data da acta, non se tivese notificado ao interesado acordo do órgano competente para liquidar rectificando os erros materiais que puidese conter a acta con acordo.

Confirmadas as propostas, o depósito realizado aplicarase ao pagamento das devanditas



cantidades. Se se tivese presentado aval ou certificado de seguro de caución, o ingreso deberá realizarse no prazo ao que se refire o apartado 2 do artigo 62 da Lei, ou no prazo ou prazos fixados no acordo de aprazamento ou fraccionamento que a Administración tributaria tivese concedido coas devanditas garantías e que o obrigado ao pagamento tería solicitado con anterioridade á finalización do prazo do apartado 2 do artigo 62 da Lei.

6. O contido da acta con acordo entenderase integramente aceptado polo obrigado e pola Administración tributaria. A liquidación e a sanción derivadas do acordo só poderán ser obxecto de impugnación ou revisión en vía administrativa polo procedemento de declaración de nulidade de pleno dereito previsto no artigo 217 desta Lei, e sen prexuízo do recurso que poida proceder en vía contencioso-administrativa pola existencia de vicios no consentimento.

7. A falta de subscrición dunha acta con acordo nun procedemento inspector non poderá ser motivo de recurso ou reclamación contra as liquidacións derivadas de actas de conformidade ou desconformidade.

SUBSECCIÓN II. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 115. Ámbito de aplicación do procedemento sancionador

1. Na imposición das sancións tributarias a que se refiren os artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria seguiranse as normas de procedemento e aplicaranse os criterios de graduación previstos nos artigos seguintes desta Ordenanza.
2. Para outros supostos de infraccións non previstas expresamente nesta Ordenanza aplicaranse as sancións no seu grado mínimo.
3. Non se impondrán sancións por infracción grave a quen regularice a súa situación tributaria antes de que se lle notificara, dende os órganos de xestión ou inspección tributaria municipais, a iniciación de actuacións tendentes á determinación das débedas obxecto de regularización, sen prexuízo da liquidación das recargas e xuros de mora que correspondan.
4. Corresponde á Administración probar de que concurren as circunstancias que determinan a culpabilidade tributaria do/a infractor/a na comisión de infraccións tributarias.

Artigo 116. Extinción das sancións

1. As sancións tributarias non se transmitirán aos/ás herdeiros/as ou legatarios/as á morte dos suxectos infractores.



2. O cobro das sancións liquidadas e notificadas con anterioridade á morte do suxeito infractor suspenderase e a débeda correspondinte ás mesmas declararase extinguida cando se teña constancia do falecemento.

Artigo 117. Procedemento separado

A imposición de sancións tributarias, por infraccións simples ou graves, requerirá expediente diferente e independente do instruído para regularizar a situación fiscal do obrigado tributario, no que se dará en todo caso audiencia ao/á interesado/a.

Artigo 118. Desenvolvemento do procedemento sancionador xeral

Constará das seguintes fases:

(a) INICIACIÓN (regulado no artigo 209 LXT).

O/A Xefe/a do Servizo correspondente acordará iniciar o procedemento.

A iniciación do procedemento sancionador comunicarase aos/ás interesado/as indicando:

- Identificación da persoa ou entidade presuntamente responsable.
- Feitos que motivasen a incoación do procedemento, a súa posible calificación e as sancións que poideran corresponder, incluíndo a coantificación destas.
- Órgano competente para a resolución do expediente.
- Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e do momento e prazos para o seu exercicio.

Incorporaranse formalmente ao expediente sancionador, antes do trámite de audiencia, os datos, probas ou circunstancias obtidos nas actuacións de comprobación e investigación que vaian ser tidos en conta naquel.

Os/As interesado/as poderán formular alegacións e aportar os documentos e probas que estimen pertinentes, en calquera momento anterior ao tramite de audiencia.

(b) INSTRUCIÓN (regulado no artigo 210 LXT).

Realizaranse de oficio cantas actuacións resulten necesarias para determinar no seu caso, a existencia de responsabilidades susceptibles de sanción.

Concluídas as actuacións, e á vista das alegacións presentadas, formularase proposta de resolución na que se fixarán de forma motivada os feitos e a súa calificación xurídica, a infracción que constitúan, a persoa ou entidade responsable e a sanción que se propoan, con indicación dos criterios de graduación da mesma.



(c) AUDIENCIA AOS/ÁS INTERESADO/AS (regulado no artigo 210.5 LXT)

Notificarase aos/ interesado/as a proposta de resolución, indicándolles a posta de manifesto do expediente e concedéndolles un prazo de quince días para que aleguen e presenten os documentos, xustificantes e probas que consideren oportunas.

Se non se formularan alegacións, elevarase a proposta de resolución ao Alcalde, como órgano competente para resolver. Se se formularan alegacións, o instructor adxuntará á proposta de resolución os documentos que obren no expediente.

(d) RESOLUCIÓN (regulado no artigo 211 LXT)

O alcalde, como órgano competente para impoñer a sanción, ditará resolución motivada á vista da proposta formulada polo/ instructor/a e dos documentos, probas e alegacións que obren no expediente.

Esta resolución notificarase aos/ás interesado/as coa expresión dos medios de impugnación que poidan ser exercidos (artigo 212 da LXT), así como do lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeito o importe da sanción imposta.

A sanción poderá ser obxecto de recurso ou reclamación independente, se ben, no suposto de que o/a contribuínte impugne tamén a cota tributaria, acumularanse os recursos ou reclamacións.

Artigo 119. Prazo para resolver

O prazo máximo para resolver o procedemento será de seis meses, a contar dende a data de notificación ao/á contribuínte da iniciación do expediente sancionador. Entenderase que o procedemento conclúe na data en que se notifique o acto administrativo de resolución deste. A efectos de entender cumprida a obriga de notificar e computar o prazo de resolución serán aplicables as regras contidas no apartado 2 do artigo 104 desta Lei.

Este prazo considerarase interrompido polas dilacións na tramitación imputables aos/ás interesado/as. Transcorrido este prazo sen que a resolución fose dictada, entenderase caducado o procedemento e procederase ao arquivo das actuacións, de oficio ou a instancia do/a interesado/a, sen prexuízo da posibilidade de iniciar de novo o procedemento, en tanto non prescribira a acción da Facenda para impoñer a correspondinte sanción.

Artigo 120. Concepto

1. A actuación dos contribuíntes presúmese realizada de boa fe.
2. Corresponde á Administración Municipal a proba de que concorren as circunstancias que determinan a culpabilidade do infractor na comisión de infraccións tributarias.



3. Son infraccións tributarias as accións e omisións tipificadas e sancionadas nas leis. As infraccións tributarias son sancionables ata a título de simple negligencia.
4. Serán suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas e demais entidades a que se refire o artigo 35.4 e 5 da LXT que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nas leis e, en particular, as que se establecen no artigo 181 da Lei xeral tributaria.
5. Nos supostos previstos no artigo 182 da Lei Xeral Tributaria, as accións e omisións tipificadas nas leis non darán lugar a responsabilidade por infracción tributaria, aínda que se exixirá o xuro de demora, ademais das cotas, importes e recargas correspondentes ao regularizar a situación tributaria dos suxeitos pasivos ou dos restantes obrigados.
6. Nos supostos en que as infraccións puidesen ser constitutivas dos delitos contra a Facenda Pública tipificados no Código Penal, a Administración Municipal pasará o tanto de culpa á Xurisdición Penal e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres non sexa ditada sentenza firme, teña lugar o sobresemento ou arquivo das actuacións ou se produza a devolución do expediente. A sanción establecida en sentenza excluírá a imposición de sanción administrativa. De apreciarse a inexistencia de delito, a Administración Municipal continuará o expediente sancionador con base aos feitos considerados como probados.

Artigo 121. Clases de infraccións

As infraccións tributarias poderán ser:

- a) Infraccións simples.
- b) Infraccións graves e moi graves.

Artigo 122. Infraccións simples

1. Constitúe infracción simple o incumprimento de obrigas ou deberes tributarios exixidos a calquera persoa, sexa ou non suxeito pasivo, por razón da xestión dos tributos, cando non constitúan infracción grave e non operen como elemento de gradación da sanción.
2. Os casos tipificados na normativa aplicable como infracción simple por non atender, en calquera dos seus extremos os requirimentos efectuados polo Concello, serán sancionados por cada un dos feitos ou omisións coas seguintes contías, sen prexuízo de que, por aplicación do establecido na artigo 191 e seguintes da Lei xeral tributaria e dos criterios de gradación previstos no artigo 126 desta Ordenanza Xeral e demais normas concordantes, poidan proceder as sancións de importe superior:
 - a) Polo primeiro requirimento non atendido: 150,25 euros.
 - b) Polo segundo requirimento non atendido: 300,51 euros.
 - c) Por cada un dos requirimentos non atendidos a partir do terceiro: 450,76 euros.



Artigo 123. Infraccións graves e moi graves

Constitúen infraccións graves as seguintes condutas:

- a) Non ingresar, dentro dos prazos regulamentariamente establecidos, a totalidade ou parte da débeda tributaria, salvo que se regularice con arranxo ao disposto nos artigos 96 e ss. desta Ordenanza Xeral ou proceda a aplicación dos artigos 163 e seguintes da Lei xeral tributaria.
- b) Non presentar, presentar fóra de prazo ou de forma incompleta ou incorrecta as declaracións ou documentos necesarios para que a Administración Municipal poida practicar a liquidación dos tributos.
- c) Gozar ou obter indebidamente beneficios fiscais, exencións, desgravacións ou devolucións.
- d) Determinar ou acreditar improcedentemente partidas positivas ou negativas ou créditos de imposto, a deducir ou compensar na base ou na cota de declaracións futuras, propias ou de terceiros.
- e) Determinar as entidades sometidas ao réxime de transparencia fiscal, bases impositibles ou declarar cantidades a imputar aos socios que non se correspondan coa realidade.

Artigo 124. Sancións

As infraccións tributarias sancionaranse de acordo co disposto no artigo 185 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Artigo 125. Acordo de imposición

As sancións tributarias pecuniarias serán acordadas e impostas pola Alcaldía.

Artigo 126. Graduación das sancións

1. As sancións tributarias se graduarán atendendo en cada caso concreto a:

- a) A comisión repetida de infraccións tributarias. Cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave, a porcentaxe da sanción mínima incrementarase entre 10 e 50 puntos.
- b) A resistencia, negativa ou obstrución á acción investigadora da Administración Municipal. Cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave, a porcentaxe da sanción incrementarase entre 10 e 50 puntos.
- c) A utilización de medios fraudulentos na comisión da infracción ou a comisión desta por medio de persoa interposta. A estes efectos, consideraranse principalmente medios fraudulentos a existencia de anomalías substanciais na contabilidade e o emprego de facturas, xustificante ou outros documentos falsos ou falseados. Cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave, a porcentaxe da sanción incrementarase entre 20 e 75 puntos.



d) A ocultación á Administración Municipal, mediante a falta de prestación de declaracións ou a presentación de declaracións incompletas ou inexactas, dos datos necesarios para a determinación da débeda tributaria, derivándose diso unha diminución desta. Cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave, a porcentaxe da sanción incrementarase entre 10 e 25 puntos.

e) A falta de cumprimento espontáneo ou o atraso no cumprimento das obrigas ou deberes formais ou de colaboración.

f) A transcendencia para a eficacia da xestión tributaria dos datos, informes ou antecedentes non facilitados e, en xeral, do incumprimento das obrigas formais, das de índole contable ou rexistral e de colaboración ou información á Administración Municipal.

2. Os criterios de gradación son aplicables simultaneamente. Os criterios establecidos nas epígrafes e) e f) utilizaranse exclusivamente para a gradación das sancións por infraccións simples. O criterio establecido na epígrafe d) aplicarase exclusivamente para a gradación das sancións por infraccións graves.

3. A contía das sancións por infraccións tributarias graves reducirase nun 30 por 100 cando o suxeito infractor ou, no seu caso, o responsable, manifesten a súa conformidade coa proposta de regularización que se lles formule.

Artigo 127. Multas pecunarias

1. As infraccións tributarias graves serán sancionadas con multas pecunarias proporcionais do 50 ao 150 por 100 das contías a que se refire o artigo 122 desta Ordenanza Xeral, en relación co disposto no artigo 186 da Lei Xeral Tributaria, salvo o disposto no artigo 187 de devandita Lei e sen prexuízo da redución fixada no artigo 188 desta.

2. Así mesmo serán exixibles xuros de demora polo tempo transcorrido entre a finalización do prazo voluntario de pagamento e o día que se practique a liquidación que regularice a situación tributaria.

Artigo 128. Extinción e condonación

1. A responsabilidade derivada das infraccións extínguese polo pagamento ou cumprimento da sanción, por prescrición ou por condonación.

2. As sancións tributarias firmes só poderán ser condonadas en forma graciable, o que se concederá discrecionalmente pola Alcaldía. Será necesaria a previa solicitude dos suxeitos infractores ou responsables e que renuncien expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación correspondente ao acto administrativo. En ningún caso será efectiva ata a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3. Ao falecemento dos suxeitos infractores as obrigas pendentes transmitiranse aos herdeiros ou legatarios, sen prexuízo do que establece a lexislación civil para a adquisición da herdanza. En ningún caso serán transmisibles as sancións.



4. No caso de Sociedades ou Entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital que responderán doas solidariamente e ata o Límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicou.

No non previsto nesta Sección aterase ao previsto na lexislación vixente.

DISPOSICIÓN FINAL

1. Autorízase ao alcalde-presidente para ditar cantas instrucións sexan necesarias para a aplicación da presente Ordenanza.

2. Esta Ordenanza empezará a rexir o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente mentras non se acorde a súa derogación ou modificación.

- Aprobación provisional:

-- sesión do Pleno: 29/09/2016

-- publicación:

**** BOP nº. 230 do 05/10/2016***

**** Diario "La Región" do 01/10/2016***

- Aprobación definitiva:

-- modificación dos artigos 5.1, 6.1, 8.3, 9, 10; engádese o artigo 10.bis; incluído dun parágrafo na Sección III; modificación dos artigos 13.10, 13.11 (C e F), 14.F, 18, 24.5.1, 28.2 e 3, 29.8, 32 a 35, 54.1 e 2, 55 a 59, 61, 77.4, 96; engádese o artigo 96.bis; modifícanse os artigos 97.4, 99; engáñdense os artigos 99 bis eter; modifícanse os artigos 100, 101.4 (C e D), 102.4, 103.2, 104.2, 111.1, 113; engádese un último parágrafo a última Sección; e modifícase a Disposición final.

-- sesión do Pleno: 01/12/2016

-- publicación:

**** BOP nº. 283 do 12/12/2016***

**** Diario "La Región" do 12/12/2016***

-- entrada en vigor: 01/01/2017



**CONCELLO
DO CARBALLIÑO
(OURENSE)**

PRAZA MAIOR, 1
tel: 988530007 - Fax 988530008
32500 O Carballiño (Ourense)